

nº 61
Agosto 2017



xermolos

ASOCIACIÓN CULTURAL DE GUITIRIZ



Feira e festa

da

música e da

arte

O CREADOR DO CARTAZ

RAMI...PATAPUM!

RAMIRO RODRÍGUEZ DOMINGO

As e os que o coñecemos sabíamos que ninguén mellor que Rami para transmitirnos a enerxía de Pardiñas coas formas, as cores e a palabra... É un artista total porque todo o que toca e fala está ateigado dunha emoción que só un creador tan autentico pode comunicar, coma podemos ler nestas palabras súas:

“Que me propuxeran facer o cartel de Pardiñas, foi para min algo realmente especial... Teño que recoñecer que ata me puxen un pouco nervioso pensando se sería quen de reflexar o que para min, para nos é Pardiñas...e que vos gustara!

Eu levo dende o ano 2.000 disfrutando cada agosto desa sensación de ter ganas de que chegue..., e que pronto pasou!! Estes días ao buscar algunha foto dinme conta de que moita da familia da vida que me segue acompañando a coñecín en Pardiñas... e que este festival se converteu sen decilo nun lugar onde por moi desperdigados que andemos sempre nos reencontramos, e de verdade que é un alegrón...

Levo tantos anos coma eses pintando sobre moitos materiais, ultimamente sobre tea. Pinto con pincel e decoro as prendas que eu mesmo deseño, con outras teas e materiais para buscar diferentes testuras, volumen, feitura...

E como o meu é pintar...é un pracer ter pintado o cartel de Pardiñas deste ano onde tentei resumir o que para min xira en torno ao festival dos sons e a xente.

Moito ánimo aos que estades aí detrás poñendo moita, moita enerxía, xa que o difícil non é comezar un proxecto senon que perdure no tempo”...

Un saúdo.....Rami...Patapum!

facebook @patapumtatacom



PREGÓN DE PARDIÑAS 2016 por Mini e Mero

“Vós, ben o vedes” por Mero Iglesias

Pouco rolo se precisa para poñer en valor **O FESTIVAL DE PARDIÑAS** que hoxe celebramos no seu día máis grande, chega con saber dos seus protagonistas e dos seus históricos alentadores, esa xeografía humana que xa por sempre estará aquí confabulándose con nós e coa mesma paisaxe: Anisia Miranda e Neira Vilas, Antía Cal, Avelino Pousa Antelo, O Paco Martín, O Xabier P. Docampo, Marica Campo, Agustín Fernández Paz –tristemente lembrado e botado hoxe en falta, que hai pouco habita a dimensión das nostalxias e por nós sempre será evocado sobre todo por afirmar que o máis importante e o que prevalecerá por riba de todo é o amor-, Bernardino Graña, Xosé Estévez, Darío Xohán Cabana, Os filipes Senén e Arias, O Vázquez Pintor, Xosé Lois... e tantas e tantos outros, pero tamén aqueles que nunca constan e que botan unha man á realización de todo este festexo da Cultura, refírome aos que traballan na sombra (Lino, M^a José, Pedro, Suso, Mónica, Martiño, Pili, os da Asoc. de Gaiteiros e moitos máis que farían unha longa lista non exenta de esquecementos). E como non, tamén os chairegos máis célebres que patearon estas mesmas carballeiras e camposas, aí están Xosé María Díaz Castro, natural destes eidos e O Manuel María de Outeiro de Rei, cantores da Cha inmensa que a todos nós aínda nos habita, medidores das esencias dunha Matria que estremece, ben sabedes, en ferrados de corazón e fanegas de alma, segundo Manuel María ou –como diría Díaz Castro– “Nun mar de terra verde onde, por veces, se anegan as mañás.



Esta é a Terra Cha, onde outean eles dous coma dous tordos invisibles que están chía que chía, relatando soños en poemas e alentando as emocións máis necesarias. “

Cantando sería así:

...Vaise arrastrando a aurora sobor da Terra Cha, sobor da Terra Cha vaise arrastrando a aurora. Nun mar de terra verde anégase a mañá. Dous tordos invisibles están chía que chía, unha manta de néboa quere afogar o día. E van caendo espidas, unha que outra mazá. Nun mar de terra verde anégase a mañá. E céibanse a voar tras dunha noite fría, cheos de orballo os versos do gran Manuel María, ...e céibanse a voar, tras dunha noite fría”.

Neste percorrido pola xeografía humana, non podemos esquecer ao motor desta iniciativa, ao dinamizador máximo e principal deste evento. Estou a falar de Alfonso Blanco Torrado, quen todos os anos dá a vida por aplicarlle o seu don de xenerosidade e sabedoría, á Cultura en letras grandes materializando este Festival que ben podería –como outros- quedarse tan só en ser un expositor de protagonismos –que con maior ou menor sorte artística e musical- chegados de aquí ou doutras paisaxes lonxincuas, fabrican os mitos de laboratorio e elevado custo, para facer un espectáculo máis. Non, Alfonso, quixo que aquí en Pardiñas “todos fósemos protagonistas” da vida e do festexo, da ledicia, da honra e orgullo. E faino con xente da nosa, fundamentalmente, abrindo porvir para as lembranzas, desde actos irrepitibles que non acompañarán sempre, na emoción de sentirnos nós, matando as soidades non desexadas coa man amiga, no encontro feliz das artes todas, e da confluencia en Irmandade. E nós con el, celebrándonos e gardando memoria de tantas e tantos, nenas, mozos e maiores que aquí se senten arroupados pola cósmica paisaxe da Nosa Terra irrepitible. Así o contaba Manuel María nos seus versos:



Cantar a Canción de “Verbas a un irmao”

“Escoita irmao as miñas verbas, son sinxelas e impuras, como as verbas feridas, co coitelo dos beizos, cada día.

Escoita irmao as miñas verbas, vouche dicir tan só que teño a miña man tendida aberta, núa e viva como o mar.

Que teño irmao maduro o corazón, pra gardar nel as verbas túas. Que a vida é moi fermosa aínda que hai homes que teñen os beizos emporcados, con verbas de falsía.

Non temas, aínda o paxaro ten cancións e as estrelas se acenden cada noite”

Por iso debemos e deberemos ser conscientes da nosa sorte, reconfortarnos na ledicia de ser como somos, e mellorar na ansia de sabernos satisfeitos, do orgullo desta Lingua que nos dignifica, que nos embarga e posibilita únicos e singulares, protagonistas desta Terra, destas festas que nos convocan todos os anos. E nesta consciencia colectiva que nos xungue, todos xuntos deberemos tirar do “Carro”, para non caer en ningún esquecemento ou na preguiza, permanecendo firmes nos dereitos que nos corresponden. Farémolo cantando ou berrando, esixindo sen violencias, coa razón e a verdade por bandeira, aloumiñando as verbas con aquel canto do Manuel María, no libro poemario “Terra Cha”:

Canción de “O Carro”:

“Non canta na Cha ninguén, por iso meu carro canta..., canta o seu eixo tan ben, que a señoardade me espanta!” ...

Ten que ser un carro no que todos vaiamos, decididos de preservar este tesouro que temos, esta posesión humilde pero grandiosa dos nosos pobos, da nosa xente, da nosa fala, da nosa Cultura, da paisaxe e dos recursos naturais de extraordinaria beleza que os asisten, que nos acollen e nos conforman como somos. Sen esquecer que non debemos deixarnos levar na deixadez. Pola contra, debemos estar vivos e moi activos, xuntos nesa loita común pola Dignidade, nese “Berro Seco” que espante os demos ou os faga fuxir. Deberemos facernos respectar e acadar así a propiedade de nós, do noso. Non debemos prevalecer quedos e, moito menos, diante do abuso e da inxustiza. É tempo de non dar nin un paso atrás, nin un!

Canción de “Penélope”:

*Un paso adiante e outro atrás, Galiza, e a tea dos teus sonhos non se move,
A esperanza nos teus ollos se espreguiza: aran os bois e chove!*

*Un bruar de navíos moi lonxanos, che estrolla o sono mol como unha uva
Pro ti envólveste en sabas de mil anos e en sonos, volves a escoitar a chuva....*

*Traguerán os camiños algún día a xente que levaron, Deus é o mesmo
Suco vai, suco vén, Xesús María, e toda cousa ha de pagar seu desmo.*

*Desorballando os prados coma soño, o tempo vai de Parga a Pastoriza
Vaise enterrando, suco a suco, o outono. Un paso adiante e outro atrás, Galiza”.*

Nesta irmandade que nos convoca de novo en Pardiñas, seguiremos a falar da Paz no medio de tanta guerra e abuso, da Luz en medio de tanta sombra e escuridade, aínda sabendo que moitos aproveitarán para castigar ao marxinado e ao caído. Aínda así, recuperaremos o sorriso gratificado, ese mesmo que nace na loita e no esforzo de cada día, aínda na dor e na tristura aceda, sen rendernos ao feliz destino que agarda, cabalgando esperanzas e satisfeitos desta pertenza, desta irmandade que nos conxenia e conxuga donos de nós, recreándonos no consciente pracer de sabernos fillos desta Lingua, desta Arte, desta Música, desta Patria. Felices de ser quen somos! Cantemos, bailemos, desfrutemos de nós e do Noso, soñemos... esta Matria, por fin liberada e que un día será certa en propiedade! Así para rematar, celebremos cantando e bailando xuntos “A RUMBOIA”. Axudade co: “*Federico Antón, Federico Antón, marcha mañana. Federico Antón, Federico Antón para La Habana*”...

GRAZAS POLA ESCOITA, POLA RESISTENCIA E POLA LOITA.

Baldomero Iglesias (Mero)

INTERVENCIÓN DE MINI RIVAS:

Terras de Guitiriz Witericus, de **Wite** nome propio de orixe sueva e **ricus** xermánico rico, noble, poderoso.

(Mariz, Buriz, Romariz, Anxeriz, Recemil,...) todos eles topónimos da zona que marcan un importante poboamento suevo. Gallaecia, século V, primeiro reino europeo que se consolida aínda co Imperio romano e que se estende por media Península. Que practicamente non coñece a invasión árabe por ser zona aliada de influencia vitizana.

O rei Miro de Lugo que ocupa un destacado lugar nas iras en forma de libros de consellos do moralista Martiño de Dume, azoute do priscilianismo.

O castelo de Aranga posiblemente desta época e que foi necesariamente destruído e que pasa logo de mau en mau como herdade, coa prohibición de non ser reconstruído por ter sido cova de ladróns (que hoxe serían dos de guante branco que tanto abundan) e niño de sarillos pra aqueles reis que pouco mandaban.

Ano 952, os condes de Presuras, d. Hermenexildo e dna. Paterna, nun arrouto de piedade e poderío fundan o mosteiro de Sobrado que será irradiador de progreso cisterciense nun efímero esplendor que remata pouco despois en abuso e explotación dos campesiños...

Os Traba, casa forte da nobreza galega, berce dos Trastamara, máis acó do Tambre, aios de reis e emperadores primeiro e máis tarde dinastía real.

Anaquiños dunha historia dos galegos de aquí, que nunca nos foi contada. Tal vez nunca existiu e as crónicas falan dunha quimera. En todo caso novas todas elas atrás e adiante destes tempos citados que nos falan da existencia dun pobo, NÓS, en constante pelexa cun territorio. Este territorio onde nos asentamos na noite dos tempos e que fomos modelando a golpe de sacho, arado e fouce e que tornamos amable a forza do sangue e suor vertidos.

Esta loita deu como froito o que hoxe somos: unha Matria; que tanto ri e canta coma laia e chora. Que loita por se recoñecer singularmente orixinal e camiña perigosamente en equilibrio no fío dun gume que pode levala ó suicidio.

Si, é aquí, en santuarios colectivos coma Pardiñas onde nos afirmamos unidos na adversidade, onde nos recoñecemos con sorrisos de alma e, onde nos abrazamos coma irmaus que somos. E nos efluvios da boa comida e do viño, lanzamos frechas envelenadas contra dos que nos

anulan e nos uniformizan. Contra dos que rin de nós e nos explotan. Contra dos que menten e nos negan. E aínda así, cantamos. Cantamos pra que nos escoiten e non lles colla de sorpresa. Porque algún día virá ese raiolo que buscamos e lamberemos as feridas seculares na calor comunal da irmandade. E seremos libres. Realmente libres cada un de nós e tamén o seremos colectivamente pra decidir o que nos conveña.

Así naceu esta canción, pra espallar ós catro ventos ese espírito comunal, esa afirmación do que somos e seremos, esa rotunda negación a morrer, esa necesidade colectiva de vivir como País, como xente que ve e nomea o mundo por medio desta fala, que nos identifica coma individuos de camiñar seguro e de fronte orgullosamente ergueita.

Aquí

Imos estando por aquí, levamos séculos aquí neste sen norte.

Con esta fala e este ser, con este eterno escurecer, con esta noite.

Vimos do fondo, de vagar, sen intención de renunciar, ás madrugadas.

E seguiremos por aquí, eternamente por aquí, coas vosas mentes aluadas.

Pois procuramos unha luz, a nosa historia é esa luz que non se apaga.

A luz de ser chegando a ser, un camiñar de pobo e fé, en alborada.

E arredaremos dunha vez o voso noxo, o voso fel, que nos desnortan.

O voso odio cara nós, odio tamén de vós pra vós, guerra de idiotas.

A Matria clama corazón, en liberdade e na razón do sufrimento.

Vós reclamades pervivir no privilexio de esixir sometemento.

Nada vos queda por facer, a vosa teima fai crecer a nosa loita.

Sempre volvemos renacer, sempre xurdimos outra vez tras mil derrotas.

E aquí estaremos ó final, en pé de Matria comunal coa luz á porta.

Con esa luz que nos negou tanta mentira que borrou a nosa historia.

Imos estando por aquí...

Os Milagres de Saavedra, San Benito de Valdomar, a Santa Sabel de Outeiro e o San Alberte de Parga. Lugares de obrigado peregrinar anual pra recoñece-las caras das xentes, pra ve-la familia de lonxe: xuntar o clan. Era aí onde na aparente fartura de merenda e vestido confraternizabamos los habitantes do País pequeno, a Chaira. Só o loito por un moi achegado impedía asistir á cita.





Aínda levo dentro o medo que me daba o demo do S. Alberte producido por aquela lenda que me contaban na casa do home descrido que cun ...e estás aí... daba co caxato nese demo de dentes regañados e ...quedaba pegado. E pra volver todo ó seu, o crego co libro dos esconxuros, o rezo... E o medo subía en forma de arrepío prolongado polo meu espiñazo.

Cestas de comida, foguetes, calor, ollos brillantes polo viño, conversas vanas e chufonas, pobres pedindo e a cega de Miranda cantando de merenda en merenda, desvendando secretos a voces non compartidos antes, e agora en copla, fonte de comentarios. Entidade de pobo que agochaba as feridas de cada quen nunha euforia colectiva. Medida e referente pró resto do ano, pró inverno, pra comentar de cada persoa o visto e oído no santuario. Pra facer memoria de cada un dos clans importantes da matria pequena. Catarse necesaria prá pervivencia colectiva.

Por certo, entre aqueles tempos... Correndo o vrau de hai oitenta anos. Estas terras son testemuña atroz da desfeita dos lobos que deixan os restos das súas sanguíñentas correrías á beira das estradas e camiños. Caen ducias de bos e xenerosos. Nas casas, silencio. Nas palabras, silencio. Nas olladas silencio. Nos arrepíos un verde, pardo e azul manto de silencio cobre a Chaira e a Matria. E o silencio dura e aínda atenaza os corazóns: Aranga, Carres, Portobello, os da Lejía... Tantos... e tan bos...!!!

Os tempos de hoxe non son nin a sombra daqueles tempos. Aquilo esmoreceu. Só quedan as ruínas porque a entidade mudou. Daquel pobo labrego so queda a lembranza que gardamos os vellos. Os anos e a modernidade fixeron de nós outra cousa.

Quedamos sen xente nas aldeas e coa referencia colectiva mancada. Tampouco hai consciencia de clan en cada un de nós. Queda pouca vivencia territorial. Pero está PARDIÑAS.

Ano a ano e van repasamo-las caras de todos nós unha a unha e botamos en falta ós que non están, ós que nos deixaron pra sempre, ós que non puideron vir, ós que veñen por vez primeira e tapan os lugares dos que faltan. E cada vez somos máis porque quen vén un ano como non haxa novidade...volve.

Porque Pardiñas é ese novo santuario a peregrinar porque nel hai harmonía, hai ambiente. Pero... sabedes cal é o verdadeiro secreto de Pardiñas?

En Pardiñas encontramos cada ano ese mundo perdido. O vello clan. A esencia deste pobo maltreito e confuso do galego.

En Pardiñas cheira a cultura, música, arte, fraternidade, barullo, fartura, viño. Arrecende ó que somos... só falta a cega de Miranda. Máis nada:

**Últimos de diciembre, nel día 23
salieron de Guitrice dos guardias recorrer.
Por no bajar al puente que se llama de Roca
llegaron al molino mojados coma sopas.**

**Dícenle al molinero si los podía pasar
y el molinero responde que no sabía remar.
Dice el cabo con voz alta que remar sabía el
montaron en la barca ambos y juntos tres.
En el medio del río la barca empezó a bailar
y uno de los guardias se empezó a despetrechar.
Dió la vuelta la barca, dos guardias y el barquero
y el sobrino del cura que era el molinero.
Lloraban las viudas y sus tres hijos más
la historia de tres guardias venimos a contar.**

Cantar de cego aprendido de meu pai José Rivas.

Cantar coñecido en toda a bisbarra.

Mini Rivas



FINA CASALDERREY, PREGOEIRA DO XXXVIII FESTIVAL DE PARDIÑAS

FINA CASALDERREY (en días que se contan e para que vexamos sen enganar)

Amigas e amigos pardiñosos, que indo por estes días de maiores acentos, xa metidos no esencial de Pardiñas, velaí como unha voz nosa presenza para pregoarnos aconteceres, feitos e festa da palabra na lingua nosa (que non é outra ca galega). Velaí un nome propio (aínda que ela non quere, direi tamén que illustre). Fina Casalderrey. Muller, nai, escritora, compañeira, mestra (co implícito de educadora responsable), amiga sempre disposta, agora na Chaira e así benvida. Fina Casalderrey muller implicada na vida e constante (teimosa) na loita por sermos mellores. Sementadora de referencias (e valores) que afirman cada día un pouco máis a nosa dignidade. Ela sabe (e así traballa) das nosas (e súas) carencias, mesmo bracejando na supervivencia do NÓS colectivo e plural e por iso aporta ben remedios, apaña ben axudas, ao comunal deste pobo do galego que é Galiza. Desta forma na lingua de nós, a galega, elabora á man e ás mans cheas, marabillas literarias postas sobre todo en libros e que se dispoñen xenerosamente para lelos. Desde eles en soporte de riqueza creativa feita literatua o convite á súa lectura vai implícito na edición dos mesmos. Digamos pois que Fina Casalderrey elabora, traballa, as belezas para que se fagan lectura. Lectura viva, activa, creativa. Ela non se anda con voltas. O que é, éo. E así desa forma clarifica afectos que xorden do sermos, do vivirmos, e así ela constrúe desde o amor ás palabras. Palabras como acontecementos de comunidade postas, colocadas, primorosamente na lectora e no lector. Así expresa Fina (literariamente afectiva) no medio de tanto querer virvir. Digamos pois tamén que a obra desta escritora destila esencialmente finísimos arrecendos sedutores para agrados lectores desde a súa literatura cargada de forza para provocar lectura.





*Comenta no seu blog Manuel Bragado Rodríguez, o 25 de outubro de 2009, sobre a fotografía:
 “Esta foto tirada onte en Vilalba constitúe un orgullo para a nosa Literatura Infantil e Xuvenil contemporánea:
 os catro premios nacionais Agustín Fernández Paz, Xabier DoCampo, Fina Casalderrey e Paco Martín.”*

Fina Casalderrey traballa e busca, fai e constrúe inspiración, si, “in situ”, na casa (digo Pontevedra, Xeve, Galicia). Faino sen florituras de modas absurdas, que como tales, modas, teñen que pasar pronto (ela quere permanecer). Non o fai “in vitro”. A súa literatura é froito de saber, de experiencias e vivencias, de propostas limpas e de desenvolvemento creativo. Digo así e así lle chamo literatura de autenticidade. Non hai outra, As florituras innecesarias, a busca de formas de pouca monta, por seren simplemente iso, formas, en Fina non van con ela e prefire os contidos que fagan corpo e pensamento lector, materia da que gozar na lectura, interiorización e recordo, que asenten e senten ben, diremos pois literatura. Pero tamén, e que ninguén se leve a engano, Fina nese andar emocional, obreira da literatura, sabe rebelarse e transmite, chama, á rebeldía. Faino sobre todo, e non unicamente, desde a lucidez da súa obra, pois como muller lévao interiorizado en primeiro e así transmíteo na escrita moitas veces á vez, na marabilla de creadora escritora, desde a identidade, pois as escuridades procura deixalas no cuarto dos trastos (pois algunha vez, claro, hai que botar man delas). Fina sobre todo, e quen a lea sábeo, gusta da luz. Da luz natural. Esa que moitas veces non é brillante, pois a luz dela de certo, esa que lle gusta, ten cores múltiples e multiplicadas, asemade por veces silencios sonoros producidos por anubados que lle saen ao encontro e aos que ela lle pon fronte coa enerxía da súa escrita. Fina Casalderrey ten dimensións literarias propias, creadoras, autenticidade. Todo elaborado polos seus anos adiante e nas experiencias vivenciais que nela conforman, van conformando, determinación de ser e así consolidando relacións e expectativas de conquistas nas súas lectoras e nos seus lectores. Iso superando sempre os calendarios e facéndose celebración festiva e lúdica. Aínda que na ficción, na súa obra, Fina non deixa de nos agasallar con algo de si mesma (de cómo é, vive, e pensa). E abofé que se agradece. Si señor, como dicía Don Anxel Fole. Si señor.

Desde a obra de teatro sobre “O carneiro ao espeto” (estando de profesora en Moraña), “Mutacións Xenéticas”, “ Dúas bágoas por máquina” (Premio Merlín), “O misterio dos fillos da Lúa” (Premio Barco de Vapor e Nacional de Literatura Infantoxuvenil) o maravilloso, “Estanque dos parrulos pobres” (Premio Edebé), “ Quen me quere adoptar” a “ Icíá quere cambiar o mundo”, pasando por vintecatro títulos máis, así como traballos feitos libros , xunto co seu home Mariano García, sobre gastronomía, festas e doces, con incursións no xornalismo e impartindo múltiples conferencias, Fina Casalderrey consolídase (e non sen ter que superar dificultades) como un referente necesario da nosa impresionante e valiosa Literatura Infantil e Xuvenil Galega. Ela polo tanto e xunto cos escritores galegos Agustín Fernández Paz, Paco Martín e Xavier P. Docampo, (ela e eles tres Premios Nacionais de Literatura Infantil e Xuvenil), conforman, xunto con outras escritoras e outros escritores, referencia e vangarda literaria de Galiza e asemade corpus que aporta materia e ánimos na construción e normalización da nosa Lingua e da nosa Cultura galegas.

A muller (Fina Casalderrey) de patria de nacemento en Pilarteiros de Xeve , Pontevedra, como dixemos, mantense na querencia, teimosía?, de non deixarse ir polas rutinas, nin polos logros de premios, antes ben cada día marca unha nova conquista e así se pon ao choio con todas as forzas e posibilidades. Mételle medo perderse por xalundes e así marca rumbo e norte nas súas tarefas. Séntese feliz camiñando sen repetirse, reencontrándose nos soños, con eles, e nas verdades, cando dándolles a benvinda ou cando nos adeuses. Estes, os adeuses, sempre o serán de ida e volta. Fina así sabe ben onde están as alegrías e non se cansa de atopar substancia e materia para novas palabras, fermosas frases, docísimos textos e novísimos libros.

Os soños pois no universo creativo e literario de Fina Casalderrey camiñan (e len todos rillotes) nun espazo inmedible de cores e de alegrías, entre risos, sorrisos e malas caras, enfurruñadas tamén e caprichosas por veces, nunhas tonalidades de dozura e suavidades. Nada se dissolve no desinterese. Nada se perde. Todo chama a atención. Permanece. O verde triunfa. Esa esperanza, Os dedos das súas mans non se cansan, nin dormen, e a “ cabesiña” non para. Todo vai cos tempos. Nesa contemporaneidade desexada. O vivir literario de Fina e o seu pensar aluman as súas palabras. Palabras envoltas en papeis de agasallo de sol e de estrelas, de días e de noites. Así ela (re)escribe o amor por elas. Sen distancias e sen conxugar nada en imperativo. Non hai présa. Todo ten o tempo que o tempo tempo ten. E así mal consegue non escribir.

David Otero (a pouco do setembro de Manuel María e pasando por Pardiñas, MMXVII)



OS GRUPOS DE MÚSICA

DAVIDE SALVADO PRESENTA O FESTIVAL DE PARDIÑAS

1.- Palabras de Davide Salvado na presentación do Festival de Pardiñas, na Cervecería Estrella de Galicia de Catro Camiños en A Coruña, o 26 de xuño:

“Para min o Festival de Pardiñas significa algo moi especial. Como dixen antes, é o único festival ao que decido ir como público aínda que me guste ou non a programación, que sempre me gusta... Vou por pasalo ben, hai un entorno increíble, hai unha enerxía moi especial e sendo un festival grande, aínda conserva esa sensación de aldea, onde todos nos coñecemos”.

2.- Ao día seguinte foi entrevistado, no Programa “Arde o Sol” 27/06/2017 ás 12:00. Min 53:00, da Radio Galega, sendo Susana Rois a entrevistadora.

- S.R.: Os concertos que marcas nestes meses de estío, déixanche tempo para gozar da música como afeccionado?

- D.S.: *Pois mira, como afeccionado eu desfruto moitísimo da música na miña casa, non tanto en festivais ou en concerto, porque cando teño tempo libre o menos que quero é ir a un concerto. A non ser que sexa un que me interese moitísimo. Non son unha persoa que vaia ós festivais a lecer, xa vou a eles a cantar. Aínda que, antes falaches do Festival de Pardiñas e ese si que é un festival ó que me gusta ir como público. Paréceme un sitio fantástico. Hai unha enerxía e un ambiente moi interesante para min.*

- S.R.: E tamén porque pouco a pouco foron enriquecendo as propostas de cara ó público, non só con música, que é o que lle dá sentido, senón tamén con obradoiros e actividades que dalgunha maneira aínda o fan medrar máis, e van enchendo de sentido o que se fai aquí pola música e pola tradición galega.

- D.S.: *Si, a verdade é que o Festival de Pardiñas xa leva moitísimos anos pero está medrando e está envellecendo con moito sabor, con moito senso. E cada ano é máis interesante. É moi de aquí, é unha proposta moi galega e fai falta un lugar onde se valore e se empodere o que é a cultura tradicional que tan mal vista está en moitos lugares da Galiza.*



DAVIDE SALVADO E BANDA

O xornalista e crítico musical de raíces na aldea de Pardiñas ten comentado no seu medio de comunicación habitual El País:

La transgresión rural.

El cantante mezcla tradición, jazz y desparpajo arcoíris en una de las propuestas más seductoras para la aletargada música de raíz”.

(Fernando Neira)



A VOZ DO POBO


As e os que seguimos a Davide Salvado atopamos nel a enerxía que o noso pobo necesita. É un líder que entusiasma pola súa loita a prol da igualdade e pola súa resistencia contra as inxustizas.

É un artista plural: performer, activista cultural, actor..., e coma creador participou en proxectos de importantes músicos, achegando a súa arte, labrada co seu carisma e selo persoal, orixinal e autodidacta, froito de anos de investigación no noso eido musical, mesmo recollendo pezas da nosa cultura tradicional: “o cantar da miña terra”, de pandereteiras, bailadoras, intérpretes da nosa literatura oral...

Dende o 2003 fai camiño no mundo da música, arrincando a súa andadura con Ugia Pedreira (Marful), a Banda das Crechas e o grupo Ecléctica Ensemble. Máis tarde foi cantante e percusionista na banda de Budiño con actuacións en Pardiñas e en moitos países, e acheganco a súa creación a traballos coma *Galiza* de Kepa Junkera ou *Sing me Home* de Yo-Yo Ma & Silk Road Ensemble, gañador do GRAMMY 2017 a Best World Music Album.

ARNICA PURA

No 2011, despois de dez anos nos escaerios, editou o seu primeiro traballo en solitario, *Árnica Pura*, producido por **Eliseo Parra**, que esgotou catro edicións. No que conta “que unha señora das montañas asturianas dixolle a Davide que a súa voz era árnica pura, nome que se lle dá a unha herba medicinal que é de remedio contra os golpes, escordaduras e algunhas afeccións respiratorias. Actualmente atopase en perigo de extinción debido á contaminación”. Ao creador suxeríolle este nome para a súa gravación.





Tras dous anos de xira, presentou *O Ladrón de Amorodos*, un espectáculo a trío xunto o acordeonista Santi Cribeiro (Berrogüetto) e o percusionista e gaiteiro Cristian Silva. Con este espectáculo, Davide foi escollido polo xurado internacional para a sección oficial de **WOMEX 2014**, a feira de world music máis importante do mundo. Na súa teima de dar a coñecer a nosa música, sen complexos, converteuse nun habitual en escaerios internacionais.

No 2015 presentou o disco **RÚSTICA**, un proxecto con Cristina Pato, Anxo Pintos e Roberto Comesaña.

Tamén no 2015 dá a coñecer **LOBOS** que é o crisol das súas emocións e pensamentos, os que conforman a súa ollada e as súas querencias sobre a vida, Galiza, as criaturas... Este disco é unha homenaxe ás e aos sabedores da nosa música que el vai escoitando e aprendendo nos camiños da vida.



Davide é un artista total porque canta e fala dende o corazón, pola súa autenticidade e nobreza.



LOBOS foi producido por Pedro Pascual (Talabarte, Marful), e colaboran músicos coma Xavi Lozano (Coetus), Quim Farinha (Berrogüetto), Miguel Hiroshi ou LAR Legido (Sumrra), Santi Cribeiro (arranxista de moitos dos temas), entre outros.



Abóbriga era o nome que empregaban os gregos para denominar o pobo onde xorde esta agrupación: Baiona. A finais do ano 2008 parte dos gaiteiros de Monteboi contactan con varios músicos para colaborar con eles. Gustaron tanto, que decidiron formalizar o grupo creando así Abóbriga.

“No 2012 lanzamos o noso primeiro traballo discográfico: “Foliada en Baiona”. Este disco consta de 16 temas. A través deles, ofrecemos unha mostra da historia da música popular de Baiona mesturados con composicións propias. “Pasodobre Punta Balea”, “Foliada de Baiona” ou a “Muiñeira de Baiona” son algunhas das pezas que podedes escoitar no noso CD. Como engadido especial, presentamos unha Danza de Espadas inédita, que atopamos no Arquivo Provincial de Pontevedra.



Outro dos nosos traballos foi o DVD en directo realizado por “Casa de Tolos” para a canle “Tolemias” de R televisión, gravado na Praza do Concello de Baiona.



Entre os nosos éxitos máis sonados atópase “O Chíngala”, “O porco” ou “As leiteiras” que nunca faltan nas nosas actuacións.

Por Abóbriga xa pasaron moitos músicos, na actualidade somos once integrantes con moitas ganas de divertir e pasar un bo rato con todos vós”.

QUIQUE ESCAMILLA

O cantautor QUIQUE ESCAMILLA é natural de Chiapas de México pero leva uns anos vivindo en Canadá. Foi facéndose un espazo na cultura anglosaxona deste país, mantendo o seu xeito orixinal latino-folk-rock

Autodidacta familiarizouse coa guitarra e o canto dende neno. Estuda música na cidade de México, pero as súas viaxes a Alberta de Canadá, déronlle a coñecer músicas de todo o mundo, o que o motivou a emigrar a este estado, onde comezou a tocar nos bares, coñecidos coma “open mic”.

Alterna as súas actuacións en teatros e festivais con audiencias de 70 mil personas, con outras máis reducidas en bares. A súa estadía en Canadá non lle deixa esquecer as súas raíces mexicanas, e así actua en Leamington, Ontario, onde residen moitos traballadores agrícolas mexicanos e onde el estudou música grazas a becas concedidas polo Consello das Artes de Ontario. .Tivo que loitar por facer camiño no mundo da música, combinando a música tradicional mexicana e ritmos máis modernos: “Hay un programa que apoya a los músicos para grabar sus canciones. De 523 solicitantes escogieron a 23 y yo era el único mexicano. Me apoyaron con el monto tope y fue así como pude grabar mi primer CD”, ten dito.

“No provengo de una familia de músicos y no creía que me iba a ir bien en este medio, pero ahora tengo la satisfacción de decirles que a pesar de las barreras del idioma y de ser inmigrante me estoy abriendo paso haciendo lo que me gusta”.





Dedicou o seu primeiro disco titulado “500 Anos na Noite” (500 Years of Night) “aos esquecidos das Américas”, gravado en vivo pola Canadian Broadcasting Corporation (CBC), e ilustrado polo fotógrafo Marco Antonio Cruz, Dos 12 títulos, 10 son da súa autoría nos que reflicte a súa loita zapatista contra a desigualdade, as inxustizas, as tiranías..., así en “Tiro de gracia” acredita a testemuña dunha inmigrante que cruzou a fronteira cara o soño americano, ou o “Huapango del tequila”. E en complicidade cos

canadianos inseriu unha cantiga en inglés. O cantautor cóntanos que intenta “hacer fusiones de la música que me gusta y con la que crecí, como rancheras y cumbias, pero también adopto ritmos del blues, rock, jazz y pop”.

Apaixoado e fiel ás súas raíces atrae ouvintes de todas as culturas neste mundo global grazas á autenticidade do seu estilo forxada nun corazón aberto e solidario. A CBC Radio compara a Escamilla con Bob Marley e Manu Chao.

2016 WOMEX Official Showcase

2015 Juno Awards | Best Canadian Artist

2014 Canadian Folk Music Awards | Best Artist





Aínda moi novos teñen percorrido moitos países, convertendose na promesa da música celta: irlandesa, pero tamén interpretando a bretona e galega..., e o bluegrass americano, dende remates do 2013.

Xa no agosto dese ano, Cúig impactou co TG4 Fleadh en vivo transmitido a todo o mundo. Dende o seu nacemento comparteu cartaz cos e coas grandes da música irlandesa: Flook, Beoga, Maritin O'Connor Trio, Goitse, Nosoutros Banjo 3..., así no Festival Les CeltiCimes nos Alpes franceses...

Cúig coa súa enerxía e emoción son os máis fieis ás esencias da música irlandesa, gracias á síntese de tradición e innovación acadando un son impactante que chega a cotío a millóns de ouvintes a través da BBC Radio Ulster, Folk Club, BBC Radio 3, etc.

O seu disco *New landscape* presentado no *William Kennedy Piping Festival* é unha mostra do seu talento musical que os converte nuns dos máis habilidosos instrumentistas do folk irlandés.

Impactounos a súa coraxe innovando non só a música tamén a canle da súa autoprodución grazas ao crowdfunding. Este detalle aparexou o quinteto coa nosa teima de comezar a amañar a casa de Díaz Castro tamén a través desta canle.

Á par que foron gañando o fervor do público, inzaron os comentarios dos especialistas:

“A música irlandesa está en boas mans con esta nova e excitante banda...”

Gino Lupari

“A nova banda tradicional Cúig, ¡francamente, quitache os calcetins ! ...

Verdadeiramente brillante banda tradicional. “ Niamh Dunn.



Miceál Mullen -

Banjo/Mandolin

Rónán Stewart -

Fiddle/Uilleann Pipes

Cathal Murphy -

Percussion

Eoin Murphy -

Button Accordion

Ruairí Stewart – Guitar



© Bernd Lafin 08/'14



“Música tradicional cantada”

O grupo de música tradicional **Os Melidaos** naceu no ano 2001 en Melide pola unión de músicos de diferentes xeracións e variada procedencia que consideran que a música tradicional é un tesouro que cómpre conservar. Estes seis gaiteiros e unha gaiteira que cantan veñen desenvolvendo a súa actividade musical, dende hai dezaseis anos, con aquel principio como guía.

Os sete membros dos Melidaos son:

- Pepiño Blanco López- Bombo
- Xosé Luis Casal Lema- Tamboril
- Antonio Raposo Vidal- Gaita, pínfano, pandeireta e cunchas.
- Pilar Ramallal Fernández- Gaita e pandeireta.
- Diego González Vázquez- Gaita e pandeireta
- Xele Barrio Blanco- Acordeón
- Carlos Barbeito Bello- Gaita.

O seu repertorio nótrese de pezas do cancionero tradicional, dos arquivos dos catro Coros Históricos, de diferentes cuartetos ou agrupacións relevantes do noso país, cancións recollidas por eles mesmos; así como outras moitas pezas da súa creación.

Os Melidaos suman xa tres discos no mercado: *“Que ben baila, que ben baila”*(2009), *“Axudádeme a cantar”*(2012), no que incluíron por vez primeira as voces dos seus membros e *“Festa na Codeseira”*(2015).

Os Melidaos levan anos investigando, conservando, poñendo en valor e espallando a enorme riqueza musical deste País. Un grupo que goza coa nosa música, que busca a información de cada unha das pezas que interpreta, que respecta coa máxima fidelidade as cancións que chegan ata eles e que, por enriba de todo, amosan orgullo interpretando a música galega.



OS VINTENBAIO

O domingo vai animar a hora de xantar a Banda de Gaitas Vintenbaio da vila de Baio nas terras de Xaias, son o froito das actividades musicais do Ies Maximino Romero de Lema de Baio e da Asociación Cultural O Adro.

Esta achega musical vai ter unha presenza especial na entrega dos premios do Certame Terra Chá, xa que unha iniciativa que están desenvolvendo neste centro foi premiada pola súa recuperación das regueifas e da canción oral que están potenciando neste centro entre a mocidade.

Membros desta agrupación grazas á coordinación de Sechu Sende e de mestres coma Manolo Maseda e David Canto están espallando a nosa tradición musical non só en Galiza, tamén en Euskal Herria.



Eles mesmos explicannos as súas orixes:

“A viaxe da música!

Todo comezou cando eramos uns nenos de entre 6 e 7 anos. Empezamos a coñecer a música na AC Adro de Baio nas mans de distintos profesores, o noso amor pola música medraba. Pero a clave para este grupo foron as chegadas de David Canto e Manolo Maseda, dous burelaos que cambiaron por completo a nosa vida musical. Este grupo foi creado a comezos do 2015, levando o nome polo vinte aniversario do noso instituto. No 2016 sacamos o disco “Aínda queda xera”. Dende entón ninguén foi capaz de liberarnos do amor cara a música”..



sacha na horta

Elas e eles contan a súa historia, e ninguén o pode facer mellor: “Sacha na horta nace no 2007, logo de gañar o concurso “A polo ghit” organizado pola Radio Galega e Vieiros, no que se escolleu “Biocultivos” como canción galega do verán. O premio foi unha viaxe a La Habana para tocar na Feira do Libro, unha experiencia ben simpática e estrafalaria que motivou a xuntanza dunhas cantas amigas para crear un repertorio e unha

banda. A partir de aí foise definindo un estilo propio, que demos en chamar “agro-punk-changa”, no que as voces das mulleres atopan toda a forza, a urxencia e a liberdade para se expresar e falar do mundo que elas ven e tamén do que desexan. Isto cosido co fío da retranca e presentado sobre o leito caramelizado da festa e carallada máis revolucionarias”.



No 2010 sae o primeiro disco da banda **“Temos moito por sacha”**, con seis temas propios, bo reflexo desa primeira época. O disco foi auto-producido e distribuído unicamente en formato dixital na rede e de forma gratuíta. Sacha na horta vive a partir de entón importantes cambios na súa formación e isto vaise traducindo tamén nun novo son, se ben o espírito e a actitude segue a manterse sempre, representada no símbolo da bata de faena coa que todas aparecen no escenario. Parte dese novo repertorio recóllese no segundo disco formado por cinco temas propios e nomeado “Fóra do regho”, de novo auto-producido e dispoñible na rede de balde. Entre tanto a horta segue traballando arreo nos seus directos, sen darlle acougo ao lombo e ao músculo da rebeldía.



FÓRA DO REGHO

Todas as letras e a música dos temas son de Sacha na Horta, agás “Entroido todo o ano” que é unha letra de Alberto (o irmán de Martinho, o noso saxofonista). Todos os temas foron gravados na casa de Brais, por Brais. Mesturados por Brais. O disco está producido, editado e distribuído por Sacha na Horta. Por agora só está dispoñible en formato dixital, na rede, en plataformas como bandcamp ou soundcloud. As intencións da banda son as de tocar máis e mellor e por cada recuncho do país ou alén os mundos posibles. Queremos seguir gravando todas as ideas que temos e conseguir sacar o tempo das nosas axendas labirínticas particulares para facelo. Encantaríanos, pois, poder traballar disto dignamente. Pero tamén queremos levar a nosa lingua a cantas máis persoas mellor, facer eco dos milleiros de voces que ouvean as rabias e as inxustizas que tratan de apagar nos medios, e das loitas e das forzas, e das bravuras e as ledicias e das xuntanzas e as festas, e dos soños e as esixencias... Queremos dicir ben alto e ben forte todo o que queremos dicir e merece ser dito. Queremos poñer a proba cada día a liberdade e a rebeldía. E facelo sen deixar de bailar! Para nós Sacha na Horta é unha forma de expresión, un traballo, unha familia e unha forma de activismo social. Unha vez que te pos a bata, comeza a rebulir todo no teu interior. É entón cando sabes que comeza a HORTA REVOLUTION. Ese é o nome do espectáculo que temos actualmente e é a próxima parada no estudo de gravación. E disto vai a cousa, de revolucionarse, de facer horta entre todas, poñernos a sachar para sementar cousas novas e sás e coller o fouciño para acabar con toda a broza que temos e que nos está a afogar”.

**COMPOÑENTES:**

Gus á batería,
Hadri ao baixo,
Brais á guitarra,
Manu á trompeta,
Martinho ao saxo
e María voz,
Mané voz,
Alenya voz e
Iseo voz.





SKANDALOGZ foi unha explosión de creatividade na nosa música pola enerxía artística e polo seu compromiso coa liberdade, emporiso non o tiveron doado. Son de Pontareas onde mesmo tiveron que construír o seu propio local de ensaios, pois non querían depender de ninguén e menos de institucións que non loitaban coma eles pola igualdade e a liberdade. O grupo nace no 2007, formado por tres deles, que non só facían música tamén traballaban coma albaneis, electricistas..., erguendo o seu local de ensaios.

Aquel trio estaba a facer punk e gravou a maqueta “Lume” (2008)... Pouco despois outros dous integraron trompeta e tambór de varas virando cara o punk-ska que achegaron a maqueta: “Somos máis” (2011).



Na actualidade hai outra trompeta, sen esquecer o técnico de son e a moza encargada do merchandaising. “Espertar” (2013) foi o novo disco que segue a transmitir a loita do grupo contra as opresións e tiranías. Amantes das nosas raíces coñecen a fondo as eivas que padece o noso pobo e a humanidade. Impactannos as sensacións e emocións que producen lembrando a verdadeira historia do pobo a que secuestran os poderes, mesmo investigando na nosa memoria histórico, e xa no 2015, agasállannos con “Abrindo camino” co mesmo son combativo e unha forza expresiva que non deixa a ninguén indiferentes convidando a bailar e a movilizarse a prol do pobo.

Membros da banda:

Oscar [Fulano] -

Voz/Guitarra

David - Baixo

Jose Manuel [Rantan]

- Batería

Fabián - Trompeta

Leila - Trompeta

Serxo - Trombón



KALAKAN

Kalakan (que significa en euskera "charlando"), é o trio Thierry Biscary, Jamixel Bereau e Xan Errotabehere de Euskal Herria. facendo grandes amañs en voces e percusions do repertorio tradicional basco.

Kalakan na percusión e no canto non esquecen este repertorio do que están a facer unha nova interpretación coa estrutura verso-estribillo do pop ou do rock'n'roll.

Estes txalapartari estudan técnicas de percusión en grupos de música tradicional de todos os continentes, pero o seu é tocar percusións bascas (pandereta, txalaparta, tobera, ttun-ttun, atabal), percusións corporais e tambores gordos feitos a man.

Para estes percusionistas o importante é o ritmo e a melodía, dandolles ritmo ás melodías ou interpretando acapella cantos máis recentes,

Kalakan principiou coma o duo de txalaparta formado por Paxkal Indo e Thierry Biscary no 2009. Percorren Europa coas pianistas Katia e Marielle Labèque, que viviran na súa infancia en Euskal Herría, interpretando a adaptación do Bolero de Ravel para dous pianos e percusions vascas, e danse a coñecer a outros públicos con Madonna nunha nova xira, a The MDNA Tour.



Kalakan e Madonna na Arena O2 de Berlín na xira The MDNA Tour 2012

O duo inicial propón máis tarde a integración do percusionista Frédéric Chambon, que foi reemplazado polo percusionista cantante Jamixel Bereau antes de preparar o seu primeiro disco *Kalakan*

O disco *Kalakan* foi gravado en Biarritz no 2010. Katia e Marielle Labèque participaron na gravación tocando "Kantuz", un amaño para dous pianos, e o coro basco Anaike de Paris fixo os coros na canción "De Treville-n azken hitzak"..



Xa estreado o disco en ducias de concertos por toda Europa, Paxkal Indo foi reemplazado polo percusionista cantante Xan Errotabehere, formando o trio actual. No 2011 gañan o concurso do Festival Transhumances musicais de Laàs, esgotando o disco. Foi o ano no que coñeceron a Madonna á que acompañan na seguinte xira mundial The MDNA Tour en sete meses no 2012 por todos os continentes, despois de meses de ensaios en New York, preparando amañs de pezas de Madonna e de cantos tradicionais vascos. Seguen a agasallarnos con cancións do s.XV, sen esquecerse das súas propias.

Discos

- 2010 : **Kalakan**
- 2015 : **Elementuak**

Tamén aparecen en :

- 2011 : **Baionatik Bilbora** (compilación)
- 2013 : **MDNA world tour**. (CD en vivo)
- 2013 : **Silex** (colaboración con OrekaTx)

Filmografía

- 2011: **Elementuak**. Clip video de Baxter & Rojos producciones.

Tamén aparecen en :

- 2012: **The Labeque way**. Documental de Félix Cábez
- 2013 : **Katia et Marielle Labeque, rock et baroque**. Documental de Fabrice Ferrari e Constance Lagarde
- 2013 : **MDNA world tour**. (DVD en vivo)
- 2015 : **Faire la parole**. Documental de Eugène Green

LAMIN

Teñen unha importante experiencia de colaboración con outras formacións musicais coma co Duo l'Incontro, a xeito de quinteto achegan unha fermosa mestura entre música tradicional basca e música barroca co concurso da arpa, o oboe, a percusión, a alboka, a txalaparta e as voces...

B_ALDEAK

“B_ALDEAK” (caras B) ... Igoal que “ELEMENTUAK”, é unha mostra das teimas do grupo, ir máis alá das percusións e das melodías; tres voces a capella, unha xirula, sempre na búsqueda da sixeleza.



Kalakan e Luis Peixoto

Kalakan e Luís Peixoto cruzaronse en Portugal no 2016. Foi un encontro máxico, empataron ao instante e abrollou a colaboración musical. A mestura das melodías e dos ritmos de Portugal e de Euskal Herría acadan unha forza telúrica impactante en "DA TERRA".

Luis Peixoto

Luis Peixoto naceu en Coimbra no 1980, multi-instrumentista, compositor e produtor musical. Na súa carreira musical atopamos proxectos como Dazkarieh, Sebastião Antunes & Quadrilha, Realejo, Assembly Point, Anxo Lorenzo Band, Companhia Clara Andermatt ou Júlio Pereira, e colaboracións en estudio e ao vivo a nivel internacional como Korrontzi, Kepa Junkera, Fernando Barroso, Riu, Fetén Fetén ou Flook.

Con premios coma o mellor tema orixinal 2011 dos "XI Premios Opinión", "Melhor composição original" - "Jumping bits" no 2011, "Melhor Álbum Folk do Ano" con "Assembly Point" no 2011 e con "Trim" no 2014, 1º Prémio Folkherbst Festival Malzhaus con "Anxo Lorenzo Trio" e o 1º Prémio de residencia artística en 2010 no encontro internacional en Budapeste "Euromed Festival"...

Estudou música e instrumentos en varios centros de Coimbra. Colaborou con varias edicións discográficas con músicos de Portugal, Euskal Herría, Galiza, Catalunya...

Albums

TRIM - "Trim" - 2014

Luis Peixoto e Fernando Barroso - "Pop" - 2012

Sebastião Antunes e Quadrilha - "Com um abraço" 2012

7 Luas Orquestra 20º - "Live in Ponte de Sor" - 2012

Assembly Point - "Assembly Point" 2011

Anxo Lorenzo Band - "Tíran" 2011

Sebastião Antunes - "Cá Dentro" 2009

Dazkarieh- "Hemisférios" 2009

Dazkarieh- "Incógnita Alquimia" 2006

Stockholm Lisboa Project - "Sol" 2007

Grupo de Cordas SF AAC - "No Palheiro.." 2001

Participações

Korrontzi - "tradition 2.1" - 2013

Els Laietans - "Festa Major" - 2013

Riu - "Amb Canya" - 2012

Celina da Piedade - "Em casa" - 2012

Stonebones & Bad Spaguetti - "Ai Portugal" - 2012

Galo Gordo - "Este dia vale a pena" - 2012

Fetén Fetén - "Fetén Fetén" - 2011

Fred Martins e Ugia Pedreira - "Acrobata" - 2011

Galandum Galundaina - "Senhor Galandum" 2009

Canta o Galo Gordo "Poemas e canções para todo o ano" - 2009

Monte Lunai - "In Temporal" 2009

Lendas de Portugal- "colecção do expresso" 2007

Banda Futrica- "Com Zeca no coração" 2007

Quadrilha- "Deixa que Aconteça" 2006

UxuKahus "A Revolta dos Badalos" - 2006

Quadrilha- "A Côr da Vontade" 2003

Anxo Lorenzo - "Tíran" - Feb. 2010


Anaquim- A

YVES LAMBERT TRIO

O trio formado por Yves Lambert, Tommy Gauthier e Olivier Rondeau.

Yves Lambert foi un dos fundadores do grupo xa clásico La Bottine Souriante de Québec, que integrou durante 26 anos, ata que no 2003 deixa esta formación na busca en solitario, de novos horizontes musicais e talentos entre a xente máis nova. No 2004 crea a Bébert Orchestra. A iniciativa deste acordeonista e vocalista foi unha lumeirada en Canadá que o acolleu coma unha explosión creativa que estaba a facer progresar a música tradicional cara novos estilos máis innovadores, mesmo dende a mestizaxe. Lambert ensambla co seu humor característico a presentación das cantigas tradicionais de Quebec e as innovacións actuais creando un espectáculo prodixioso e fantasioso no que non faltan as querencias ás músicas celtas.

Neste festival de Pardiñas imos xa disfrutar e bailar co disco que están a presentar neste 2017: "Laissez Courir Les Chains"



BLOQUINHO DE XERMOLOS

BLOQUINHO que celebrou o 17 de setembro o seu 5º aniversario enchendo as ruas de Guitiriz de música e amizade acompañados nesta celebración de blocos coma Trópico de Grelos ou Retumbatuke Percusión. Pero as e os batukeiros mantiveron ao longo do ano actuacións e festas populares como a Maruxaina de Xove, festas de Verín, ou festivais coma o do Castro en Pantón, ou Nadal en A Coruña, o Entroido en Vilalba ou na Noite Aberta de Lugo.



KOTE MALABAR

Emoción, risco, “perigo” e sobre todo humor, moito humor nun espectáculo que non deixará indiferente a ninguén, e tanto pequenos como maiores quedarán abraídos e sorprendidos polos increíbles números e as ocorrencias máis tolas e disparatadas deste bufón, que fará que todos os visitantes disfruten da feira ou mercado cun sorriso na boca!



KOTE MALABAR actor, clown e malabarista, leva máis de 15 anos vencellado ó mundo do teatro, o teatro de rúa e o novo circo galego, participando ó longo de estes anos en innumerebles espectáculos, tanto en solitario como en colaboración con diversos grupos e compañías. Tamén participa e colabora en diversos programas de tv. e como actor de figuración facendo pequenos papeis e intervencións en numerosas series do audiovisual.

TEATRO / NOVO CIRCO

Comenza a súa andaina artística alá polos anos 95-96 na Algarabía de Lalín. Xá o pouco entra a formar parte da compañía “Churuleta Teatro”. Continuando coa aprendizaxe trasládase a Compostela as clases do mestre malabarista alemán Hännnes Sthör e o final do curso presenta o seu primeiro espectáculo nas “Ultranoites” da Sala NASA. Forma xunto con Anxo Basterra o grupo “Fratelli Tromboni”, pioneiros do Novo Circo... Participa como malabarista na ópera “Mackbeth” de Verdi ca Ópera do Teatro Campoamor de Oviedo. O mesmo tempo ven desenrolando o seu propio espectáculo de rúa en solitario como “Kote Malabar”

Feira e festa da música e da arte

Dalle ao Cante Pardiñas 2017
Venres 4 de Agosto a partires das 20:30h



V Encontro de Cantos de Taberna de Guitiriz

Os grupos musicais estarán formados por un máximo de 10 persoas. Deberán anotarse polos medios que se dispoñen a continuación antes do 30 de Xullo de 2017, indicando no momento da inscrición o nome do grupo, un correo electrónico e un teléfono de contacto.

A inscrición e de balde e poderase realizar mediante o mail: xermoloascantes@yahoo.es ou chamando ao teléfono 645 60 93 09, indicando toda a información citada anteriormente.

A recepción dos participantes farase o día 4 de agosto ás 20:00h. no Campo da Feira de Guitiriz.

Cada grupo contará con asistencia dun membro da organización que o guiará ao longo do percorrido co fin de axilizar a actividade e solucionar calquera dúbida que poida xurdir durante a xornada.

O repertorio será preferiblemente tradicional.

Os membros de cada agrupación serán convidados a unos viños e tapas por parte da organización.

Agardamos as vosas inscricións!
Se es dos que dá o cante... non falles ao V Encontro de Cantos de Taberna de Guitiriz!!! Agardámosvos!

Organiza Xermolos coa axuda da hostalería Guitincense.



Cartaz do V encontro de Cantos de Taberna de Guitiriz e fotografías da pasada edición de Cristina Pérez





Fotografías de Kamy Iglesias da 23 Mostra de Artesáns de Instrumentos de Música Tradicional, na pasada edición do Festival de Pardiñas.



A MOSTRA DE INSTRUMENTOS

Aló polo ano 94 creouse este espazo de encontro entre artesáns, intérpretes, investigadores... , coa idea de crear na Galiza unha cita anual onde os mellores luthiers e artesáns estivesen nunha feira amosando o seu traballo e intercambiar experiencias entre eles e os propios músicos que acoden á mostra. Tras a primeira edición na que o pregoeiro foi Xosé Seivane, a mostra foi gañando popularidade, superando todas as previsións e arraizándose en poucos anos.

Dende entón organizamos e financiamos na súa meirande parte as sucesivas mostras ata chegar ata este ano.

Esta mostra, aínda que está dentro do marco do festival de Pardiñas, é responsabilidade da Asociación de Gaiter@s Galeg@s, pois é a comisión de luthiers da mesma a encargada da súa organización e é a propia asociación quen sufraga case a totalidade dos seus custes. Nos inicios da mostra pedimos axudas a todas as institucións galegas e, ao obter na maioría de ocasións negativas por resposta, tivemos que autofinanciala, para o cal, valémonos da venda de camisetas, petición de axudas a empresas privadas proveedoras dos artesáns, e xa nos últimos catro anos tamén o sorteo de instrumentos tradicionais, e inda que en algunha ocasión conseguíuse unha pequena mellora na aportación por parte das administracións, na actualidade segue sendo a AGG quen sufraga a maior parte da mostra.

Ademais de ser a primeira mostra que se organizou en todo o Estado, é a que máis anos leva facéndose ininterrompidamente, chegando a ser hoxe unha referencia de todos os luthiers e músicos tradicionais, non só de Galiza, senón de toda a Península, pois tamén en Portugal ten unha grande repercusión. Por ela pasaron máis de cento cincuenta luthiers nas edicións anteriores de practicamente todas as comunidades autónomas e de Portugal. Hoxe por hoxe podemos afirmar que é unha referencia da construción de instrumentos musicais da Península Ibérica e, ademais, un dos atractivos máis interesantes do festival de Pardiñas.

O obxectivo deste evento segue sendo o mesmo, a Mostra dos instrumentos que se fan nos distintos obradoiros repartidos por toda a xeografía galega, e máis a celebración dunha festa arredor da mesma, na que se pode aprender a bailar os nosos bailes tradicionais, e escoitar aos máis sonados grupos de música tradicional galega. Pódese dicir que a Mostra é unha celebración e exaltación das nosas tradicións musicais, sen complexos, e coa finalidade de normalizar a nosa cultura tradicional, manténdoa viva como elemento de diversión. E hoxe en día representa unha referencia indispensable da música tradicional na península onde se poden ver un amplísimo abano de instrumentos tradicionais como poden ser gaitas, requintas, frautas, zanfonas, tambores, bombos, pandeiretas, trompas, violíns, ...

Un saúdo, Cristina - Secretaria da AGG-

AUTOR DO CARTAZ DA XXIV MOSTRA DE INSTRUMENTOS: Pablo Pastor

Volvemos contar coa xenerosidade de Pablo Giráldez, máis coñecido coma Pablo Pastor (Vigo,1971), que volve agasallarnos coa súa arte cargada de mensaxe e beleza. É un artista gráfico e escenógrafo cunha ampla traxectoria, así na escenografía traballou para numerosos profesionais da interpretación e compañías teatrais, entre elas o Centro Dramático Galego, Teatro do Morcego, Tanxarina Títeres o Berrobambán. No que respecta a súa obra gráfica, fixo numerosos carteles e carátulas de discos.



XXIV MOSTRA DE INSTRUMENTOS DE MÚSICA TRADICIONAL – PARDIÑAS 2017



Un ano máis, dende a Asociación de Gaiteir@s Galeg@s dámosvos a benvinda á Mostra de Instrumentos de Música Tradicional de Pardiñas, que cumpre xa 24 anos. Consagrada xa como a máis antiga e importante da Península Ibérica, esta mostra abre de novo a fiestra para amosar durante a fin de semana o traballo e o bo facer dos 30 artesáns participantes, que nos agasallan en cada un dos seus instrumentos cun traballo minucioso, preciso e necesario para que a nosa música goce da boa saúde que ten na actualidade.

Estes artesáns traballan día a día no desenvolvemento de novas liñas de investigación destinadas a especializar e perfeccionar técnicas de elaboración que permitan mellorar a calidade dos seus produtos. Todo este traballo fai posible que a artesanía dos nosos instrumentos tradicionais sexa recoñecida e valorada no mundo enteiro.

Como nas pasadas edicións, na mostra non faltará a música e o baile tradicional, que estarán presentes durante a fin de semana a través de actuacións en directo e obradoiros.

Dende a Asociación de Gaiteir@s Galeg@s queremos seguir contando con todos vos para seguir facendo posible este espazo de encontro, convivencia e intercambio entre músicos e artesáns, que segue medrando ano a ano.

PROGRAMA

Sabado día 5

- 17.00 horas - Apertura da mostra.
- 17.00 horas - Pregón - Antón Corral
- 18.00 horas - Concerto - Fernando Meireles
- 19.30 horas - Sorteio - Tambor

Domingo día 6

- 11.30 horas - Apertura da mostra.
- 12.30 horas - Obradoiro de Treboada - Oli Xiraldez.
- 17.30 horas - Obradoiro de baile tradicional - Montse Rivera
- 18.30 horas - Concerto - Os Viqueiras
- 19.30 horas - Sorteio - Gaita



O SÁBADO ás 17.00 horas é a apertura da mostra, nesta ocasión teremos o pracer de contar co Mestre Antón Corral.

O pregoeiro Antón Corral foi mestre de gaita nas primeiras clases de Xermolos, igoal co seu fillo Carlos.

Antón Corral (A Coruña, 1936). A súa infancia transcorre en Lugo, onde pronto toma contacto coa música a través do mestre Antonio Sandar. Os seus dotes musicais lévano a ingresar como educando na Banda de Infantería de Santiago de Compostela, alí coñece a Basilio Carril, fai as súas primeiras incursións na docencia de gaita e perfecciona a técnica de instrumentos como o clarinete, óboe, saxo tenor ou gaita. En 1957 volve para Lugo e continúa co labor de músico na Banda Municipal de Lugo, no grupo Os Modernos, no cuarteto Os Montes e dá clases de gaita en distintas asociacións. En 1959 casa con Isaura e faise viaxante comercial. En 1973 dá un xiro á súa traxectoria adoitando o mester de artesán de gaitas e, ao falecer o artesán da Deputación de Lugo, Paulino Pérez, pasa a ocupar ese baleiro xunto a Jesús Pérez. O ambiente pouco motivador fai que se traslade a Ortigueira para fundar unha escola taller de instrumentos tradicionais. Alí crea o seu primeiro grupo didáctico. En 1981, despois de fracasar ese proxecto, regresa a Lugo, e coa colaboración de antigos alumnos e Carlos, o seu fillo, crean o taller “Soutelo de Montes”. Mais a teima da docencia que leva dentro faille aceptar o ofrecemento para converterse no guía da escola de instrumentos tradicionais da Universidade Popular de Vigo. Alí xerárase toda unha estirpe de mestres, músicos e Artesáns. En 2008, trala morte da súa dona, decide instalarse en Tui, onde organiza un novo grupo didáctico e forma ao seu neto Ramón Corral, actual artesán do Obradoiro Antón Corral.



CONCERTO DE FERNANDO MEIRELES ÁS 18:00 HORAS.

A continuación, as 18.00 horas poderemos desfrutar do virtuosismo da xove promesa do violín Fernando Meireles. Na ruleta rusa dos xenes, o talento fica moitas veces de fóra. Outras, como quen finta a bioloxía con toques de expresión artística, parece chegar en herdanza directa. Fernando Meireles é un exemplo claro desoutras veces. Fillo dun reputado instrumentista (e construtor de instrumentos) portugués, de quen tamén herdou o nome, o músico de 10 anos é xa unha promesa confirmada na interpretación do violín. singular, percorrendo a memoria da música tradicional portuguesa e de varias tradicións musicais europeas en interpretacións innovadoras e marcadas polo virtuosismo.



No Festival de Pardiñas, tocará ao lado do pai, nun concerto que promete ser frenético e singular, percorrendo a memoria da música tradicional portuguesa e de varias tradicións musicais europeas en interpretacións innovadoras e marcadas polo virtuosismo.



Fernando Meireles no Festival de Pardiñas do 2016 interpretando coma espontáneo no escenario da Mostra de Instrumentos.

SORTEO DO TAMBOR

As 19.30 horas, será o momento de saber quen será o afortunado gañador do sorteo do tambor, xenerosidade do artesán Xaneco, quen donará o instrumento.

A xornada do **DOMINGO** iniciarase ás 11:30 horas coa **APERTURA DA MOSTRA**, e logo ás 12:30 **OBRADOIRO DE TREBOADA** por **OLI XIRÁLDEZ**.

Da mán do artesán e gaiteiro Oli Xiráldez, teremos a oportunidade de desfrutar dun Obradoiro de Treboada, unha formación instrumental típica da comarca do Baixo Miño, formado orixinalmente por unha gaita de barquín, un tambor e un ou dous bombos de grandes dimensións, e que ao longo do pasado século foise modificando, aumentando o número de bombos, e substituíndo a gaita de barquín pola de sopro directo.



XXIV MOSTRA DE INSTRUMENTOS TRADICIONAIS PARDIÑAS - GUITIRIZ DO 05 DE AGOSTO DE 2017	XXIV MOSTRA DE INSTRUMENTOS TRADICIONAIS ASOCIACIÓN DE GAITEIR@S GALEG@S PARDIÑAS - GUITIRIZ - 5 E 6 DE AGOSTO DE 2017 A asociación sortea UNHA GAITA E UN TAMBOR (A agradeci@e serán @s posuidor@s dos boletos que teñan a numeración coincidente coas matricas extraídas nos sorteos que se celebrarán os días 5 de agosto de 2017 (sorteo ás 19.30 horas) e 6 de agosto de 2017 (sorteo ás 19.30 horas) no escenario da Mostra de Instrumentos Tradicionais de Pardiñas - Guitiriz - Lugo. SOMATEVE: 2€uros As bases do sorteo están publicadas en www.gaiteirosgalegos.gal
---	--

!!! SORTEO !!!

UN TAMBOR E UNHA GAITA!

MERCA A TÚA RIFA E GAÑA UN INSTRUMENTO ÚNICO!!!

SÁBADO 05 E DOMINGO 06 DE AGOSTO
 XXIV MOSTRA DE INSTRUMENTOS DE MÚSICA TRADICIONAL
 - PARDIÑAS -

Xa pola tarde ás 17.30 horas contaremos co **OBRADOIRO DE BAILE TRADICIONAL**.



As 18.30 horas **CONCERTO DE OS VIQUEIRAS**

O grupo OS VIQUEIRAS naceu en Ordes (A Coruña) como cuarteto tradicional nos anos 90, fundado por Manuel Viqueira Vieites, o gaiteiro de Vilaverde.

No 2011 publicaron o seu primeiro disco: "Noites de Tasca" e agora están a piques de sacar o segundo traballo discográfico, un libro-CD titulado VILAVERDE, nome da aldea de Manuel, e que recolle pezas propias da comarca de Ordes.



Para os concertos, Os Viqueiras presentan unha renovada formación de quinteto, con gaita, clarinete, acordeón e percusión, formada por Manuel Viqueira (fillo), Serxo Nunhes, Alberte Núñez, José A. Vázquez e Beni Brecha, cun aire folk e pezas moi bailables.

ÁS 19,30: **SORTEO DA GAITA**

E xa para rematar a xornada da tarde, ás 19.30 horas realizaremos o sorteo dunha gaita de buxo feita e doada por "Os canallas". Un traballo colaborativo de *Alberto Pires, Oli Xiráldez, Queima, Afonso Castro, Luis O Xaneiro e Patricia González*.

ESCEARIO LIBRE PARA MÚSICOS ESPONTÁNEOS

As actividades previstas para enriquecer a exposición están enfocadas para que sexan totalmente abertas. Dispondremos dun escenario libre durante os dous días para todos aqueles músicos que desexen tocar, e para aqueles artesáns que queiran falar ou facer algunha demostración dos seus instrumentos.



I.- AO RITMO DAS ESTACIÓNS

FACENDO POBO

Un dos primeiros alcumes que a xente lle colgou a Xermolos foi: "os do pobo"! e enchían a boca de forza para redondear aínda máis o primeiro "o"... Aínda que non era a súa intención, estaban a remarcar unha das nosas teimas: crear comunidade dende as raíces, facendo pobo... E seguimos coa mesma vontade, así celebrando as festas estacionais: o Nadal, o Entroido, o comezo do outono no berce do Pai Miño, o leite de Galiza que medra entre Irimia e a Garda mareira, colaborando con ducias de asociacións por todas as comarcas.

1.- A COMEZOS DO OUTONO, a estación preferida pola poesía chairega, a Irmandade Manuel María e Xermolos convocamos a celebrar a nosa dignidade coma pobo e cidadáns no Pedregal de Irimia, no nacemento do Miño, onde Mero Iglesias leu este manifesto:

“Manifesto da IV Festa de Afirmación e Dignidade”

por **Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero**

2 de outubro de 2016

“Estamos aquí, neste equinoccio de outono do 2016, no Pedregal de Irimia, na “Ara de Prisciliano”, lugar simbólico de Galiza onde –hai case corenta anos- se celebrou a Primeira Romaxe de Crentes e de onde a nosa Terra en orixe colle as augas circulantes polas súas veas de amor irrenunciáveis. Aquí nace a crónica dun Pobo que se fai Patria e Matria, a través dos séculos onde as mulleres e os homes, galegas e galegos, gardaron as esencias culturais identificativas que nos definen. Por iso hoxe celebramos o Día da Afirmación na Dignidade. Pero cómpre asemade contarvos e lembrar o sentido daquela Ara que posta no alto do Pedregal, nos preside.

Foi por expreso desexo de Xosé Chao Rego, impulsor de tantas novas e boas iniciativas, coñecidas por todos nós, quen mo transmitiu hai algún tempo o de visibilizar –precisamente aquí- unha lembranza do bispo de Ávila, Prisciliano, galego singular que removeu os alicerces dunha Igrexa impropia e decadente que instituía os medos. Instituía medos, ...políticas de terror, infernos. A que vos soa a canción?

Non vos dades conta dos tantos que día a día nos amenazan? Pois ben, el, pola contra, promoveu a liberdade dignificando ás mulleres e reivindicando a igualdade, como todas e todos ben sabedes. Decapitado en Tréveris, a súa memoria pervive como un auténtico mito de nós, e a súa voz resoa como unha demanda de xustiza e dignidade. Pois ben, seguindo as indicacións do noso Pepe Chao, alí se puxo a pedra –nativa de aquí mesmo, en modo e maneira que non estragase a enorme paisaxe que nos habita. É obra de Valdi axudado de Manolo Pardo, articulada coa forza de todos e as licenzas e colaboración do Concello de Meira. Asentouse a pedra sobre outras dúas que xa estaban xa nesta posición orixinal e que, en fidelidade á sinxeleza e humildade, inspiran a Prisciliano, para lembrar unha vez máis a Afirmación e o creto que a el lle debemos.

Xa no ano 2013 e aquí mesmo, declarabámonos insubmisos a este drama que a todos nos escraviza, a esta traxedia baseada na corrupción e na riqueza duns poucos e que decreta contra nós e os nosos fundamentos, contra a voz feliz que nos fixo entender as claves do mundo desde o aloumiño, arredando de tanto ruído inútil. E por iso a necesaria afirmación determinada da nosa dignidade, da identidade colectiva, da loita libre e valente para que prevaleza a nosa Lingua e a verdade nesta Terra, que é nosa e de todos a un tempo... E así, un ano máis, neste marco xeográfico no que emerxe a vida e no que renacemos persoas galegas, ao pé da Serra de Meira, vimos NÓS e coas angueiras da nosa xente a proclamarnos da Nación Galega en exercicio de nós, do noso.

Falaremos tamén do que nos doe. Desde a defensa da Terra, da paisaxe, dos nosos contornos máis queridos, das ameazas que espreitan, da desfeita cultural do Noso, de que nós queremos ser quen somos. Pero, todo iso, non nos impide ver e sentir a dor allea, por iso este ano tamén hai que falar necesariamente, significar dous grandes males que tanto nos abafan e que nos enchen de rebelión e de pena. Un, o máis coñecido e que é un mal de ausencia. A nós, que andamos o mundo enteiro e que, con maior ou menor sorte aprendemos a desgraza das distancias, das viúvas de vivos e de mortos, non podemos esquecer tan facilmente aos que teñen que ir gañar o pan en terra allea. Temos que ter na memoria aquela nosa Galiza da emigración, da frustración familiar, da ruptura dos vínculos e raigañas. Do drama do desarraigo, da rotura das entrañas que nos castigou e, hoxe, nos volve castigar.

Non podemos caer no esquecemento. A falla de xustiza, de irmandade e solidariedade, que amosan os gobernos con aquelas persoas que teñen fuxir á forza do seu eido orixinal e que crearon un vocabulario de éxodos, de indefensos, de desterrados, expatriados, desprazados, transterrados, emigrantes, inmigrados, colonos, poboadores, ... e como non a terrible colonización sufrida. Da que tanto sabemos. Pero o tema de hoxe, moi en especial e explícito, son os refuxiados (persoas que escaparon por mor da guerra, da persecución por razóns de raza, relixión, opinión política, nacionalidade ou pertenza a un grupo social determinado). Ou tamén os desprazados (fuxidos do fogar por culpa dunha persecución e conflito, pero que non saíron do seu país), sobre todo daquelas e aqueles que foxen dunha guerra desigual entre as grandes potencias que se reparten os beneficios, e escapan da morte certa, da enfermidade e a fame, da violación sistemática, do abuso, da mutilación, da dor. Ninguén move un pelo, ninguén fai nada, nin o fixeron, nin o van facer. Así todos os países desta decadente Europa e do primeiro mundo.

Non só son eles, son familias enteiras que teñen que lidar con tiroteos, desaparicións e ameazas sumarísimas, de secuestros, asasinatos e recrutamentos forzados para causar suicidios e derrotas. A incapacidade preventiva dos gobernos que non saben ou non queren conciliar solucións para frear a violencia e reparar sobre todos aos máis marxinados que corren pola vida, desesperados. E van polos infernos humanos, nunha viaxe mortal e sen escrúpulos.

E aí a “nosa ausencia” que non sabe acollelos, que os deixa morrer en mares fúnebres e fronteiras inmorais, muros de vergoña, con nenos que non entenden nin entenderán xamais a nosa falta de asistencia, a nosa insuficiencia, o noso baleiro, as distancias enormes que inventamos e que lles impiden collernos da man, o noso retiro apartando a vista, ... a nosa soidade como pago irresponsable a tanto desastre. É a historia incontada de moitos irmáns de Irak, Siria, Pakistán, Líbano, Turquía, Afganistán, Exipto e en case toda Latinoamérica e América Central, O Salvador,

IV FESTA DE AFIRMACIÓN E DIGNIDADE 2 de outubro de 2016

Ás 12 horas no **PEDREGAL DE IRIMIA**

Lectura do manifesto e comunicados por varios colectivos

Entrega das *"Mans de Irimia"*, obra de Manolo Pardo,

a Xosé Chao Rego e Ricardo Polín

Xantar nos Cabanóns de Meira

Ás 17 horas na **PRAZA DO CONVENTO**

recital de poesía e actuacións musicais de

Banda Municipal de Gaitas de Meira

Banda Municipal de Música de Meira

Pandereteiras Nove Ferreñas

Miro Casabella

Tino Baz

Quintas Canella

O Gaiteiro Raul Galego

Mini e Mero

máis sorpresas...

Xantar: polbo, carne ao caldeiro, empanada de Meira, viño ... 18 euros...

Para apuntarse a xantar antes do día 29:

Manolo de Meira (Tf. 630217035),

Alfonso (tf. 646413890)

ORGANIZAN:

IRMANDADE MANUEL MARÍA,

XERMOLOS E A.C. AVELINO DÍAZ.

COLABORA O CONCELLO DE MEIRA



Honduras, Guatemala e partes de México, familias que soñan esperanzas de chegar e que, cando chegan, son de novo rexeitados ou recludos en campos de concentración sen garantía ningunha da mínima consideración, dignidade e respecto. E que cando volven son duramente represaliados, coas súas familias, pola fuxida do país de orixe. Deixámoslos no total abandono, e mesmo levantamos muros e pagamos a outros para que nos fagan o traballo. Quizais teñamos que inventar un carné de identidade para andar polo mundo, un carné de tránsito humano. Pobres de nós que sentimos tanta vergoña propia e allea!

Outro mal que nos circunda, o da violencia machista, o da violencia contra as mulleres que é consecuencia dunha discriminación, tanto na lexislación como nas prácticas persistentes das

desigualdades entre mulleres e homes. Si, tamén ocorren no noso País eses comportamentos tan degradados e machistas. Están na nosa Tradición presentes e hai que rexeitalos porque se todas as violencias son malas, o máis certo é que baixan o listón do entendemento e da comunicación entre as persoas, denotan fallos incalculables na relación humana. Son polo tanto a derrota de nós mesmos.

Sempre houbo mulleres humilladas, chantaxeadas, menosprezadas, insultadas, controladas, violadas, ignoradas, agredidas, matadas. E iso é tamén a negación da humanidade. Semella que o mundo cambiou para negarnos. Ninguén debe mirar para outro lado nin ignorar o evidente. Non vale con restarlle importancia a estes temas, nin con culpabilizar a outros: ser muller arestora é un risco para a vida e para a súa propia liberdade! A violencia de xénero é unha arma dos patriarcados androcéntricos, Un terrorismo machista que cada día nos pon bombas nas entrañas. Debemos esixir que as perspectivas de xénero deban integrarse en todas as políticas públicas, leis, proxectos e programas que poidan corrixir tanto mal, tanto sufrimento. Os poderes públicos e os medios de comunicación xogan un papel moi importante en calquera das normas

e comportamentos sociais que condenan a violencia contra as nenas e mulleres, pero que tamén abren posibles modos de acoso e violencia cibernética e seguen a facelas moito máis vulnerables a calquera abuso e explotación. Velaí a violencia doméstica, a trata, a mutilación, as agresións físicas, sexuais, psicolóxicas, económicas, ... os silencios.

Existen mulleres abusadas e enfermadas, traficadas como obxectos e que resultan profanadas na súa mínima liberdade de existir e ser, de estar. Todas e todos merecemos o amor que nos conforte, pero sabendo que ese amor non é dependencia. Pois o amor certo nos fará moito máis libres e será o herdo que prevaleza, xa que sempre quedará o amor –como dicía o noso Agustín Fernández Paz, a quen tamén lembramos afortecendo as palabras nosas. Si...ese amor que é feliz, para compartir de iguais a iguais, ese que nos ten que levar –necesariamente- a querernos máis a nós mesmos, de forma que obrigue a que nos estimen e respecten cumpridamente, sacándonos da pena e da amargura, dos sufrimentos. Chegando así a ese mundo satisfeito dos amigos, dos amados, dos sentidos, dos queridos, entre a xente que nos rodea. Porque nos comprenden e aceptan, tal como somos, cos nosos defectos e virtudes. Nese breve abrazo que dura a vida.

Abominabamos deste fatal destino repugnante que proclama a autoridade dos incompetentes que andan por aí e semellan carecer de obrigas, de compromisos e responsabilidades, eles, os que prometeron e non cumpriron, os que son culpables desta miseria, de tanta morte, enfermidade, de converteren os contedores do lixo en comedeiros dos tan empobrecidos e que xeraron moitos culpables en tanta represión contra a tenrura, a man amiga.

E son eses os que xa daquelas e aínda hoxe non pediron perdón dos crimes cometidos nas páxinas ensanguentadas pola historia de nós, nesta vergoña. Rebelámonos, pois, contra aqueles que se protexeron das leis que eles mesmos inventaron para transgredir, para cometer os horrores do abandono e deixadeza, sen ser quen de razoar e invocando ameazas, en medio tanta agresividade e suposta culpabilidade.

Seguimos opoñéndonos aos que se apoderan das persoas, aos que desfán a igualdade, aos que destrúen e envelenan a terra e a paisaxe, aos que se venden ao mellor pagador, os que negocian a nosa memoria, aos que nos imprimen vergoña para autolesionarnos e impedir que nos poñamos en pé de dignidade, na honra desta realidade que é nosa e que se chama Galiza, coa nosa fala ergueita, por riba da inxustiza que envileceu a razón da vida mesma, premiando aos ladróns, aos verdugos, ...e dándolle cancha a tanto carca!

Seguimos afirmándonos e declarándonos inimigos desta chantaxe ao amor e á tenrura, dos que lle declaran a morte á esperanza, que se extingue entre silencios. Opositores pois desta feroz represión, a esta necidade extrema que non é necesaria para o necesario futuro que agarda polo amencer. Afirmámonos en dignidade, novamente, para alivio dos caídos e para esixir aos grandes o xusto reparto de beneficio e do ben común.

Chamamos por todas e todos para a loita de paz que nos restaura. Esa que bule dentro e que tanto os incomoda. Porque non podemos permitirmos o luxo de calar, nin sequera neste espazo verbal no que un día nos crimos libres. E así hoxe aquí, rodeados tamén deses medos preventivos que nos veñen furtando os amenceres e os soños, queremos falar en alto para dicir e sinalar, si... a todos eses que nos conducen coma cegos a un mundo en guerra contra nós

mesmos, ...a eses, xustamente a eses, que son traidores. Os que seguen a dividir e matan, os que acaban coa esperanza.

Estaremos cos aqueles que non saben, cos que non falan, cos que non piden, cos caídos que non dan erguido na desfeita dos camiños, cos que se levantan de todas as derrotas, coas que teñen feridas abertas, cos que teñen cicatrices no corpo e na alma, coas que viven tempos de tristura, de fame, de anceios de xustiza, cos que non se conforman, cos non amados, coas que cren a pesar de ser increíble, coas que se afirman no amor e na amizade, coas que non abandonan a loita, cos que esperan e escoitan, polos que dan paz e sosego, polas que aprenden e trunfan, polos que aprenden e fracasan, polas que soñan e cantan, polos que vararon nun mar de bágoas, polas traizoados que saben sorrir por riba das nubes negras e regresan cargados de ilusión sen renunciar a un mundo mellor. E así reconfortados na autoestima da terra, da xente, da paisaxe, da historia, da nosa lingua, do noso pobo feito nación, dos nosos devanceiros, xa que se sumamos as vontades, nada será imposible. Seremos quen de ser propietarios de nós e compracidos da tal recuperación.

Estaremos cheos de verde, de vermello, de verdura, de verdor, de verdade que se nos incruste e suxeite á terra, verdura en alimento, ventura en arelanzas e sosego que non nos perderá polos increíbles solpores dos días duros do mañá. Para arrepoñernos desde nós mesmos, desde a nosa paz interior, e transgredir as leis que o mundo impón, inxustas. Temos que voar sobre do aire ou das brisas ventureiras, cheas de foulas, sentir no noso corpo a mornura do que é noso e da nosa mesma calor que producimos, en cores da esperanza para que nos arroupe do medo.

Seguiremos na lembranza agradecida dos moitos que loitan e loitaron día a día, co seu esforzo e boa vontade, trazando un exemplo eficaz, sobre a confianza, para obsequiarnos intres descubertos por parcelas insólitas do coñecemento e dos afectos, lonxe do asentimento submiso, da indiferenza ou do silencio. Sen resignarnos e sendo donos de nós e satisfeitos de tal acontecer!.

Xuntaremos corazóns e os pulsos en alto, esixindo as nosas soberanías, sen a súa franquía, que é franquía dos aproveitados e corruptos, dos que se pretenderon amigos para enganarnos, para facernos sufrir, para aterrorizarnos no medo, para castigar a vida e a beleza, a solidaria acción humana que nos permite existir, compracidos de ser quen somos, de ter canto temos, sabéndonos Matria.

E así afirmámonos persoas galegas en propiedade irrenunciable do noso eido fundamental de existencia, e tamén do amor e da razón nosa, causa de ser quen somos, Galiza, única Patria. Nós, sabede ben, non entenderemos outra orixe nin procedencia diferente. Nós queremos vivir a Nosa Historia sen dependencias, Na Soberanía do noso destino, co que é noso, coas nosas e nosos e para eles, honrando á Mai, neste lugar tan preciso, neste lugar mesmo que agora mesmo nos habita.

(Manifesto de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero, na IV Festa de Afirmación e Dignidade, que se leu colectivamente por unha ducia de participantes, o pasado 2 de outubro de 2016, no Pedregal de Irimia, lugar onde abrolla a primeira auga do Pai Miño).

Crónica IV Festa da afirmación e dignidade**No Pedregal de novo**

“Fica lonxe no tempo aquel setembro de 1978 en que a celebración das romaxes de crentes galegos, comezo de tantas cousas, botou a andar baixo o lema “Eu renazo galego”, proposto por Xosé Chao, quen, a título póstumo, este pasado domingo día 2 de outubro recibiu o premio “Mans de Irimia” xunto con Ricardo Gómez Polín, na IV Festa da Afirmación e Dignidade.

Esta festa é unha iniciativa da Asociación Cultural Xermolos e mais da Irmandade Manuel María da Terra Chá.

Como cada ano, os actos comezaron no Pedregal de Irimia, nacemento do río Miño, coa lectura por parte de persoas asistentes ao encontro, dun manifesto escrito por Baldomero Iglesias, “Mero”. En dezaseis puntos, o músico e poeta, denunciou os males de Galiza e do mundo (desfeita ecolóxica e cultural, violencia machista, falta de memoria histórica, incumprimento de promesas por parte dos políticos gobernantes) e, xa en positivo, afirmounos no compromiso por mudarmos a situación.

En nome de Adega, Adela Figueroa deu lectura a un texto, para o que se piden sinaturas, demandando a declaración do Pedregal de Irimia como Monumento Natural, xa que está a ser albo dunha explotación absurda na que a paisaxe autóctona vaise substituíndo por eucaliptais mesmo a rentes da canle xeolóxica, do río de pedras baixo do que circula o nacente Miño.

Un representante dos presos independentistas galegos fixo un relatorio do tratamento recibido por este colectivo e, asemade, denunciou o trato e indefensión que sofren estas persoas polas súas ideas. A Audiencia Nacional –afirmou- compórtase como o Tribunal de Orden Público da ditadura franquista.

Un membro da Asociación Cultural “Avelino Díaz” leu, á súa vez, un comunicado poñendo en valor a figura do poeta que lle dá nome, veciño de Meira boa parte da súa nenez, antes de emigrar, adolescente, a Buenos Aires. Piden que a Academia lle dedique as Letras Galegas.

Por último, David Otero puxo o ramo a estas intervencións cun texto en que clama pola unidade do nacionalismo dentro da variedade, para facer coincidir pobo e nación.

A seguir fíxose a entrega dos galardóns, esculturas realizadas polo meirense Manuel Pardo. Logo de que Xoán Xosé Fernández Abella recitase un seu poema dedicado a Pepe Chao, a súa viúva, Sari, recolleu a “Man de Irimia” outorgada á súa memoria e pronunciou unhas palabras de agradecemento. Despois, Ricardo Gómez Polín recibiu a súa e fixo un emotivo e brillante discurso de agradecemento, a falar da súa nai, falecida recentemente, da que se celebrara o funeral o día anterior, como a muller á que declarou deber canto é, verdadeiro rostro ela de todo o bo deste país. Polín é un traballador incansábel, filólogo, medievalista, estudoso de diversos autores da Terra Chá, así como do que el impulsou e bautizou como Camiño Primitivo e tamén autor de moitos ensaios e edicións críticas.

A xornada rematou, tras un xantar celebrado nos Cabanóns, cun concerto na Praza do Convento a cargo da Banda Municipal e as pandereteiras Nove Ferreñas de Meira, Miro Casabella, Mini e Mero, Tino Baz, Raúl Galego e Quintas Canella.

Un día para non esquecer.

Marica Campo (Revista Irimia)



O gaiteiro Raul Galego, os cantautores Mini e Mero, Quintas Canella, Miro Casabella e Tino Baz na Praza de Meira

2.- NADAL



O grupo Caivanca agardando os “reis” no Campo da Feira de Parga. Enriba a chegada destes á Casa do Concello de Guitiriz.

3.- A FESTA DO ENTROIDO no Pavillón de Deportes no que interviron ducias de comparsas e máscaras.

(Fotos Foto Suso)



4.- APADRIÑANDO UNHA ÁRBORE NA FERVENZA DE VILOALLE EN MONDOÑEDO

O 24 de febreiro Alfonso foi apadriñar unha árbore no nome de Xermolos e a Irmandade Manuel María á Fervenza de Mondoñedo. Na foto acompañado da Alcaldesa Elena Candia e representantes de colectivos mindonienses. Alfonso pronunciou estas palabras:

**UNHA BOA SEMENTEIRA**

Neste día xuntáronse todas as constelacións para mergullarnos neste mar de luz e calor que é hoxe esta “cunquiña deleitosa” que cantou Leiras Pulpeiro, demostrándonos que o que a boa árbore se arrima boa sombra o acubilla, un dito populat que tamén escoitei fai anos aquí na “Granxa” do voso les. San Rosendo, daquela un centro de formación agraria, ao que vin dar clases de relixión uns meses. Tempo abondo para aprender das e dos alumnos naquel ano a importancia da nosa sabedoría labrega que eles recibiran dos seus maiores atesourando esta saúde nosa e da Nai Terra que nos agarima, verdadeiros mestres nesta ciencia coa que foron experimentando con lentura, por exemplo, cales son as especies arbóreas máis axeitadas ao noso chan e ao noso clima, emporiso rexeitan a invasión de eucaliptais no noso país, e mesmo aquí a carón noso.

E seguides cultivándonos con este amor polas arbores permitíndonos hoxe sentir o entusiasmo de que o que pranta unha árbore ten un fillo máis ou un afillado, Así o sentiría Rosalia de Castro da que hoxe festexamos o seu nacemento cando decidiu facer o seu retrato de familia á sombra da figueira, unha filla máis, que ela mesma plantara na súa casa de Matanza de Padrón.

Apadriñar unha árbore en Mondoñedo, a orixe da primeira Festa da Arbore en Europa no 1569, é un privilexio para a Irmandade Manuel María e para Xermolos e con elas e eles vou partillar esta emoción e comunicovos o seu agradecemento. Sodes pioneiros xa no s. XVI en promover plantacións de castiñeiros e carballos, mesmo impedindo a súa tala.

Hai días especiais e hoxe é un, coma foi aquela xornada na que Alvaro Cunqueiro quedou impactado vendo por primeira vez o tren, un sinal do progreso noutroa. Foi en Guitiriz cando acompañaba á súa nai ao Balneario

Vimos da Terra Chá polos camiños que gustaba percorrer Cunqueiro, ata o Mondoñedo no que acadaron o seu vigor poético os autores chairegos: Chao Ledo, o Noriega Varela de Mondoñedo e Abadín coma algúns dos alumnos deste les, Aquilino Iglesia Alvariño, Crecente, Díaz Castro e outros..., e todos eles transmitínnos o recendo e as cores destas árbores. !Canto saben de todos eles e gardan na súa memoria, as árbores da Alameda dos Remedios ou da Fervenza de Viloalle!. Estas paisaxes son familiares aos que constituímos a Asociación Abrindo Camiño xa que nos acubillan acotío co seu acougo e permítínnos enfortecer as nosas raíces. Un camiño que aprendín vindo á Granxa e mesmo levando un ramillete de pudias e da flor de toxo ao pé de Alvaro Cunqueiro os 28 de febreiro, ou nas súas vésperas coma hoxe, debecendo por “mil primaveras máis”.

Alfonso Blanco Torrado

5.- O 21 DE MARZO, ao COMEZO DA PRIMAVERA

POLO RAÑEGO

“O martes pasado, o 21 de marzo, a fortuna quixo que volvese a escoitar a música do Rañego ao abeiro do seu muíño, participando do II Congreso Lucense de Medio Ambiente, e coma sempre enchoupeime dos tesouros da Nai Terra neste recanto máxico, era o comezo da primavera, aínda co clima non o reflectise, quizais pola desfeita do cambio climático, en vésperas do Día Mundial da Auga e da Festa da Árbore en moitos dos nosos centros de ensino, pero a calma e a paz do río fíxome comprender que el sempre está alí chova ou raie o sol, rexo e cantareiro, para manter viva a harmonía con todas as criaturas, dende a herba pequerrechiña á troita brincadeira, máis alá dos días mundiais e das turbulencias do clima. E coa música de fondo do muíño volvíñ a lerlle os versos de Díaz Castro: “Herha pequerrechiña que con medo surrís ó sol que vai nacendo e morrendo sin ti, ¿porque de ser pequena te me avergonzas ti? ¡O Universo sería máis pequeno sin ti!”. Estaba a darnos unha nova lección de sinxeleza, a que asimilaron os escultores dos hectómetros literarios que o acompañan dende fai doce anos, mesmo algún abrollando e arrincando materialmente da Terra Nai coma o dedicado a Agustín Fernández Paz, que alimentou a súa agra literaria co seu humus, o que foi captando dende neno nesta ribeira fluvial. O que máis nos entusiasmou aos congresistas deste Curso de Saúde Ambiental foi a percepción de que os artistas erguesen estes monumentos sen escurecer nin rivalidar coas marabillas da natureza, respectando a febleza e inmensidade dos elementos naturais, porque coma explica o patriarca deles, Valdi, é absurdo competir coa Nai Terra, sempre a levamos de perder, e abofé, nesa xornada tamén aprendímos da febleza e sabedoría do Rañego que a pesares das inclemencias do clima, el foi capaz de mergullarnos no seu caudal de paz bicando co seu frescor a todas as criaturas. Despedinme deste compañeiro fiel agradecendolle o seu ensino moi superior aos relatorios que fixemos os especialistas e algún principiante no auditorio. Nesta nova visita o seu caudal siguiu a ser o eco do maxisterio permanente da Nai Terra que está a urxirnos que aprendamos dela a valorar a nosa diversidade para medrar en harmonía e boa convivencia”.

Alfonso Blanco Torrado. El Progreso, 28 de marzo de 2017.



CELEBRANDO A PRIMAVERA no II Congreso Lucense de Medio Ambiente – LVII Curso de Saúde Ambiental en Vilalba o 20-23 de marzo no que Alfonso recibeu o recoñecemento a prol duns concellos saudables e sostibles 2000-2010, nun acto no Auditorio de Vilalba, na foto.



Ao día seguinte pronunciou esta charla no mesmo Auditorio:

A Terra Chá como un destino turístico grazas á natureza e á cultura chairegas

Alfonso Blanco Torrado

Falo dende unhas asociacións culturais que conciben o seu traballo cotián coma fornecedor de saúde para o universo e todas as súas criaturas, porque sentimos a cultura e as artes coma ferramentas para valorar a diversidade da vida e crear máis igualdade, harmonía, empatía... Tamén coma alento para seguir soñando e actuando dun xeito sostible porque outro mundo é posible, xa que as artes e o amor permítenos vivenciar a utopía nun mundo que non estima o voluntariado nin a sensibilidade estética.

Galiza formouse dende comarcas ou rexións diferentes que foron abrollando na singularidade de cada paisaxe que nos conforma e viste nesta marabillosa eclosión que é a vida xa que a natureza é unha mestra en ensinarnos que o mundo é plural e diverso.

Alguén cualificou a Terra Chá coma unha “patria poética” pola xenialidade das e dos seus poetas, pero a súa achega é moito máis, pois acada aos canteiros e artesáns, á pintura, fotografía, cine, música, gastronomía... E si os elementos naturais a definen coma un espazo singular polos seus ríos calmosos e vagarosos, polas chairas que apuntan a horizontes inabarcables e a soñar máis alá do que vemos, e tamén polas veigas e lagoas que nos enchoupan no misterio, no descoñecido, nas nosas raíces..., foi esta comunión coa contorna a que foi xerando na súa poboación un carácter aberto e acolledor nas relacións sociais, comunicativo e creativo, coma demostra a proliferación de artesáns, feiras, festas, lendas..., un agarimo especial polas cousas máis sinxelas e febles...

Esta empatía e señardade marcounos sempre, e a súa expresión máis certa atopámola nas artes, principiando pola literatura oral, a bioconstrución da arquitectura popular, a alternancia de labores e festas estacionais...

Unha linguaxe con trazos propios coma o “i” esperpéntico que utilizamos no medio de formas vocais, e así dicimos: ceio, ialma... Estamos a falar do chairego que nos descubriu o Premio estatal de Literatura Infantil Paco Martín en Cousas de Ramón Lamote, ao que dedicamos o primeiro Hectómetro Literario no Paseo do Rañego, aquí en Vilalba, integrando a música do río e do muíño coa nosa fala.

Este Paseo dos Soños que visitamos este martes, é un reflexo de como todo redonda na saúde da Nai Terra e das súas criaturas propiciando unha sinfonía plena entre as e os veciños que a cotío disfrutan do acougo do río e do bosco fluvial, ao pé de once hectómetros literarios que se alongan cada ano coa filosofía de que as pezas non desentoen co medio, porque os canteiros e escultores chairegos coma Marcos Ladra, Ramón Villar, Valdi, “chairego de honra”, teñen claro que ningunha obra humana pode escurecer ou rivalizar coas marabillas da natureza, rexeitan erguer artiluxios que impidan disfrutar do sol á troita brincadeira ou á herba pequerrechiña que canta Díaz Castro:

“Herha pequerrechiña que con medo surrís ó sol
que vai nacendo e morrendo sen ti,
¿porque de ser pequena te me avergonzas ti?
¡O Universo sería máis pequeno sin ti!”.

Na Chaira o patrimonio natural, arqueolóxico e histórico forman unha simbiose, unha rede que engarza todo o noso universo, o herdo que recibimos dos nosos devanceiros. Nesta apreciación cadramos todas e todos os que participamos, asociacións e administracións, o pasado día 9, aquí en Vilalba, para elaborar o Plan Estratéxico da Provincia de Lugo 2017-2020, un plan froito da participación do sector tanto público coma privado relacionados co turismo na provincia de Lugo, e en concreto na Terra Chá.

E cando falamos do cultural non estamos a cantar unha relación romántica, estamos a glosar un xeito de crear rigoroso e reivindicativo, mesmo análises totais do noso medio, así cando queiramos facer un tratado científico de calquera eido do noso ser e facer chairegos temos que acudir a Manuel María, e sobre todo ao seu Terra Cha, a nosa biblia... Non foi o que a inventou, pero si o que a sinalou no mapa do mundo cuns versos que son un xeito de coñecemento máis fiel cas turbulencias políticas que a cuartearon e guindaron o seu Outeiro ás portas da muralla romana.

E foron estes creadores os primeiros en denunciar as desfeitas e aldraxes á natureza, así a despoboación, e por proximidade sigo apoiándome na escrita do poeta das Terras de Parga, Xosé María Díaz Castro:

“Tódolos mórtos de Galiza, ergueitos,
xa protéstan a bérros pola térra perdida,
polas casas envóltas en silvas e feitos,
polo sangue zugado dunha eterna ferida”.

Si, a nosa terra está en trance de desaparecer pola nosa desidia e abandono, por esa prepotencia inimiga do noso amor ás criaturas máis febles e contraria ao humanismo que caracteriza o temple da nosa tribo.

Temos que tomar medidas paliativas para frear esta desfeita. E xa estamos en camiño, primeiro, espallando coa nosa cultura, mesmo dun xeito lúdico, a riqueza de todos os elementos que compoñen a nosa contorna porque ninguén valora o que non coñece, e así Xermolos está a loitar pola recuperación da Casa de Díaz Castro coma un estímulo permanente que active todos os recursos para dar a coñecer e conservar o noso patrimonio,

Un proceso longo que non descoida ningunha expresión creativa, así con varios vídeos e spots, un dos máis novos produtores da imaxe, Bruno Pena, aposta por ligar a restauración desta casa coa recuperación da paisaxe, os oficios, o rural, buscando a interacción entre as e os sabedores do noso (labregas, zoqueiros, ferreiros...) e as novas xeracións para contaxialas da necesidade de manter viva a nosa paisaxe e a nosa cultura. Este creador adoita rematar as súas curtas con imaxes alongadas da paisaxe producindo nos espectadores a emoción dunha natureza e unha cultura que está a medrar cos séculos.

Nesta liña de valorar o noso patrimonio, mesmo de sanar as súas obras prexudicadas polos anos, estamos a percorrer Galiza cunha exposición dun dos nosos pintores e escultores máis egrexio, Anxo Lamas, que doou a súa colección de escritoras e escritores chairegos para a Casa de Díaz Castro. Son táboas de casas antigas: trabes, vigas, portas, etc., que estaban destinadas ao lixo ou ao lume, dos que el salvounas, saneándoas e pintándoas con palabras e imaxes alusivas á Chaira, converténdooas

en obras de arte. Unha práctica que acae coa reciclaxe coma unha medida que alonga a vida do noso patrimonio. Esta teima cadra coa vontade de Xermolos de converter a casa do poeta, arestora en ruínas, nun manancial de vida e recursos para o patrimonio rural.

Este compromiso dos creadores ten amplo eco nas asociacións culturais da Chaira que dan exemplo uníndose para coordinar e xestionar información sobre os recursos da comarca coma podemos significar en varios momentos do ano, así a comezos do outono cando a Irmandade Manuel María e Xermolos convocan a Festa da Afirmación e Dignidade coa que se está a loitar contra a invasión de eucaliptais no Pedregal de Irimia, nacemento do Miño, reivindicando a súa declaración de Monumento Natural, entregando cada ano as “mans de Irimia” do escultor Manuel Pardo de Meira a valedores da nosa paisaxe coma o mesmo Anxo Lamas ou Ricardo Polín, o antólogo das nosas árbores senlleiras coma o carballo de Luxos (Pacios de Castro.de Rei) que cantou Xosé Crecente Vega ou o lanzal cedro da Casa de Hortas de Manuel María, e investigador tamén dos camiños que gardan viva a nosa memoria... O ano pasado homenaxeamos a un profeta loitador pola saúde do noso medio coma foi Xosé Chao Rego, autor de Camiño verde: ecoloxía e creación (1996) e promotor das Romaxes en santuarios da natureza con convocatorias tan chamativas coma a do Pedregal de Irimia (“Eu renazo galego”), a do San Alberte do Río Parga (“A fala é camino”), e seguindo a rota do “Pai dos nosos ríos”, a Carballeira de Santa Sabela (“Venturosos os pés dos que anuncian a boa nova”), Penas de Rodas en Gaios-Outeiro (“Desorballando soños”), ou a Praia do Río en Baltar-A Pastoriza (“Rexos coma carballos”)... E sempre está presente no Pedregal, o poeta de Meira, Avelino Díaz, que alimentou a súa señardade na emigración e no exilio en Bos Aires identificándose co fluír do Miño da súa crianza, porque todos temos un río ou regato na nosa nenez, do mesmo xeito que Xosé Otero da miñota Ponte de Outeiro recolle e recrea ese universo de lendas que foi xerando a Serra de Meira..

A música chairega é fiel ás esencias da nosa natureza, coma os mananciais das augas limpas dos nosos ríos dende o gaiteiro Xosé Seivane ata Os Miñotos ou A Quenlla, os cantores da nosa poesía e os intérpretes de todas estas romaxes, Si o cristianismo ergueu capelas en fontes, cimas dos montes, ao pé de penedos..., por consideralos espazos significativos, arestora nestes mesmos centros simbólicos a mocidade acampa no verán inzando cultura e festa, sentíndose acollidos e agarimados pola Nai Terra e polo Pai Miño coma os festivais da Chaira en Baltar ou o de Rábade que creou a Asociación Chaira xa no 1979, na carballeira do balneario de Pardiñas ou a Xira no Magdalena, aquí ao noso pé...

A escultura e pintura están a defender con unllas e dentes a natureza, só un exemplo, o castiñeiro no que o escultor e tamén poeta, Vítor Curral de Baamonde, esculpiu unha imaxe para que ao ampliar a Nacional VI non o derrubasen nin puxesen en risco os cimentos da súa igrexa románica. Tamén esta acción reivindicativa ten eco nas novas xeracións que crearon a asociación O Castiñeiro Milenario para seguir nesta defensa do patrimonio.

A Casa de Díaz Castro vai ser coma o Fogar dos Poetas dos Ríos, porque como estamos a ver as e os escritores chairegos identifícanse cos ríos e regatos da súa crianza coma o mellor vencello coa natureza: o Miño de Manuel María, o Iglesia Alvariño que nestes días laiase da contaminación do Azúmara, o Magdalena de Chao Rego ou Agustín Fernández Paz. O Díaz Castro do Parga que atopou neles a mellor imaxe da súa vida e obra:

“Coma un río quixera eu ser: cantar
con estrelas no lombo cara ó mar,
deixando unha chorima en cada pedra,
e unha bágoa de Deus en cada herba.

(...)

E eu coma un fondo río de recendos,
de voces e de luces: coma o aire,
que beixa todo e non se apousa en nada
máis que no sangue, na raíz do sangue...”

Esta identificación non é so un canto, ten que ser un alegato contra a contaminación, o abandono dos ríos, a destrución da flora e fauna fluviais, etc., emporiso a Casa de Díaz Castro vai ser un espazo de debate sobre a calidade de vida na comarca, por exemplo das augas, tendo en conta as residuais e os abonos, as pragas que están a atacar os amieiros e os castiñeiros e a invasión de flora e fauna alleas...

Dende este centro faremos incursións en todos os eidos, sobre todo loitando contra a despoboación do rural a través de cursos sobre cooperativismo, montes comunais, produtos ecolóxicos..., porque consideramos que o seu abandono é a principal causa da desfeita do patrimonio natural. Si agora os ríos, os camiños, os montes están abandonados, ¿que será cando as aldeas estean desertas?

O Fogar dos Poetas dos Ríos é tamén a CASA DA XENTE. Non queremos un parque temático nin só un museo, queremos un espazo de encontro para coñecer e disfrutar do noso patrimonio, e sobre todo de sensibilización cara o herdo dos nosos antepasados para poder mantelo dun xeito digno, e nesta liña estamos máis centrados na mocidade, proxectando coas administracións Campos de Trballo para actividades medioambientais e arqueolóxicas, que axuden a coñecer e valorar o noso medio. Somos dos que cremos que é unha regalía poder movernos polo mundo grazas ás novas tecnoloxías, pero para poder coñecer mellor as outras culturas cómpre apreciar e valorar a propia, e con estas raíces, coma os carballos, abriremos con acerto á inmensidade do mundo dende a nosa singularidade. E neste marco apostamos por converter a Terra Chá nun destino turístico, porque estes vencellos de creación entre a natureza e a cultura son o mellor reclamo para mergullarse nun rural vivo. Mesmo provocando estadias nas nosas vilas e parroquias, así facendo convenios con establecementos hostaleiros para acoller creadores que poidan crear ao abeiro da nosa paisaxe. A restauración da Casa de Díaz Castro vai acoller tamén unha “Pousada de Creadores”, polas características únicas desta aldea e paisaxe, convertendo a Terra Chá nunha ampla residencia de creadores, ofrecendo espazos e tempos propicios para a creación.

Pola identidade propia destas asociacións protagonizadas pola mocidade (Festival de Pardiñas...), a restauración desta casa está a ter moito eco nas novas xeracións, emporiso, un dos seus destinos vai ser a organización de actividades para elas e eles coma Campos de Trballo, acampadas, olimpíadas populares, obradoiros de todas as artes. Partimos dunha experiencia moi positiva: o alumnado do IES de Guitiriz, guieiros/as de centros de ensino que visitan todos os cursos esta aldea para descubrir a flora, a fauna, os restos arqueolóxicos, a cultura da Terra Chá. Gústame falar con datos concretos, e lembro agora mesmo coma van visitarnos nestas semanas o Liceo de A Coruña e un IES do Carballiño. E nesta liña sérvenos a experiencia de 38 anos do Festival de Pardiñas onde mostramos a nosa cultura en diálogo coas doutros pobos, e así plantexamos esta filosofía en Bruxelas, no Parlamento Europeo, porque queremos que a Casa de Díaz Castro sexa lugar de encontro das mocidades de Europa e do mundo, principiando polas redes sociais, informando e captando novas e novos hóspedes da Terra Chá. O festival axudounos a crear redes de amizade en moitos pobos e a Casa de Díaz Castro vai ser coma o faro e posto de mando chairego que permita arribar á xente. Saúde e Terra. Alfonso Blanco

6.- Xa no **MAIO FRORIDO** celebramos a FESTA DA FALA no SAN ALBERTE



Sons da Aldea na Festa da Fala

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ SOÑOU no 1994, no seu pregón de Pardiñas, o que Xermolos ía facer vinte anos despois, a FESTA DA FALA. Escoitádeo:

“E non é casualidade que nesta Festa, nesta Romaxe, esteamos tan perto do San Alberte de Parga, avogado da fala (e ben podo louvar eu a súa man milagreira, porque este home que hoxe vos fala aínda prendía de abondo nos seus anos de neno. A viaxe ata a capela do Santo, da man da miña irmá, supoño que tivo moito que ver coa curación que agora ben notades vós).

E digo que non é casualidade que estamos tan perto do San Alberte porque eu, nesta Feira de Pardiñas, aínda que vexo moitas festas xuntas: a da amizade, a da arte, a da nosa cultura material, a da música que medra dende as raíces.... Eu quixera destacar aquí a que para min é a festa máis sentida: a Festa da Fala.

Non vos vou repetir agora aquí o que xa sabedes de vello, e que tantas veces se ten dito: que a lingua é a meirande creación que fixemos os galegos ó longo da historia e que é o noso máis auténtico sinal de identidade, a nosa raíz máis fonda...”.



Este ano dedicada ao escritor Agustín Fernández Paz que finou no xullo pasado. Foi a celebración das nosas letras con música, poesía, artesanía...

Festa da Fala 2017 dedicada a Agustín Fernández Paz

Todos os anos dedicamos esta festa a alguén que fixo o camiño coma nosoutros e nosoutras hoxe ata esta paisaxe máxica que é o San Alberte: o gaiteiro “O Belonio”, Díaz Castro, Manuel María..., e este ano lembramos a Agustín Fernández Paz, un dos nosos mellores narradores que nos deixou o 12 de xullo do ano pasado. El nunha homenaxe a Alfonso mandoulle este texto:

CANDO EU ERA NENO...

“Cando eu era neno leváronme ó San Alberte. Tiña poucos anos e tateaba como só o pode facer un neno obsesionado por dicilo todo e ó mesmo tempo. Meus pais consideraron que pagaba á pena unha viaxe ata a capela do Santo. E unha mañá miña nai e mais eu collemos en Vilalba o vello coche das feiras que nos había achegar á romaría. Hai cousas daquel día que se esvaeron da miña memoria e que, por máis que o intento, non consigo recordar. Pero hai sensacións que apousaron moi adentro e que veñen a min cunha nitidez de cristal: os zapatos luxados pola poeira do camiño, o sabor amargo das roscas pallaregas, a capela ateigada de xente e a misa interminable, o sol ardendo e as pingas de suor que esvaraban entre a miña pel e a camisa dos domingos, á auga correndo maina por baixo da ponte romana... Agora, desde a distancia de tantos anos, lembro todas estas cousas. E penso se isto do San Alberte milagreiuro non será mais que unha inmensa metáfora. Porque, nesta fin de século, hai un grupo de persoas que traballa para conseguir que Galicia abandone o falar tateado e recupere a súa voz. Persoas que, coma se fosen un San Alberte radicalmente humano, fan que xermole e saia fóra a voz auténtica do noso País. Alfonso Blanco é unha delas”

Agustín Fernández Paz.

II.- DAS IRMANDADES DA FALA ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAI

Despois de rematar a singradura soñada e anunciada despois de rematar o Ano Díaz Castro (2014): “De Díaz Castro a Manuel María”, coroada coa decisión posterior da Real Academia Galega de dedicar o 2016 a Manuel María, Xermolos propúxose facer outra andadura: “Das Irmandades da Fala ás Asociacións Culturais” na que estamos aínda mergullados. Antes de

rematar o 2016, “Ano das Irmandades da Fala”, o noso coordinador Alfonso Blanco participou en varios actos para dar a coñecer o herdo das Irmandades, dende unha charla na Casa das Palabras, o 22 de setembro, unha tertulia na Facultade de Xornalismo na Universidade de Santiago con Xoán Xosé Fernández Abella e Mero Iglesias e o Banquete de Guitiriz, o 19 de novembro, que a ANG (Assemblea Nacional Galega), asociación organizadora convocou como “Banquete do Novo Galeguismo e do Centenario das Irmandades da Fala”, e onde Alfonso lles deu a benvinda aos participantes, na foto.



Foto grupal na escadaria do Balneario de Guitiriz (assembleianacionalgalega.org)

1.- Unindo forzas **AO PÉ DA PRAVIA DE VILALBA** para celebrar ao dinamizador de tantas asociacións, **Xulio Xiz**.

Xermolos camiña á par de moitas asociacións no curso do ano, así durante o verán do 16 foi preparando coa Asociación de Veciños de Porta da Cima e co Concello de Vilalba a colocación dun novo hectómetro literario, obra de Valdi, no Paseo dos Soños do Rañego, dedicado a Xulio Xiz, e nada mellor que buscar o amparo da pravia que alumea as novas iniciativas da vila.

“O pobo de Vilalba homenaxea a Xulio Xiz cunha escultura no Paseo dos Soños.

A inauguración da escultura, obra de Valdi, terá lugar o domingo 18 de setembro no marco doutros actos de homenaxe impulsados por un grupo de amigos e veciños da rúa Porta de Cima que contan coa colaboración de Xermolos - Irmandade Manuel María e o Concello de Vilalba. *(Xornal Terracha xa)”*



A comisión de Porta de Cima con Alfonso Blanco e José Antonio Pita

Pero antes no Auditorio de Vilalba escoitamos falar da inmensa agra cultural que está a labrar Xulio Xiz, foi unha “táboa redonda” na que tamén participou o veciño Darío Villanueva, Presidente da Real Academia Española

A XULIO XIZ, QUE NAS SÚAS DIVERSAS ACTIVIDADES MÓSTRASE SEMPRE COMO GRAN GALEGO E, CON TODA XUSTIZA MULTIPREMIADO, CO GALLO DA HOMENAXE QUE LLE RENDEMOS EN VILALBA O 18 DE SETEMBRO DESTE 2.016

É galego nos xornais, tamén na televisión,
galego de guionista, e galego de escritor,
galego no dixital, tamén de presentador.
A Galiza sempre amada, bate no seu corazón.

Non esquezámo-la radio, que é a súa alta pasión.
Miles de actos culturais teñen nel gran valedor.
Do Belén de Begonte, promotor e defensor.
O grupo de Fonmiñá presídeo, e o Orfeón.

É honra de Vilalba igual que de Galiza
o amigo Xulio Xiz, galego extraordinario,
que, nobremente, o noso vive, sente, humaniza

con espírito limpo, fraternal, solidario
e a xenerosidade maior sempre na liza.
Son nobreza e bondade o seu itinerario.

Os Tilos, 12/setembro/2.016

Xoán Xosé Fernández Abella

XULIO DO NOSO SANGUE

XULIO do noso sangue e do noso sentimento.

Ave cantora.

Luz que alumas coa lúa chea das palabras.

Semente necesaria de fulgor e música.

Fiestra que te abres ao longo das ondas da Valuria resoando
para percutir como unha aldraba na porta de Galicia
e penetrar de incógnito no noso profundo.

MODESTO nos xeitos, acariñado e desprendido,
mais acugulado da paixón que brinca e encende soños.

Vencello que une a cultura do noso
neste lumbrigar de procuras.

Campá insondábel ecoando

coa maxia da sonoridade

en sintagmas congregados coma arpexos

nun sínodo de beleza,

cando os harmónicos sinusoidais se descompoñen en harmonía
e harmonios de palletas libres

como paxaros polo ar senlleiro de notas musicais.

XIZ que marca o rumbo da nosa cultura

no nómeno da nosa Galicia

que espera coas chaves da memoria

vencellar aos nosos na causa da sabedoría ancestral

para levarnos a pedir o noso,

a pregoar o noso,

a sentir o noso,

porque ti es nós

e nós queremos ser ti.

Xulio do noso sangue

e do noso sentimento.

Xulio, ave cantora, luz, fiestra, paixón, campá

que tocas e posnos arrebatado co éxtase da palabra

preñada de pareceres, hidromeles e elixires máxicos.

Deus te garde,

Xulio da nosa alma e do noso sentimento.

Xosé Otero Canto

18-09-2016

A Xulio Xiz

Hoxe viñemos ao pé do Madalena
a recibir os soños como as raiolas deste día.
Raiolas azucradas mornas
que escriben palabras de marabillosa caligrafía.
Palabras pois dimensionadas de profundo significado,
que din afectos, que din amizade. ...
que abren corazóns,
que abren portas.
Son palabras de irmandade,
palabras de tribu,
que concretizan verdade.
que determinan Terra
En ton sostido...
de música...
e de poesía.

Hoxe viñemos ao pé do Madalena
En abrazos de emocións sentidas
coas mans delicadas e puras, traballadoras do canteiro,
dicindo mañá
nos ollos que afirman este presente
Presente para camiños limpos
e nomes de postín
e de respecto
propios... necesarios...

E así dicimos Xulio
para que ese dicir Xulio
apoie as nosas palabras
e faga panca de enerxética conquista
na luz soleira das nosas vidas
escoitando os pasos das maiores gratitudes.



Valdi abrindo as ventás ao mundo na compañía de Alfonso Baamonde, coordinador da veciñanza da Porta de Cima.

Hoxe viñemos ao pé do Madalena
no sumar dos hectometros merecidos
ponéndolle color de campar ben
ás palabras que se moven nesta roda,
cando setembro a pouco deixa irse
a canción comunal das ardentías
e o outono acode noviño e fresco
para coller lugar ao quente nas nosas casas
na lembranza dos froitos madurados,
e onde os recoñecementos coma o de hoxe
marcan a evocación amical serena
que conforma o fondo que sustenta
a memoria de fidelidade de Xulio...

O seu ben ser...

O seu ben facer...

Hoxe viñemos ao pé do Madalena
collidos da man dos tempos persoais
que escribiremos nos corazóns
dos que aprendemos...

que o que importa

son os soiiars de pobo compartidos
e asemade as dignidades...

que nos marcan os andares do camiño...

e así construindo máis ca nunca

a memoria persoal e colectiva,

unindo pasado e presente

no futuro da nosa mellor obra realizada

a que volve o vivido... magnífica obra de intensidade

escribindo sen mentiras, claramente,

os remites das nosas cartas desexadas.

david otero/ 18/9/MMXVI



*Táboa redonda sobre a traxectoria de Xulio Xiz,
entre os alcalde de Vilalba, Gerardo Criado,
e o presidente da Real Academia Española,
Darío Villanueva, no Auditorio de Vilalba.*

Xulio:

a túa e nosa Irmandade Manuel María,
na querencia solidaria de Xermolos como casa de ben e comunal,
queremos dicirche...
e logo do poema lido...,
que este hectómetro de merecido recoñecemento
faise rúa nova de marabillosa frescura
que na puraza do teu exemplo
afortece ao vello camiño interminable delte proxecto compartido
mentres vaiamos teimosamente co amor a esta tribu nosa
na disposición de acoller por sempre a nova maior verdade:
o noso pobo,
a nosa cidadanía.

Hoxe, irmán Xulio,
imos do eu ao ti
e somos máis nós.
Velaí o noso aporte
nesta sinxela emoción xigante
que avala calquera sentimento
que asina este recoñecemento.
Xa que logo...
ben e disfrute para ti por sempre.
Así...
Xulio... contigo
os soños non acaban nunca
Celebremos pois o momento.
Sigamos anotando posibilidades
E sigamos facendo deste teu día Xulio...
Un día vivo
Un día vivo tal bandeira...
que colocar no maestro da nosa maior irmandade.



(Palabras de David Otero na inauguración do hectómetro literario)

Vilalba, 18 de setembro de 2016

PALABRAS DE XULIO XIZ

Teño que empezar dando grazas a todos... a todos vós, por asistir, amigos; aos promotores desta desmesura, os amigos e veciños da Porta de Cima; ao concello de Vilalba; á Polifónica de Vilalba, da que me honra ser o primeiro socio de honra; ao director da Polifónica, García Amor; ao seu presidente, Alfonso Baamonde; a Alfonso de Guitiriz, por existir e por todo; a Mini e a Mero, que me tratan de irmán e así os considero; aos que falaron: Mato, crego da familia, compañeiro e amigo; Xosé Manuel Carballo, voz chairega coa que nin o cancro pode; Darío Villanueva, mestre da lingua, prestixio para Vilalba; Marica Campo, amiga desde que naceu á poesía; e Ana Isabel Rodríguez, que menciono ao final por ser da familia –Carlos, Pepa e Ana- que coa miña, afrontou a maior toleada ilusionada que podemos concebir cando creamos a primeira TV local de Lugo. Grazas infinitas a todos por tanta amizade, atencións e fervor.

E teño que seguir dando grazas a meus país que, vindo de Ambosores-Ourol e O Freixo-As Pontes, escolleron Vilalba para me nacer, e diante da miña febleza decidiron que non valía para o traballo físico, así que tería que estudar, sendo –trala morte de meu pai- miña nai quen afrontara en solitario aquela fazaña na Vilalba daquel tempo. Nunca lle darei pagado a miña nai o seu traballo, o tesón, a súa fe en min; e a entrega de toda a súa vida.

Este que aquí vedes, non é un home só, senón que afortunadamente é un conxunto familiar do que el aquí e agora só é o mascarón de proa. E sabido é que os mascaróns de proa, ás veces, non son a parte máis fermosa dun navío clásico.

Se, como manda Ortega, unha persoa é ela e a súa circunstancia, as miñas circunstancias comezan con Merce, a miña muller (Amaral canta “Sin ti, no soy nada”; pois iso), e seguen cos meus tres fillos –fillo, filla e nora-, cinco netos, máis toda a familia adquirida –nunca lle chamarei familia política-, 34 deles, aquí presentes; outros máis, representados; e varios ausentes, sempre na nosa lembranza... Porque hai moito tempo que descubrín que a patria da persoa é a casa, e que todos temos que procurar casa onde volver, onde conten connosco, onde sexamos alguén. E nesas circunstancias tedes todos vós, tamén, moi boa parte. Pois a familia e os amigos son a única riqueza da que un pode presumir sen traicionar á conciencia.

Por iso, esta homenaxe é ao Xulio Xiz conxunto, que eu non sería quen son se non tivese quen me permitise e me axudase a selo, quen –como o Conde Arnaldos- indo comigo, escoite a miña canción que, polo que se ve –afortunadamente-, dígoa a moitos máis dos que eu puidera soñar.

E o mesmo que Cisneros amosou aos nobles levantiscos unha batería de cañóns prestos a entrar en combate, indicando “Estes son os meus poderes”, eu debería dicir iso mesmo hoxe facendo formar ao meu grupo de combate, aos que a miña muller e máis eu inculcamos –e os maiores aprenderon e os máis pequenos están niso- que vale moito máis “ser” ca “ter”; que na vida hai que camiñar firme e dereito. Que ser unha familia é un todo irrenunciabile, que ou triunfamos todos xuntos ou todos xuntos nos afundimos. E máis de medio século despois doulle a razón unha vez máis a D. Daniel da Academia –sempre Vilalba na memoria-, que hai sesenta anos, nos dicía aos seus alumnos: *“llegará un día en el que lo verdaderamente valioso lo llevareis en vuestras mentes... Y será lo único de auténtico valor que poseeréis”*. Á súa palabra acudo para certificar que o único que acredita a unha persoa é o que leva dentro, o seu labor e a xente que o quere.



VECINOS DA PORTA DE CIMA
 CONCELLO DE VILALBA
 IRMANDADE MANUEL MARIA
 A. C. XERMOLOS
 EN HOMENAXE A XULIO XIZ
 18/9/2016

Aquí metedes, pois, lixeiro de equipaxes terreaís, rico en familia e amigos, en inquedanzas, proxectos e ilusións, elementos que na actualidade parecen non valorarse, excepto en Vilalba, cousa que moito dí a favor deste gran pobo, e de todos vós. Hoxe, é un dos días máis importantes da miña vida. Xuño de 1956, eu facía a primeira comunión, e miña nai –daquela, aínda falabamos en castelán– díxome: Ten en cuenta que hoy es el día más feliz de tu vida. A min parecíame que naquela negra época, no que todo futuro era imperfecto, era imposible falar do día máis feliz e respondinlle co saber/querer saber dos nenos: El día más feliz de mi vida, será el día en que me case...

Nin foi o día máis feliz o da primeira comunión, nin o da voda, que a felicidade matrimonial teño que repartila entre os 17.898 días tranquilos, sereos, que Merce e máis eu levamos xuntos, entre noivado e matrimonio. E teño a cifra presente, porque precisamente onte, 17 de setembro, cumprimos 49 anos de feliz relación.

Se a isto unimos os nacementos de fillos e netos, as pequenas ledicias de cada día, as viaxes, os libros lidos ou escritos, os milleiros de artigos publicados, as paroladas públicas, a paixón de falar pola radio, os centos de amigos, o Certame de Vilalba, o “Manuel Rodríguez” de Paradela, a Mostra folclórica de Viveiro, o Belén de Begonte, o Orfeón Lucense, o Grupo Fonmiñá... coidaba ter cuberto o cupo da felicidade á que un ten dereito a aspirar. Porque un procura traballar a felicidade das pequenas cousas que á vez contribúen a facer felices aos demais, e esa felicidade un tamén vai recibindo importantes anacos.

Queda moi lonxe o tempo escuro –e sen embargo feliz– da nenez vilalbesa onde miña nai e máis eu sabíamos –como logo dixo Novoneyra– que “a vida podía ser outra cousa”. Pero o pasado segue a pesar como unha lousa, e cando vexo unha muller cun neno, sós pola vida, apértaseme o corazón. E como a vida ten razóns que a razón non entende, de novo na familia se repite esa especial situación de muller sóa (con tres nenos), pero afortunadamente non son aqueles tempos, e –de novo, a forza da familia– en toda escuridade hai fogueiras, labaradas, de vida, de ledicia e esperanza.

E de repente comprobo que pode haber outras felicidades, ás que un non aspira por coidar non merecer – con este motivo levo dito varias veces “Dominus, non sum dignus”- que estoupan no cerebro como unha porta que se abre, e un descubre un novo mundo ao que nunca pensou acceder.

Na vida se me houbera ocorrido pensar que os veciños da miña Porta de Cima promoverían que se me homenaxeara na miña primeira patria, “onde o mundo se chama Vilalba”.

Pero este que, sí, é un dos mellores días da miña vida, tamén me produce un importante desacougo... De acordo coas vellas leccións de contabilidade por partida dobre, eu era consciente que cada conta cárgase co que entra e abóase co que sae...e tentaba atender a facer honra axeitada a quen me demostraba amizade, procurando un “ten con ten” tranquilizador para que ninguén me quedará coa conta “desaxustada”.

Pero este día, que me reconforta e estimula, do que toda a miña familia é testemuña, “descádrame” as contas... porque por moito que viva e me esforce, non poderei facer constar o meu agradecemento –xa non digo devolver este gran favor- e nesta especial contabilidade, nunca poderei equilibrar o saldo como todos vós me merecedes despois desta homenaxe que agradezo; que toda a miña familia agradece na alma.

Consciente das realidades que nos rodean, eu funme adaptando aos tempos que vivo, moi preto dos setenta anos, e estaba preparado para unha vellez máis amarga, con problemas de relación, con soedade e incapacidades...e atópome cunha madurez espléndida na que comprobo que nunca mellor estiven, que teño que facer aínda infinitas cousas, que se me aprecia e que no meu pobo –o máis valioso é que os teus te estimen- consideran que son merecente de honra.

Eu tomo esta homenaxe como un “suma e segue”, que me enche de responsabilidade con todos vós, que me indica que o camiño é o axeitado, pero queda moito por percorrer... e quero seguir facendo camiño ao andar, porque este que aquí vedes, por dentro, segue a ser aquel rapaz de dezasete anos que hai cincuenta e dous saíu de Vilalba para comerse o mundo. E se cada un de nós vai comprobando que o mundo é incomedible, a verdade é que lle teño pegado uns cantos bocados e pensó seguir dando moito que facer, en paz, que o de dar guerra non vai comigo.

Non sei os anos que poden quedar para irme convertindo no home que quero ser; que vós estimades que son. Pero tede por seguro que seguirei “verso a verso, golpe a golpe” (sempre Machado), mentras me queden forzas; e máis despois.

A nai de Merce, posiblemente a mellor sogra do mundo, Josefa do Portelo, do Buriz, cando andaba polos noventa e catro anos moi ben levados, adoitaba dicir: Bueno, agora, a ver se chego aos cen... porque aos cen, o corpo xa ten achaques.

Agardo que a vós e a min os achaques (dos cen?) nos collan con ben, e coa cabeza despexada. Que todos o vexamos e o disfrutemos. Contade comigo no que eu poida, agora, sempre, e máis despois.

Gustárame saudarvos a todos, un a un. Aos que non podeades ir ao Restaurante aquí, ou no Paseo dos Soños. Aos que vades ao Restaurante Montero, alí, antes do remate.

Pero a todos quero facer constar de novo o meu agradecemento, nos tres idiomas que aspiro a dominar: Grazas, no galego normativo; gracias, en chairego, ao que a normativa aínda non puido domesticar; e graciñas, na íntima linguaxe da amizade, do corazón... A fin de contas –faltábame o Manuel- os desta terra medímonos/medímola con “ferrados de corazón/fanegas de alma”.

Os ferrados de Vilalba –tamén os do corazón; especialmente os do corazón- son os máis amplos de Galicia... Todos vós sodes a proba. Estou en débeda con todos vós.

Graciñas por sempre.

XULIO XIZ

2.- Pero foi o encontro con asociacións culturais e xente de toda a cultura: actores e actrices, músicos, directores do audiovisual, editoriais... de todo o país, un dos fitos que defineu o ano que vai dende o derradeiro festival ata hoxe.

Fomos escollidos e convidados polo Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica para debater sobre “A situación da cultura galega” no Parlamento Europeo, en Bruxelas, o 7 e 8 de decembro, a través da eurodeputada Lidia Senra.



COMUNICADO QUE XERMOLOS TRASLADOU AO PARLAMENTO EUROPEO

Ao recibir o convite para participar no encontro sobre “A situación da cultura galega” no Parlamento Europeo, en Bruxelas, o 7 e 8 de decembro, Xermolos decidiu plantexar nel a situación da Casa de Díaz Castro, en ruínas, na voz dos dous nosos representantes que viaxan na comisión que elaborou a “Declaración” que imos ler alí “sobre a situación da cultura galega e das e dos profesionais do sector”, e solicitar a súa axuda para a recuperación, un reflexo máis da falla de apoios que sofre a nosa cultura, sobre todo no rural. É unha teima non doada para unha Asociación Cultural sen fin de lucro, que leva 40 anos loitando pola cultura coma unha ferramenta para crear vida no noso país, mantendo o Festival de Pardiñas, 37 edicións, abrindo unha biblioteca todos os días, encontros dinamizadores das nosas raíces... Cando o poeta retorna a Galicia despois de vivir en Madrid a maior parte da súa vida, converte a nosa asociación no seu segundo fogar, e Xermolos comprometeuse a reivindicar a súa poesía e compromiso co noso pobo. Era un escritor descoñecido para as e os veciños e un dos cumios da literatura galega para os criticos literarios. Para nosoutros a súa casa natal ten espírito e futuro, non son só unhas paredes, e aínda que loitamos para que todas as casas teñan vida e non haxa ninguén que non teña casa, temos a garantía de que este espazo máxico vai converterse nun manancial de enerxía para visualizar e revitalizar a nosa cultura rural. Partimos da experiencia que tivemos coa obra do poeta. O pobo

non a coñecía. Cando finou deixounos os seus versos inéditos, pertenzas persoais, apuntes..., e cando no 2014 a Real Academia Galega e a Xunta de Galicia lle dedicaron a Festa das Nosas Letras e o Ano Díaz Castro, Xermolos sinteu a responsabilidade de devolver ao pobo a súa obra inédita, e os investigadores publicaron a súa poesía completa e outros escritos. Non podíamos ser egoistas e seguir gardando esta herdanza literaria, só para nosoutros e nosoutros. Agora queremos facer o mesmo coa súa casa, devolvela ao pobo porque lle pertence, non para convertela nun museo nin nun campo temático, senón nun espazo de iniciativas para todas as asociacións do país que queiran facer algo polo noso rural: debates sobre cooperativismo, montes comunais, os nosos sinais de identidade, olimpíadas populares, ecoloxía, e todas as facianas da nosa cultura..., ademais de ser o lugar para dar a coñecer a obra de Díaz Castro e dos outros autores da Terra Cha que consideramos as e os poetas dos ríos, porque son e foron os que cantaron a súa importancia vital na nosa paisaxe e queremos que esta casa sexa unha chamada a conservalos dun xeito sostible. Díaz Castro é un facho aceso para as novas xeracións: foi o coordinador de tradutores do Consello de Investigacións Científicas de Madrid pois domainaba 17 idiomas europeos, e por esta profesión traducía todas as temáticas da ciencia, literatura, tecnoloxía actuais, e ata que finou o seu idioma cotián foi o galego que mamou, e foi un entusiasta da cultura, ciencia e tecnoloxía das e dos labregos que nós agora queremos conservar nesta casa: o tear da súa irmá, as butacas do desaparecido cinema de Guitiriz xa que a súa afección era ir ao cinema, os pupitres dunha vella escola pois a súa vivenda foi a primeira escola dos Vilares, a primeira biblioteca de Xermolos que el converteu no seu lecer, e ferramentas de labregos e artesáns de comezos do s. XX que conformaron a súa familia: carpinteiros, canteiros, escribintes.

Asociación Xermolos



EL PROGRESO:

**Achega de Alfonso Blanco arredor do encontro
“A situación da cultura galega” no Parlamento Europeo**

DOMINGO, 11 DE DECEMBRO DE 2016

“Quizais endexamais a Europa dos pobos escoitou tan rexa e clara a voz desta rexión que é a Terra Chá coma nestes días do seis ao oito de decembro dentro da delegación da cultura de Galicia que visitou o Parlamento de Europa. Representantes de asociacións coma as tres de Muimenta: Iglesia Alvariño, Asociación xuvenil Carabullo e Xotramu, Xermolos de Guitiriz, a Asociación de Cabreiros, sen esquecermos do colectivo “A chave das noces” de Castroverde que participa nas nosas xuntanzas de asociacións, as “Feas” da Terra Chá, tan ben representadas polo coordinador Ismael García de Outeiro. Nesta delegación de toda Galicia, a presenza do rural foi pequena, si exceptuamos a Chaira. Participaron máis ben representantes do teatro, audiovisual, editoriais, música... Ao tratarse do Parlamento Europeo, o eco e a emoción da voz foi fundamental, e alí denunciouse a despoboación que sufrimos, o risco que está a padecer a nosa fala e a nosa cultura, Alfonso Blanco dende Xermolos berrou polo noso futuro diante dos representantes da comisión europea con competencias en cultura, Macies Hoffman e Nicola Robinson, denunciando que “a nosa fala e cultura están en risco, que non só están morrendo moitas aldeas, que tamén as cidades galegas corren perigo porque si morre o rural tamén deixan de existir as nosas cidades que se asentan nos seus cimentos rurais”. Afirmou “que Galicia colaborara a construír a Europa dos pobos dende o Atlántico e o Camiño de Santiago e que agora non pode permitir a súa desaparición como tal”.

“a nosa fala e cultura están en risco, que non só están morrendo moitas aldeas, que tamén as cidades galegas corren perigo porque si morre o rural tamén deixan de existir as nosas cidades que se asentan nos seus cimentos rurais”



Xosé Manuel Veiga e Alfonso Blanco no encontro en representación de Xermolos (Fotografías do José Lombardero)

A voz dos colectivos chairegos estivo reforzada por sinais da nosa identidade coma os xogos populares de Xotramu, mesmo xogando á billarda na fachada do Parlamento coas explicacións de Pepe Darriba, ante a admiración de xente doutros países de Europa, coma reflicte o reporteiro da nosa embaixada, Xosé Lombardero de Muimenta... Os debates no parlamento estiveron reforzados con concertos da nosa música no Centro Galego, así coa música de Verónica Codesal de raíces guitiricenses que lembrou a súa participación no Festival de Pardiñas.

As e os que nos escoitaron descubriron a forza do que é noso coma unha achega de enerxía para revitalizar o conxunto das nosas culturas neste mundo global. Foi moi positivo este encontro de colectivos e profesionais de todo o país, no que se decidiu camiñar xuntos e volver a encontrarse en novas xuntanzas. Alfonso Blanco incidiu en que os profesionais da cultura necesitan do voluntariado das asociacións culturais, e mesmo puxo o exemplo do teatro, en concreto, do papel fundamental do teatro afeccionado das asociacións culturais na vitalidade deste xénero literario en Galicia. *(este texto foi entregado no Parlamento Europepo en galego, francés e inglés)*

3.- DURANTE TODO O ANO MANTIVEMOS COLABORACIÓN CON DUCIAS DE ASOCIACIÓNS DE TODO O PAÍS:

A camiñada máis comprometida é coas FeAS, asociacións da Terra Chá e contorna coas que programamos actividades todo o ano.

Xa na loita a prol do patrimonio estamos implicados na Rede do Patrimonio Cultural e a Plataforma Veciñal para a Recuperación do Patrimonio Termal e a Asociación para a Defensa do Patrimonio Galego interviron en eventos nosos. Xa no Camiño Norte que atravesa as Terras de Parga a nosa andaina transcorre co colectivo Abrindo Camiño Amigos do Camiño Norde, así organizando actividades en Vilalba, Baamonde, San Alberte... Pero foi o Proxecto "Salvemos a casa de Díaz Castro" o que nos levou a ducias de vilas, sempre en colaboración con colectivos do lugar, coma vemos no artigo seguinte: co Cineclube e Avantar do Carballiño, coa Taberna da República do Couto Mixto de Compostela, co IV Tangaraño Cultural en Xunqueira de Ambía ou a Festiletras de Ponteceso.... Xa máis tarde Xosé Veiga interveu en Nigrán no XXXI Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz de Nova Escola Galega...

Fixemos camiño con asociacións veciñais coma a da Porta da Cima de Vilalba ou Castiñeiro Milenario de Baamonde...



Xosé Veiga presentou o proxecto "Salvemos a Casa de Díaz Castro" en Nigrán - Pontevedra no 31 Encontro Galego-Portugués de Educadores pola Paz

A FORTUNA DE DÍAZ CASTRO

“Este maio é un eco daquel Mes das Letras dedicado ao poeta de Guitiriz, Díaz Castro. Aquel dito de que o día das letras é a ocasión para que a rutina soterra ao autor escollido, aquí non funcionou. Multiplícanse as chamadas a Xermolos para ir dalo a coñecer nas distintas comarcas, e a maioría é xente moza, quizais porque son as artes e o amor as que nos fan soñar e crer na utopía, tan necesaria neste tempo de crise e desalento social. Emocións que estivemos a compartir estes días no Café concerto Sete flores e no Cineclub do Carballiño, e asemade na Taberna da República do Couto Mixto de Compostela, xa camiño doutros serán poéticomusicais coma o IV Tangaraño Cultural en Xunqueira de Ambía ou a Festiletras de Ponteceso. Xermolos que tivo que loitar para descubrir ao poeta no seu berce nos anos oitenta, arestora disfruta espallando a súa emoción a cachón, afastados da retórica oficial que non motiva á mocidade nin ás crianzas, pero si está a valorar coma a engaiola a obra dalguén que asinou o derradeiro verso con este berro: “a beleza feriume para sempre”.

“impactounos que un autor clásico xa en vida alternase con tanta fortuna coas vangardas e performances máis atrevidas nas artes de hoxe”

Nos serán que vivimos no Carballiño e en Compostela impactounos que un autor clásico xa en vida alternase con tanta fortuna coas vangardas e performances máis atrevidas nas artes de hoxe, ao tempo no que cantautores coma Leo i Arremecághona interpretaban: “Terra Chá” de Darío Xohán Cabana, “Penélope” de Díaz Castro, “A Terra Chá” de Radio Océano, “O Carro” de Manuel María... á par da Nova Poesía Guitirica. Xermolos agradece nestas convocatorias que a xente moza corresponda ao entusiasmo do poeta cando acudía cada xornada á súa biblioteca ou animaba conversas coas nenas e nenos, os seus interlocutores preferidos no Campo da Feira e na rúa. De feito, o que converte a un creador en inmorrente é a súa capacidade en provoca infinidade de interpretacións e lecturas da súa obra, coma o rap de David Gómez en “A lus do mundo” do les Poeta Díaz Castro. Esta Asociación propuxo coma metas do 2017 colaborar ao Ano de Patrimonio recoñecendo a riqueza natural e artística de Guitiriz e a Terra Chá, e nesta liña tamén visualizar a importancia dos colectivos socioculturais no comunal das nosas aldeas e vilas coa iniciativa “Das Irmandades da Fala ás Asociacións Culturais”, o que está levando adiante con estas actividades por todo o país.”



Alfonso Blanco Torrado -
El Progreso, 02 de maio de 2017

*O Leo Arremecághona na súa intervención na
Taberna da República do Couto Mixto de Compostela*

III.- UN ANO DE MÚSICA

1.- Xermolos non só agasalla coa música no Festival de Pardiñas tamén celebra a enerxía da música todo o ano, así días despois, o 20 de agosto, o seu coordinador Alfonso Blanco subeu a dous palcos para falar de Manuel María: nas festas do San Roque en Parga e no XXXVII Festival Irmandiño en Moeche, sempre acompañado da mellor música.



2.- 8 DE SETEMBRO: MEMORIA DA CHAIRA ENTEIRA

Xermolos e a Irmandade Manuel María, enchendo de sons a Carballeira de Santa Sabela en Outeiro de Rei.

Todos os anos nesta data celebramos o cabodano de Manuel María coa enerxía da palabra e da música, partillando pan, queixo e viño, e sobre todo amizade e compromiso. Coa navalla de Manuel María que sempre une e crea vencellos e endexamais separa ou racha... Este ano entregamos as navallas ao noso amigo Raul Río e a Francisco Carballo a título póstumo.

Raul Río, obreiro, emigrante, galego, GALEGO

Por Felipe Senén

Ser ou non ser, e Raul Río Díaz é dos que son e dos que están con canto significa o ser humano e Galiza, un obreiro humanista galego. Existen os que desfán, os que fan e entre estes os que constrúen camiños pra que outros circulen e se aviven as ideas de pobo culto. Raul Río, nacido en Tiñaz dos Vilares baixo os fados dun día do Lume Novo do ano 1950 é alumno daquela escola habaneira na recibe clases inesquecibles de amor á chaira que impartía don Andrés Pérez Carballeira. Mestre que anima aos pais pra que o rapaz continuara estudos na *Escola de Mestría de Lugo*, que como conta Raul non eran máis que escolas pra emigración.

Traballou de delineante nos talleres PREME da Coruña, con soldo que non daba nin pra pensión. Non tivo máis remedio que seguir o camiño de moitos dos seus veciños, o de Euskal Herria e pousar inicialmente en Sestao, pra ser alí peón albanel e despois como caldeireiro nos asteleiros da *Naval*, logo no *Superporto de Bilbao* e no 1977 na dureza das *Baterías do Coque dos Altos Hornos de Vizcaya*, entre o infernal lume da lava da colada contínua. Nesa mesma brega obreira até o peche da empresa no 1996. Aínda así no 1978 matricúlase na Escola de Enxeñeiros Técnicos da Universidade do País Vasco, pero o intensivo traballo, día e noite, fan que teña que deixalo. Elixido polos compañeiros pro Comité de Empresa. No 1998 pasa á fábrica de laminación de bandas en frío de Etxebarri, onde se xubila no 2010.



Raúl Río recibindo a Navalla de Manuel María

Raul Río ca estrela na fronte neso de buscar a orixe e unha gran admiración polo poeta chairego Manuel María, quen alá polo 1979, nunha visita daquel a Monforte lle conta e reafirma a grandeza

poética do seu veciño e coñecido amigo Díaz Castro, a quen - cando poucos llo facían - Raul agasalla en vida, erguendo e labrando na encrucillada dos Vilares, ao pe do cruceiro, unha pedra fita no seu nome. E nesas de afondar nas raiceiras da orixe segue Raul, contándonos historias esquecidas de sabios, artesáns, emigrantes, xentes de tradición da Chá.

A pesares das pedras do camiño, Raul Río móstrase agradecido coa vida, entrega canto pode pra agasallar paisaxes e paisanaxes, como diría Manuel María. Con facilidade pro debuxo, a pintura, a escultura, a fotografía, mesmo pra escrita, gustoso de transmitir e compartir a grandeza da terra. E moito lle quedaría aínda por contar, como actor, sobre o camiño andado na dura emigración: Masustegui, os Altos Fornos, a insolidariedade, o enganoso folclore engaiolante, os cantos de serea, os fracasos, os acertos... os que quedaron, sen volta, nos camiños da emigración, cun sono non cumprido.

Militante máis de praxe que de teoría do nacionalismo galego e do vasco tamén, colaborador nos medios, en “Egin”, “Euskadi Información”, “Gara”, animador e difusor do xornal a “A Nosa Terra”, na que tantos emigrantes puxeron tantas esperanzas, frustración da que aprender... Escolleito, e con voz viva de obreiro, como representante dos traballadores vascos no acto de *Lortu Arte* que tivo lugar no Pazo Euskalduna de Bilbao o 20 de xuño do 2010, e que significou un fito de unión para o nacionalismo Vasco

Obreiro entre o suor, o ferro e o lume, entre os acordos e desacordos dos sindicatos e das cuestións de Galiza e Euskadi, ás que entregaba os seus días e horas de folgo pra animar e unir alí onde alentase algún folgo humanista e galego, convocando arredor da cultura, da música, poesía, arte, tradicións con iso que cose toda relación que é a política. Manuel María era un dos convidados - como moitos outros entre os que teño o deber de agradecerlo - a aquela casa baixo esoutro monte sacro, o Serantes. Humilde casiña vasca feita pra enxergar a rebuldeira ría de Bilbao e canto oculta, á que se chegaba tras unha longa e empinada escaleira en cemento, todo un símbolo. Gloria e Raul ofrecían a súa casa, o seu cuarto, levábanos e mostrábanos os museos, Portugalete, por Bilbao envolvíanos no “*bucle melancólico*”, mostrábanos as minas de ferro de Galdames, entre historias duras de traballo e guerra. Nos campos de fútbol gozábamos co seu fillo, no dorsal “Río”, un novo vasco, fundamente galego, futbolista que foi dos equipos do Santurtzi, do Bermeo, do Sestao e do Portugalete. Gustoso de compartir cos amigos o encontro, sen faltar o profesor Xosé Estévez, Deibe... e tantos que non esquezo, algún xa na romaría da Galiza celeste. Tamén nos levou a través das pegadas de Cabanillas, de Asorey en Euskadi e mesmo sentín a Raul identificado coa imaxe do Cristo, coñecido como “*o Galego*”, obra do escultor de Cambados, venerado nos xesuítas de Barakaldo. Mostrounos ao crucificado e vimos nesta cimo do Viacrucis o retrato do emigrante galego.

Raul Río comprometeuse e animou a vencellarse aos emigrantes galegos coa cultura do País Vasco, engaiolado pola poesía de Gabriel Aresti, correspondeu e agasallou en Galiza a súa memoria. Xérmolos convidou a súa viúva Melitxu á Festa de Parguiñas. Devocións compartidas con Manuel María. Coñece a escritores e creadores vascos aos que, como construtor de pontes solidarias, nolos presentou.

Sempre achegado ás comunidades galegas, ao asociacionismo cultural e aos barrios de emigrantes, como Masustegui, nas abas do monte Kobetas, sobre Bilbao, casa a casa, hortiño

a hortiño, construídos en noites de medo. No 1980 encargárase de aspectos de cultura na Casa de Galiza de Santurtzi fronte ao anestésico folclorismo. No 1983, con outros coma el é fundador en Barakaldo da *Asociación Cultural Rosalía de Castro*, da que foi secretario: conferencias, exposicións, edicións como a revista “*Esmorga*”, homenaxes á memoria de Cabanillas, Asorey, Díaz Castro.... celebración das tradicións, ás que eran convidados oradores de Galiza, onde Manuel María era o máis solicitado.

Por moito agasallo que se faga a Raul Río Díaz e con el a súa compañeira Gloria Díaz, será pouco. Símbolo do que Galiza lle debe á emigración consecuenta con canto significa a Terra e o Tempo no que nos tocou vivir. Que a outorgada navalliña de Manuel María, forxada en Galiza, sirva pra labrar esa cantada GALIZA CEIBE.



Non só a palabra, a poesía, a conversa, as lendas ao pé do Miño...,foron tecendo toda unha xornada de lembranza a Manuel María, Tamén a música: o Gaiteiro Nubeiro, Raul Galego, Mini e Mero, Antón Valcarce, Tino Baz, Miro Casabella...

E tamén todos os anos saboreamos a plástica nas coñecidas coma estampas de Manuel María, no 2017 de Cristian Fojón, a dedicada ao poeta con palabras de Felipe Senén, e a de Francisco Carballo de O Carrabouxo con texto de Rubén Aramburu.

PALABRAS DE RAUL RÍO:

“Nunca pensei eu chegar a recibir esta honra tan grande para min, pois este sinxelo galardón é un premio que recibiron os mais importantes loitadores pola cultura galega e polo noso idioma, por iso me parece esaxerado, pois meterme a min nesa lista é tamén meterme en camisas de once varas.

Para min xa é bastante honra compartir amizade con todos vos e haber tido moitos momentos de conversa con dous dos poetas mais grandes da nosa literatura: co meu veciño Xosé María Díaz Castro e co gran Poeta da Terra Chá, Manuel María. Con Manuel María paseábase polas veiras da ría do Nervion e falábase de poesía na cociña, despois de cear, fumando uns cigarros, cando a Gloria e Saleta se ían a cama.

Con Díaz Castro recorríamos os vellos camiños “esquencidos” que van desde o Vilariño ao Forrolongo, asegurando que para el nunca serían esquencidos. Dos dous aprendín grandes



cousas; de Díaz Castro a amar as cousas mais ínfimas e de Manuel María aprendín a amar a Chaira; dos dous admiro a súa nobreza, a súa bonhomía e a súa grande humanidade franciscana.

Humanidade franciscana que tamén posuía o amigo Francisco Carballo, a quen tamén se lle fai hoxe entrega da navalla a título postumo. Podo asegurar que deixou unha fonda pegada cando estivo de crego e profesor en Barakaldo, tamén a el o levamos a Euskalherria no ano 1983 para dar unha conferencia sobre a historia de Galiza en Santurtzi. Aínda gardo como ouro en pano a carta na que me mandou, ano 1995, a colaboración para o número especial da revista Esmorga dedicado a Rosalía, con unha breve biografía sobre a poeta que daba nome a nosa Asociación Cultural de Barakaldo. Tamén para min é un honor compartir este día cos familiares deste bo amigo e unha personalidade tan sobranceira da cultura galega.

Para rematar, quero agradecervos a todos e todas a vosa compañía neste acto, a Xermolos e a Irmandade Manuel María quero agradecerlle o galardón e a súa loita incansable pola nosa cultura, esa cultura tan maltratada pola Administración.

A navalla é unha ferramenta que utilizaba moito de neno, pois eu sempre fun un pouco argalleiro e lembro que meu avó paterno levábame a todas as feiras de Parga e mercábame unha navalla coa que, como dicía Manuel María, facía arados de pau cos que sucaba a terra dos valados, que era a que estaba mais desfeita. Sucaba con eles o mais recto que podía a sabendas de que era verdade aquela frase do meu veciño Serafín do Estanqueiro cando lle reprochaban que facía uns sucos moi tortos e el contestaba todo cheo de razón: E o pan que sabe!

Cando perdía unha navalla meu avo mercábame outra, e así todas as feiras até que un día dixo que así non podía ser e mercoume tamén unha cadea para amarrala ao pantalón, aínda que despois eu soltaba a cadea do pantalón e perdía perdía cadea e navalla.

Incluso me modernicei e mais tarde pasei do arado ao tractor; foi cando veu traballar por alí Horacio de Labrada co seu tractor, e fixen imitacións do seu EBRO, imitacións que aínda me lembrou agora cando fun co meu fillo ver os frescos que hai na igrexa de Labrada e da que el é sacristán.

Asegúrovos que esta navalla non a perderei porque encargareille a Gloria que ma garde, e, como creo que aínda non se me esqueceu, labrarei algún mais para encher a nosa terra de Xermolos de liberdade e poder vivir algún día nunha Galiza que, respectando o alleo, lle de ao noso o valor que lle corresponde.

Moitas grazas, compañeiros e compañeiras, pero esta navalla non é polos meus merecementos, senón por ter amigos e amigas coma vos, que compartimos a sagrada ilusión de redimir a Matria para que o noso idioma viva mil primaveras mais.

Para min é unha honra, pero tamén un peso moi grande, porque agora tócame demostrar que non vos equivocastes.

Moitas grazas.”

Irmandade
Manuel María

O HOME
QUE PUÍDO
SER BISPO
E PREFERIU
SER
PATRIOTA
GALEGO!

creador:
XOSÉ GÓMEZ
I.M.

8 de setembro de 2016
Prego no Cemiterio de Outeiro de Rei, ás 6 da tarde.
Rito compartido: "A navalla do Manuel".

Irmandade
manuel maría
Asociación Xermolos

Léva unha rosa

3.- Gaitas en honra a Valdi, novo Chairego de Honra

EL Progreso, 17 de decembro de 2016

“O canteiro, autor da maioría dos monolitos do Paseo dos Soños de Vilalba, foi recoñecido nun acto no que se conmemoraron os 25 anos da distinción. A clausura do acto de nomeamento de Xosé Val Díaz, ‘Valdi’, como Chairego de Honra na casa da cultura de Vilalba estivo amenizada pola actuación do gaiteiro Raúl Galego, quen, acompañado por Mini e Mero, tocou *Entre*



rochas e penedo, chouteira do furacroios, unha peza que compuxo en homenaxe ao canteiro, autor da maioría dos monolitos do Paseo dos Soños de Vilalba e de numerosas obras sobre a memoria histórica.

A cerimonia serviu para conmemorar os 25 anos desta distinción, que se entregou por primeira vez en 1991 a Fiz Vergara Vilariño. O evento foi organizado por Xermolos e Irmandade Manuel María.” EL PROGRESO Sábado 17 de Decembro de 2016

VALDI CHAIREGO DE HONRA

“Valdi foi nomeado hoxe en Vilalba Chairego de Honra, unha distinción que conceden Xermolos e Irmandade Manuel María:

O noso gusto sería estar hoxe co home bo e comprometido con esa terra -e con toda a Terra-, e un artista xeneroso capaz de darlle forma á materia para prestarlle servizo cultural ao seu pobo. O “Paseo dos Soños”, onde colocou figuras conmemorativas para resaltar o labor de homes e mulleres da cultura... A Memoria Histórica, para a que arrancou da terra chantos cos que facer honra aos desaparecidos do franquismo con quen o tempo foi primeiro asasino e despois inxusto... Valdi estivo e está sempre aí para que prenda a cultura e a dignidade e se conserven na memoria de quen ha vir detrás.

Por razóns de obrigada ausencia, como é a saúde, non puidemos estar en Vilalba esta mañá pero queremos adherirnos a esta máis que merecida homenaxe coa nosa admiración, cariño e agradecemento persoal xunto cos obrigados parabéns que deben acompañar tan feliz acontecemento. E as entidades organizadoras recibide tamén os mellores parabéns pola oportunidade na elección deste novo Chairego de Honra e polo voso empeño en “honra render a quen merece honra” cunha acción que comezastes co benquerido amigo Fiz Vergara Vilariño hai 25 anos e que perdura no tempo con tanta vixencia simbólica como a daquela primeira distinción” **XESÚS RÁBADE E HELENA VILLAR.**

VALDI, Universo de luz.

O ensoño agromou na realidade
dun Montecubeiro castroverdiano
e deitou a fonte de chafariz limpo,
a que activa a imposibilidade das quimeras
cando a creación xorde da capa freática da verdade,
da proxección acaroadada de agarimo
e a materia vaise esperanzando,
collendo formas do autodidactismo emulxente
expandido como a creación do Universo.
na inconcreción da materia.
Valdi, da memoria
e na memoria de toda a historia
negada pola negación interesada.
na inconcreción da materia.
Obreiro de lúa chea.
Camioneiro, torneiro, pulidor e pintor arrependido,
resistindo os embates de futuro,
mais es atleta que percorres
polos Soños do Paseo en ás de concordia.
Aí estás, sumíndote entre a néboa plos socialcos do Madalena.
Aí estás, priscilianista xermolando ollos polo manancial de Irimia,
vendo como ve a transparencia da auga, solermiña,
acaroadando e lambendo a creación
que te crea e te penetra.
Valdi, creador!. Sempre Valdi!
na inconcreción da materia.
O solimán das túas obras
vértese en nós
e entramos no veneno que nos dás,
no transporte ao trasmundo da realidade.
Luz creadora do artificio.
Iluminador de utopías.
Todopoderado escultor e esculcador de verdades
escondidas na materia inconclusa.
Vertebrador no devagar devalando
da hermenéutica da vida.

(Valdi, creador!. Sempre Valdi!
na inconcreción da materia)

Xosé Otero Canto 17-12-2016



VALDI, A FORMA DAS PALABRAS

Por Iago Santalla

Galicia Dixital, 21 de decembro de 2016

Xosé Val Díaz, o gran Valdi, fillo do pobo resistente e revolucionario de Montecubeiro en Castroverde, ven de recibir o merecido título de Chairego de honra. Falamos dun home solidario e totalmente desinteresado que, entre outras cousas, se converteu no gran impulsor, xunto con Xermolos, do Paseo dos Soños en Vilalba, onde cada



ano o hectómetro literario homenaxea a un escritor. Valdi sabe mellor que ninguén recoller as esencias de cada literato para plasmalas nunha simbólica escultura que sempre leva a impronta identitaria do afortunado propietario do hectómetro.

Falamos dun home solidario e comprometido co país e coa cultura pero, tamén, dun home profundamente aberto á diversidade, o que o fai imprescindible en moitos ámbitos. Valdi materializa versos coa forza de quen labra a pedra ou dá forma ao ferro. As mans traballadoras saben como darlle forma á sensibilidade para agromar versos como árbores perennes cara ao porvir.

O sábado Valdi tivo a honra de ser Chairego e a Chaira gozou do privilexio de adoptar a un fillo de conciencia rexa e man firme dos que sabe a ciencia certa que é imposible a traizón. Valdi é o amigo imprescindible, o que sabes que xamais te vai deixar vendido no campo de batalla e o que te vai complementar en todo momento para non calar nunca e erguer voz unísona contra a inxustiza e a barbarie.

Un home cheo de sabedoría que nos ensina a doar aos demais o mellor de nós mesmos e a compartir coa tribu cada idea para medrar en irmandade. Un ser único que berra en colectivo e é capaz de darlle a cada palabra a forma da cultura erguéndoa da nosa realidade cunha única idea: Galicia.

Un verdadeiro home de pobo que soña amenceres, materialízaos en pedra ou ferro e camiña con nós, día a día, cara ao gran amencer da liberdade. Iago Santalla

PALABRAS DE VALDI, CHAIREGO DE HONRA.

“Recibo con responsabilidade a honra coa que me agasallades hoxe.

É un orgullo sentirme un máis entre vós, chairego e copartícipe destes eidos maravillosos da Chá inmensa. Pero fareino coa competencia precisa que sempre me obrigue a considerar esta, a miña casa e tamén o meu obradoiro de traballo, e comprométome a facer dela a referencia da nosa galeguidade, da nosa voz, dos nosos soños.

Ademais, fareino con pracer sabendo que me debo a esa ansia común de protexer todo o seu patrimonio material e inmateria, procurando –no que eu poida- engrandecer os valores humanos que xa de por si posúe.

Sabede que son consciente do enorme peso que supón ser “chairego de honra” e responderei sabendo corresponder debidamente, co xeneroso e a tolerancia que tamén sempre abundou nas chairegas e chairegos de nación”.

4.- GUITIRIZ CELEBRA A UN DOS SEUS MÚSICOS MÁIS INTERNACIONAIS

“Mañá, ás 20,30, Xermolos organiza un encontro con Rubén Vizcaino, sen dúbida, o seu músico máis internacional, xa que nesta Festa das Letras a Real Filharmonía de Galicia estrea nos actos oficiais a súa música de “Formiga” de Carlos Casares, tamén lembrando a súa música de “O instante eterno” de Xosé Antonio Cascudo dedicada a Díaz Castro, xa que tamén estudou composición electroacústica e composición para cinema e televisión. Poeta e músico estudou piano no conservatorio de Lugo e composición na “Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

O “Nocturno n. 1” para piano foi nominado para os “Hollywood Music in Media Awards 2013” na categoría de música clásica. Nesta proxección internacional remarcar a súa paixón pola música xaponesa para a que compuxo varias cancoóns para soprano e piano dedicado á rexión de Fukushima” Comunicado de Xermolos ós medios.

**DISFRUTA COA MÚSICA
E AS LETRAS GALEGAS CON
RUBEN VIZCAINO**

Autor da música das e dos nosos escritores: “panxoliñas” de Díaz Castro e neste ano “Formiga” de Carlos Casares

Intervenien:
Xosé Antonio Cascudo,
autor do filme “O instante eterno”
Alfonso Blanco Torrado,
coordinador de Xermolos
Rubén Vizcaino,
autor da música de “Formiga” de Carlos Casares que estrea a Real Filharmonía de Galicia nestas Letras Galegas

Na CASA DAS PALABRAS de Guitiriz, 12 de maio ás 20,30



Organiza:
Xermolos

5.- A CORAL DE GUITIRIZ OFRECE CADA FESTIVAL DE PARDIÑAS

UN CONCERTO na Igrexa de Santo Domingo, mesmo coa participación de Rubén Vizcaino e da súa compañeira Mila Gallardo, mezzosoprano mexicana, que adoita interpretar a “Ave María” de Schbert ao remate do concerto” (Foto Raul Río, Pardiñas 2016)



6.- MÚSICA NO CAMIÑO DE SANTIAGO



Xermolos está a colaborar coa Asociación Abrindo Camiño. Amigos do Camiño Norte, e así o noso coordinador interveu nas Xornadas do Camiño, o 23 de xuño en Vilalba, e fixo de guía da antiga “Ruta Quetzal” a dúcias de mozas e mozos de varios países, mostrandolles o Paseo dos Soños no Rañego de Vilalba, a Igrexa románica de Baamonde e o San Alberte de Parga. (Foto Suso)

6.- Cine de música

PROGRAMA DO IV FESTIVAL DE CINE DE ROCA 2017

Venres 28 de xullo

20:00 Apertura de portas

21:00 Inauguración do festival:

PREGÓN DO FESTIVAL A CARGO DE XURXO SOUTO

22:00 Proxección **“DOS GAITEIROS DO MAR”** (34') de Xurxo Souto e Martín Rodas

Manuel Sotelo, “Manoliño de Donón”, sempre quixo ser gaiteiro. Aos dezaioito anos estivo a piques de cumprir o seu soño, tocar no palco do Carnaval do Hío, “o Carnaval do Gaitreiro”. Pero xusto unha semana antes tivo que ir ao mar. Embarcou entón cara Namibia. Agora, xa xubilado, corenta anos despois vai cumprir o seu soño de mocidade. Co seu compañeiro de entón, Lito de Pinténs - que tamén andou ao mar, e triunfou en Terranova- vai actuar nun dos palcos do Carnaval do Hío. Grazas a eles convertido no Carnaval dos Gaiteiros do Mar!

22:30 Proxección de **“MORRER DEVAGAR”** (85') de Irene Pin e Begoña Fernández Ferreiro

“Morrer devagar” ofrece unha ollada alternativa da situación das persoas refuxiadas na Grecia, reflexionando sobre a produción de imaxes do conflito e a lexitimidade do propio documental.



Irene Pin, presentando o pasado Festival as “Fronteiras do Humanos” que logo da viaxe a Grecia pasaría a chamarse “Morrer devagar”



VÍDEO “ENTREVISTA A XURXO SOUTO NO FESTIVAL DE PARDIÑAS” – PROGRAMA “PARDIÑAS INDÍXENA”, PARDIÑAS 2015
“Pardiñas é a miña casa.

Eu, antes de ter os Diplomáticos (de Montealto), tiven un grupo de folk que era Belida, en A Coruña. E o máximo soño para nós era vir tocar a Pardiñas. Conseguímoslo.

Despois volvíñ cos Diplomáticos. Outro ano din o pregón. Outro ano fixémoslle unha homenaxe fermosísima a Manuel María, dende o alto do escenario cantamos as súas cántigas todas.

En fin, un punto de encontro onde todas e todos somos protagonistas, baseado na creatividade e no corazón da xente.

Non hai macro produtora, nin macro manager, nin macro compañía de discos que poida imaxinar algo parecido a isto.

Naceu da iniciativa dun grupo de rapaces, co Alfonso como referente, que hai 35 anos dixeron: “vide merendar a Pardiñas” e 35 anos despois é a maior referencia cultural do verán galego. Iso é algo que non se logra nin con cartos nin se logra con apoios da administración. Lógrase co corazón da xente.

O futuro está no noso talento e na nosa capacidade de esforzo.

Polo tanto, longa vida a Pardiñas!”



Cartel deseñado por Sonia Ferreiro

Sábado 29 de xullo

21:00 Aperturas de portas

21:30 Proxección das **CURTAMETRAXES GALEGAS** seleccionadas:

- A NOTA FINAL (22')

de **Axel Muñiz [A Coruña]**

A causa dun trauma infantil, Izan sofre pánico escénico. Será capaz de superalo?

- A CHAVE DE BASCUAS (12')

de **Bruno Pena [Guitiriz]**

Un avó cóntalle ós seus netos o por que ten unha marca na fronte. Para contarlles a historia remóntase ós anos 20. Conta que coñeceu a Xoana, unha fermosa moza que lle dicía que a chave era máxica e que cumpría desexos.

- SUPERPUNKI, EL MUSICAL (17')

de **Pablo Cacheda De Paz [Pontevedra]**

"Superpunk" conta a historia de dúas amigas, Belén e Rebeca, que son íntimas dende pequenas. Ambas comparten os mesmos gustos musicais. Cando van á universidade os seus gustos musicais distáncianse provocando un conflito.

22:30 Proxección das **CURTAMETRAXES DE FORA DE GALICIA** seleccionadas:

- ACORDES POR UN SUEÑO (9') de Fran Álvarez y Jorge Dopacio [Asturias]

Unha moza pelexa por conseguir o seu soño, que non é outro que converterse en cantante profesional.

- LOS MÚSICOS CALLEJEROS DE SATÁN (15') de Jordan Woodagate [Catalunya]

Carne de Satan é un grupo como ningún outro. Tocando o seu diabólico 'Hell Rock' nas rúas de Barcelona, asustan e inspiran ó público e crean fans fieis. Coas súas letras carnaís e sen desculpas, estes mensaxeiros de Satan redefinen o concerto na rúa.

- 60 VECES POR MINUTO (3') de Nacho Campillos [Valencia]

Transpórtanos a un mundo de papel, imitando, a través da animación 3D ó Origami.

- LE CHAT DORÉ (6') de Nata Moreno [Zaragoza]

Nun vello camarote, un grupo de músicos intenta crear arte baixo a presión de un director mesquiño, xuntarán forzas para poder logralo. Curtametraxe en defensa da liberdade creativa e da expresión artística.

- RINGO (13') de Adriá Pages Molina [Barcelona]

Irene é unha adolescente que vive coa súa nai, Pilar, e a súa avoa, María, en un piso dun barrio humilde. Irene resístese a crer que a súa avoa perdera a cabeza: é posible que o espírito de Ringo Starr teña posuída á avoa octoxenaria?

- EL DIVINO (6'12'') de Sendoa Cardoso [Bilbao]

El Divino é o retrato de Karolo, un singular personaxe do Puerto Viejo de Algorta que, sen impórtalle o prezo a pagar, moldeou sempre a súa vida en función dos seus valores e da súa inquietude artística.

- O MOVIMENTO DO ESCURO (20') de Alexandre Rossi [Brasil]

María e Pedro son artistas en fronte a unha platea valeira.

- SENTIDOS (10') de Laura Vilamor García, Fabio Scuratti, Marta Jaenes Barrios [Cuba]

Ramón rexenta unha concorrida barbería cubana. Nunca estudiou a linguaxe de signos pero eso non impide que se comunique cos seus clientes. Gásita aprendeu a tocar la guitarra antes que a ler Braille. Sentidos adéntrase nun día das súas vidas.

- TIERRA SIN MAL - LAND WHITOUT EVIL de Katalin Egely [Hungría]

O ser humano sempre buscou o seu lugar no universo. Esta curtametraxe baséase na mitoloxía Guaraní, pero ofrece outro punto de vista: que ocorre se o paraíso non é un lugar específico senón que está na nosa mente e na harmonía con todos os seres vivos?

00:00 Entrega de premios e peche do festival.



Chío de Fernando Neira, xornalista e crítico musical en El País e outros medios de comunicación.

IV.- O ANO DO PATRIMONIO

1.- MEMORIA DA LOITA DE XERMOLOS A PROL DO PATRIMONIO

Xermolos está a vivir con enerxía o 2017 que foi declarado en Europa ANO DO PATRIMONIO e escolleu o marco do Museo do Pobo Galego que coma Xermolos está a cumprir 40 anos. Quixemos salientar o percorrido de mulleres e homes que están a loitar por dar a coñecer o noso patrimonio, lembrando coma no seu día foron nomeados Chairegos de Honra: Isaac Díaz Pardo, Felipe Senén, Felipe Arias



E celebramos o presente da investigación do noso patrimonio, dando a coñecer o libro de Héitor Picallo: *Cuntis na época romana*, aquel día en Santiago e semanas despois na Casa das Palabras de Guitiriz, xa que é un estudo rigoroso sobre as divinidades romanas da auga, e Cuntis e Guitiriz son vilas balnearias

Participaron no acto: Iria Blanco Brei (Investigadora), Cristina Eiras Leal (Presidenta da Plataforma Veciñal para a Recuperación do Patrimonio Termal), Carlos Henrique Fernández Coto (Presidente da Asociación para a Defensa do Patrimonio Galego), David Otero (da Irmandade Manuel María), Martiño Picallo (Deseñador do libro e investigador) e Héitor Picallo (autor do mesmo). Os actos estiveron organizados pola Irmandade Manuel María e a Asociación Xermolos. Ao final, e coordinado por Afonso Blanco Torrado (de Xermolos), entregáronse os diplomas de Chairegos de Honra a: Felipe Senén (mantedora Pilar García Negro), Isaac Díaz Pardo (mantedor Xosé Ramón Fandiño), e Felipe Arias (mantedor Xulio Xiz)... Colaboran: o Museo do Pobo Galego, a Asociación para a Defensa do Patrimonio Galego e a Plataforma Veciñal para a Recuperación do Patrimonio Termal.

CUNTIS NA ÉPOCA ROMANA
HÉITOR PICALLO

LUGAR: MUSEO DO POBO GALEGO SANTIAGO DE COMPOSTELA

DATA: 24 FEB 19:00H

NOVA: 19:00H

ORGANIZA: Museo do Pobo Galego, Irmandade Manuel María

PRESENTACIÓN do libro "CUNTIS NA ÉPOCA ROMANA" de Héitor Picallo (colección A Memoria da Auga)

Intervención:

- IRIA BLANCO BREY (Investigadora e activista cultural)
- CRISTINA EIRAS LEAL (Presidenta da Plataforma Veciñal para a Recuperación do Patrimonio Termal)
- CARLOS HENRIQUE FDEZ. COTO (Presidente da Asociación para a Defensa do Patrimonio Galego)
- MARTIÑO PICALLO FONTES (deseñador do libro e investigador)
- HÉITOR PICALLO (autor do libro)

Mantedor o actor: DAVID OTERO (escritor)

Colabora: apatrigal

Desde a Asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María entregáranse os DIPLOMAS DE CHAIREGOS DE HONRA por AFONSO BLANCO TORRADO

ISAAC DÍAZ PARDO (POR XOSÉ RAMÓN FANDIÑO), FELIPE ARIAS (POR XULIO XIZ) E FELIPE SENÉN (POR PILAR GARCÍA NEGRO)

Isaac Díaz Pardo, Chairego de Honra

por Xosé Ramón Fandiño

xoves, 02 de marzo de 2017

Desde que en 2006 Isaac Díaz Pardo foi separado da dirección das empresas do Grupo Sargadelos desatouse unha auténtica ferverza de actos de desagravio e de recoñecemento aos seus innumerables méritos. Un deles foi o nomeamento de Chairego de Honra nun acto celebrado o 7 de novembro de 2009 na capela de San Alberte de Guitiriz.



Como naquela ocasión, os amigos da Asociación Cultural Xermolos e da Fundación Manuel María pídenme que relate a andaina vital dun home irrepetible que pasou os 91 anos da súa vida creando factorías culturais e espazos contra o baleiro e construíndo ese inmenso paraíso de arte, industria e comunicación co que agasallou ao pobo galego.

Todo empezou un 22 de agosto de 1920 en Santiago, na casa da Tumbona onde naceu. Na horta da casa montou seu pai, Camilo Díaz Baliño, un galpón palafítico de madeira, que era o taller de escenografía, biblioteca e museo ao mesmo tempo, onde se reunían os máis importantes homes do galeguismo.

A actividade paterna propiciou un ambiente artístico e intelectual que o marcou de maneira definitiva. En 1936, con quince anos de idade, implicouse na campaña a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia. No taller de Díaz Baliño realizouse toda a propaganda do plebiscito. Camilo fixo o cartel que firmou el, e Isaac realizou catro, tres asinados co pseudónimo Xalo e outro co seu propio nome. Castelao, que andaba tan atarefado coa campaña plebiscitaria non tiña tempo de compoñelos, así que lles deu uns debuxos e as instrucións precisas e díxolle: “Isaño, fainos ti”.

A guerra civil e as utopías truncadas

Todas as ilusións da infancia e adolescencia escacharon en xullo de 1936. Camilo Díaz Baliño foi detido e paseado e o seu cadáver apareceu xunto ao do estudante de Medicina, o rianxeiro Sixto Aguirre, en Palas de Rei.

Con 16 anos acabados de cumprir, Isaac perdeuno todo e pasou de ser un neno educado nos valores republicanos a un adolescente baixo sospeita durante a guerra e a posguerra. A maior parte dos amigos de Camilo Díaz Baliño foron inmolados, encarcerados ou obrigados a exiliarse e todas as ilusións da familia Díaz Pardo quedaron desmanteladas, e tamén sumida na máis absoluta miseria material polo que nos primeiros meses de 1937, cando amainaba un pouco a terrible represión inicial, Isaac atopou traballo na casa Bianchi, un taller de pintura industrial no que rotulaba tranvías e decoraba os escenarios nos que se celebraban as vitorias do exército franquista.

Estudante de Belas Artes e singular artista plástico

En 1939, ao resultarlle impensable, por motivos económicos, a súa idea de facerse arquitecto decidiu trasladarse a Madrid a estudar na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando. Participou na primeira experiencia en España de deseño industrial da Escola da Palma, visitou en viaxe de estudos os museos máis importantes de Roma, Siena e Florencia, exerceu de profesor na Escola Superior San Jordi de Barcelona e desde 1943 a 1948 dedicouse integramente á pintura e realizou numerosas exposicións na Coruña, Vigo, Madrid e Barcelona con grandísimo éxito. E no momento en que se erixía coma o valor máis consagrado da plástica galega do seu tempo decidiu abandonar a pintura porque iso de andar pintando cadros e despois vendelos non o convencía.

Alicerces da cerámica industrial: O Castro de Samoedo

Abandona, pois, o seu cabalete e instálase no Castro de Samoedo, onde montou un laboratorio para estudar as mesmas arxilas caoliníferas que Antonio Raimundo Ibáñez usara para fabricar louza ao estilo inglés en Sargadelos. Entre 1946 e 1949 fanse os primeiros ensaios e o resultado positivo da experiencia fixo posible que se constituíse a Fábrica de Cerámicas do Castro. Nun principio a produción consistiu case exclusivamente en reproducir en porcelana finísimas pezas decorativas orixinais de Isaac. Pouco despois xa se iniciou a fabricación de servizos de mesa. Tratábase, por tanto, de volcar a arte en produtos de consumo popular, capaces de integrar a arte e o deseño na cadea de produción industrial, de facer unha seriación mecánica e achegarse ao concepto máis moderno de igualitarismo e benestar social.

A Magdalena, ponte coa Galicia do exilio

Os ecos das virtudes da planta de cerámica do Castro de Samoedo chegaron á outra beira do Atlántico e Isaac, animado pola ansia de liberdade que se instalara na Arxentina trala caída da ditadura do xeneral Perón e pola posibilidade de contactar cos exiliados que estaban levando a cabo un labor de tanta lealdade con Galicia, en 1955 viaxa a Arxentina para dar a coñecer a súa pintura e a produción cerámica do Castro no Centro Galego de Bos Aires e acepta a invitación de montar a Fábrica de Porcelanas Magdalena, na marxe dereita do Río da Prata, a 108 quilómetros de Bos Aires, semellante á que fixera no Castro, aínda que máis evolucionada.

Moito máis alá de ampliar a experiencia do proceso industrial do Castro, a estadía arxentina supúxolle a Díaz Pardo o reencontro coa Galicia do exilio e con Luís Seoane, a quen coñecera xa antes da guerra no taller do seu pai, cando Isaac tiña 15 anos e Seoane xa se licenciara en Dereito.

A estancia americana resultou ser unha decisión de profundas consecuencias para a cultura galega. En Magdalena ou en Bos Aires, Isaac mantivo numerosas reunións con Seoane e co resto das figuras esenciais da cultura galega alí transterradas, nas que se concibiron diversas actuacións tendentes a recuperar a memoria da historia de Galicia, interrompida en 1936. A idea concretouse na creación do Laboratorio de Formas de Galicia, ente teórico e viveiro de ideas creado en 1963 ao asinarse un convenio de colaboración entre Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, aos que pouco despois se uniu o arquitecto Fernández-Albalat. En 1964 o Laboratorio de Formas constituíu a sociedade Sargadelos, Lda. e en 1968 Cerámica de Sargadelos, empregando as materias primas dos depósitos veciños de caolín, iniciaba as probas nunha pequena planta experimental e o 10 de maio de 1970 inaugurou a planta circular proxectada por Albalat e construída a 700 ms. da vella factoría de siderurxia. Desde entón a fábrica de Sargadelos, coa color azul cobalto como elemento de identificación e a actualizada estrela de sete aspás radiais da primeira época como marca, produce louza e pezas ornamentais.

Os prototipos da cerámica de Sargadelos nacen da conxunción da idea básica de Seoane de querer enriquecer o mundo coa nosa diferenza e a do compromiso social das formas de Isaac. Como fonte de inspiración estúdase a arte e a cultura galega desde o paleolítico ata hoxe, os códices medievais, a arquitectura popular, as formas das vellas casas mariñeiras, as xoias castrexas, o románico e o barroco, pero tendo en conta tamén a cultura e os movementos artísticos máis modernos.



Homenaxe de Xermolos a Isaac Díaz Pardo no Museo do Pobo Galego

Rebelión sen causa

Tras 89 anos de vida intensa, Isaac Díaz Pardo tivo que librar unha nova batalla porque o mercantilismo voraz e soez intentou destruír os soños compartidos por Díaz Pardo e Seoane alegando que como no auto de Calderón os soños soños son, e ademais non reparten dividendos. Díaz Pardo, un home imprescindible na industria e na cultura galegas da segunda metade do século XX, no verán de 2006 foi apartado da presidencia das Fábricas de Cerámica do Castro e de Sargadelos polos accionistas. Con egoísmos e deslealdades, os seus propios socios arredárono do control das empresas que el creou. Arredor destas dúas empresas de cerámica pivotaban unha decena de empresas como son ou, mellor dito, como eran o Museo Carlos Maside de Arte Contemporánea, Edicións do Castro, o Novo Seminario de Estudos Galegos ou o Instituto Galego de Información, creadas polo Laboratorio de Formas, que foi o que posibilitou que da unión de dúas personalidades creadoras e visionarias como a de Luís Seoane e Díaz Pardo xurdise a proposta cultural máis importante e transcendente de cantas se teñan feito na Galicia posterior ao ano 36.

O legado de Isaac

Aínda considerando que o complexo “O Castro-Sargadelos” constitúe un Patrimonio cultural de Galicia, o máis salientable das mandas de Isaac son as causas xustas que defendeu incansablemente, a loita pola dignidade, o sentido ético que lle imprimiu ás súas empresas, afastadas de calquera tentación especulativa. A interminable relación de actos que se sucederon a partir dos anos sesenta no Castro, en Sargadelos e nas Galerías espalladas por Galicia, fainos pensar que sendo privadas, as empresas creadas por Isaac funcionaron con criterios de empresa pública orientada a fins socioculturais colectivos, ao mesmo tempo que elevou o deseño galego a un nivel superior e universal.

Eu tiven a fortuna de convivir con Isaac ata o momento mesmo en que o obrigaron a abandonar o Instituto Galego de Información, a factoría cultural do grupo Sargadelos, no que traballei con el durante 15 anos. Para min máis que un xefe foi un mestre e un compañeiro de traballo. Unha torre de ética por riba de todo.

(Intervención de Xosé Ramón Fandiño o 24-02-2017, no Museo do Pobo Galego, no acto no que Xermolos acreditou o nomeamento de Isaac Díaz Pardo como CHAIREGO DE HONRA).



FELIPE SENÉN

por María Pilar García Negro

“**FELIPE SENÉN** fai ben certa, na súa persoa e obra, aquela evocación de D. Ramón Otero Pedraio pouco antes do seu falecemento: “...naquel intre, cando tan poucas cousas tiñamos, había que facelo todo: viaxar, botar discursos, escribir nos xornais, estudar xeografía, etnoloxía, historia da nosa terra, que estaba sen escribir. O que non se podía era estar calados e quedos, porque o tempo, xa daquela, loitaba contra de nós”. O grande escritor está a lembrar a multitarefa que se impuxeran os artífices e protagonistas do Segundo Renacemento da Cultura Galega -da Xeración do 16, en terminoloxía de Ramón Vilar Ponte-, renacencia que se funde e interactúa co



nacemento do nacionalismo galego contemporáneo que así se chama e así se reclama. O noso homenaxeado, Felipe Senén, coído que tomou boa nota desta manda de D. Ramón, a quen tratou e amou en vida, con quen tivo conversas e intercambio epistolar. E isto é así, porque, na súa traxectoria, observamos ese mesmo espírito multidisciplinar e esa mesma ansia por dar a coñecer a historia de noso, a arte, a etnografía, por aprendernos a *ver* e a *escoitar* monumentos e artefactos que claman por que os apropiemos, coñecéndonos o seu sentido, a súa función.

Como don Ramón nos anos vinte e trinta do século XX, tamén Felipe Senén, no ecuador dos setenta, comprende a necesidade de se pór mans á obra, de socializar os seus saberes, de crear conciencia galega, amor polo noso, de aplicar, en fin, a ilustración adquirida a un fin extra-persoal, de vocación e transcendencia colectiva. É así como comeza a colaborar, xa aos vinte anos, coa Agrupación Cultural ‘Auriense’, dirixida na altura por D. Xesús Ferro Couselo, o impagábel medievalista, ou como, anos despois, é cofundador da asociación cultural ‘Avantar’, do Carballiño, ou da agrupación cultural ‘Alexandre Bóveda’, da Coruña.

O seu curriculum é un amplo e continuado historial de amor ao país traducido en obras prácticas. Director do Museo Arqueolóxico de San Antón, na Coruña, desde 1975, dirixe a revista *Brigantium* e é pioneiro o seu traballo na arqueoloxía subacuática ou nun monumento tan definidor da cidade como o castro de Elviña. O labor sociopedagóxico que realiza á fronte deste centro, así como a través de publicacións, conferencias, viaxes, guías... e peregrinaxe por moitos lugares do país revela ben ás claras a súa vocación de mestre de mil aulas, de xeneroso “repartidor” de moita sapiencia e de moita estima colectiva. Non menor foi a súa



Homenaxe a Felipe Arias e Felipe Senén

participación en empresas culturais decisivas no renacer da conciencia galega e de meios de comunicacións propios. Impagábel, por exemplo, a súa sección “Da arte e dos xeitos” do semanario *A Nosa Terra* (do que foi socio fundador), como, igualmente, as súas colaboracións periódicas en *El Ideal Gallego* ou en *Sermos Galiza*, así como o maxisterio constante en xornadas da Asociación Socio-Pedagóxica Galega e doutras organizacións sociais e culturais de toda a Galiza.



A súa bibliografía científica, de amplo espectro, acompaña-se do labor del propio como ilustrador, cartelista, debuxante e pintor. Méritos todos que acreditan a súa pertenza a prestixiosas institucións como o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, o Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses ou a Real Academia de Belas Artes, de que é secretario. En 1996, pasa a ocupar a praza de técnico de xestión cultural da Deputación da Coruña, cidade na que é amplamente coñecido e recoñecido, grazas tamén ao seu traballo á fronte da Asociación Amigos dos Museos e do local “Portas Ártabras”, verdadeira ágora aberta e plural para tantas e tantas actividades culturais. Ben pode honralo A Coruña, pois, como fillo adoptivo de ben merecido historial, a el, carballiñés de pro, que sempre gardou amizade a paisanos seus (porque O Carballiño é unha canteira de sabios) como César Varela, Cesáreo Sánchez Iglesias ou Carlos Varela.

Coñecín a Felipe Senén en anos moi distantes do século pasado. Foi simultáneo o coñecemento da persoa e a lectura do seu estudo sobre a prehistoria da Galiza publicada no primeiro manual de historia de Galiza dos tempos modernos. Foi a promovida polo Frente Cultural da Asemblea Nacional-Popular Galega. Detrás dela, viñeron moitas, algunhas con todo tipo de patrocinios, mais alguén comezou o edificio, e Felipe Senén pertence a este gremio, o das persoas que demiten de calquer promoción unipersoal e biográfica para faceren país, para dotáreno do que precisa, sen protección oficial nen financeira, na intelixencia de que a obra colectiva faise con accións prácticas e con ideas que se levan a termo.

O voso homenaxeado gañou aprezo e recoñecemento social cos seus dous nomes, á maneira de Manuel Antonio ou de Manuel María. Abonda. Non precisamos lembrar os apelidos, porque a identificación é segura e inequívoca. Ben pode facer seus estes versos lapidarios do seu grande amigo Manuel María: *Nós, que aínda estamos vivos, defendemos / a inviolabilidade do universo / e, con ela, a lexitimidade total dos soños certos.*

Felipe, ti contribuíches decisivamente a que unha parte dos nosos soños se convertesen en realidade e en exemplo e estímulo do que nos resta por conseguir para unha Galiza plena e dona de si. Moitas grazas por todo o teu traballo, por unha dedicación sen pausa a significarnos e a explicarnos como galegos, por tanta entrega xenerosa e sabia. Que reine nos seus días o Entroido verdadeiro e venza os impostores que queren disfarzar decote a nosa personalidade nacional e os dereitos que a acompañan!” María Pilar García Negro 24 de Febreiro de 2017

FELIPE ARIAS por Xulio Xiz

Cando se nomeou o 1º Chairego de Honra -Fiz Vergara Vilariño-, Manuel María dixo que “Ser Chairego é un sacramento que imprime carácter e tense incluso despois da morte”.

Devotos do Manuel, os chairegos asumimos ese sacramento da terra, dos devanceiros, do aire e dos xenes como consustancial a nós. E se o exercitamos, entón somos merecentes del. Pero hai persoas que sen ser chairegos de nación, sí o son de exercicio meritorio, co que dobremente se merecen o noso respecto, a nosa admiración e o noso recoñecemento.



O 21 de febreiro do 2015, Felipe Arias foi recoñecido coma Chairego de Honra no Museo do Castro de Viladonga, obra súa. Na foto recibindo o título de mans de Abel Pena Bodenlle (Foto Suso)

E xa que Manuel sempre afirmou que a Terra Chá era unha tribu, é lóxico que os habitantes desta especial comarca ollemos aos que nos acompañan na viaxe vital para facerlles saber que vemos que nos comprenden, que asumen o noso ser, os nosos sentires, a nosa historia. Que desa visión xorde un agradecemento inmorrente... agradecemento que unha das nosas institucións máis cordiais – a Asociación Xermolos/Irmandade Manuel María- concreta no nomeamento de “Chairego de honra”.

A Felipe Arias fixémoslo “Chairego de honra”, como manda o Deus dos galegos, no alto do Castro de Viladonga, no seu Museo, nesa xoia coa que Felipe agasallou a todos os chairegos; a todos os galegos.

Porque Felipe foi primeiro Director do Museo de Lugo, pasando logo a ser a alma do Museo da Terra Chá, convertindo o que ía ser un pequeno museo rural no faro a iluminar a historia, a cultura, o espírito dun pobo que o Miño novo rega, que os montes non ousan interrumpir, que é tan grande que só é posible medir –sempre O Manuel- con “ferrados de corazón, fanegas de alma”.

Felipe Arias abriu as portas do tempo en Viladonga, dando luz á vida dos devanceiros, dándonos razóns para o orgullo; coñecemento, saber, ledicia, amor.

Felipe Arias dedicoulle a vida –en corpo e alma- a Viladonga. E ´dígoo aquí, no noso Nuseo Nacional, a casa dos galegos que saben... porque Felipe, xa que somos unha tribu, é o noso gurú, chamán, conductor... é o que sabe entre nós. E dedicou o que leva de vida a ese traballo, a ese apostolado, a este coñecemento. Esta noite escoitei a grabación do acto en Viladonga, prelude deste de hoxe... Daquela amigos e devotos, falamos de Felipe. Hoxe, aquí, vimos revalidar aquel acto de homenaxe entregándolle a Felipe o título que certifica que os que con el aprendimos a ser chairegos temos por el unha amizade agradecida, unha admiración sen límites. E non temos nada máis valioso que ofrecerle que facelo Chairego de Honra.

(Palabras de Xulio Xiz no Museo do Pobo Galego, o pasado 24 de febreiro de 2017, no acto de entrega do título de Chairego de Honra a Felipe Arias Vilas).

2.- PREMIO PEDRA DO DESTINO 2017 A

“XERMOLOS” POLO PROXECTO

“SALVEMOS A CASA DE DÍAZ CASTRO”

LA OPINIÓN - UN FIN DE SEMANA PARA LOS MUSEOS

Amigos dos Museos de Galicia otorga su premio Pedra do Destino a la Agrupación Cultural Xermolos, de Guitiriz

Redacción | A Coruña 19.05.2017 | 15:46

La asociación Amigos dos Museos de Galicia también celebró ayer su día internacional con el fallo del premio Pedra do Destino a la Agrupación Cultural Xermolos, de Guitiriz, por la rehabilitación de la casa del poeta Díaz Castro, en la aldea Os Vilares. La entidad recibirá 3.000 euros.



Felipe Senén, a la derecha, antes del fallo del premio de Amigos dos Museos. Víctor Echave

Este activo colectivo de Guitiriz fai posible outro dos seus ideais despois de recibir en propiedade por parte dos seus herdeiros a casa que foi do poeta Díaz Castro na parroquia dos Vilares, rehabilitar e revitalizar este espazo. Este proxecto que supón tantas cousas pra cultura de Galicia, como non perder memoria dun dos xeniais intérpretes do sentir da Terra Cha, un humanistas en tempos de supermercados e facer máis atractivos estas paraxes que tamén entusiasmaron a Fermin Bouza Brey cando con rapaces novos escavou as mamoas do Buriz. Amigos dos Museos de Galicia quere colaborar con este proxecto, animar aos seus asociados a sumarse a el, polo cal determinouse darlle o PREMIO PEDRA DO DESTIO 2017 a “Xermolos” e moi especialmente ao seu animador, Alfonso Blanco Torrado, para que os 3000 euros cos que se dota este galardón se apliquen a este fin.

3.- O BERRO: “SALVEMOS A CASA DE DÍAZ CASTRO” sentense en todos os camiños do país



e da emigración, así o 17 de maio en Compostela, na manifestación convocada por “Queremos Galego”.



4.- O CROWDFUNDING PARA SALVAR A CASA DE DÍAZ CASTRO

Sen dúbida que foi a iniciativa do crowdfunding para buscar fondos para cubrir a Casa de Díaz Castro a que levou a paixón e o alento de Xermolos a máis xente. Creou unha rede de solidariedade entre xente anónima e creadoras e creadores coma Mini e Mero, Ses, Zénzar, Ruxe-ruxe, García MT,..., ou escritoras e escritores coma Helena Villar, Luz Fandino, Jaqui, Antón de Guizán, Carlos Callón... Foi unha das alternativas escollida pola mocidade para espertar a xenerosidade do pobo que vai ser o depositario da creación de Díaz Castro e da obra de creadoras e creadores que están colaborando coas súas doazóns a engrandecer a nosa cultura. Este xeito de micromecenado acadou a meta proposta coma reflicte esta mensaxe de “Goteo”, pero sobre todo provocou unha vaga de solidariedade (máis de 200 achegas) que



Inicio da campaña de crowdfunding: “Salvemos a Casa de Díaz Castro”

segue a incrementarse con iniciativas, ideas, proxectos que seguimos recibindo... O crowdfunding tivo un efecto multiplicador incitando á participación das e dos cidadáns e á achega da imaxinación e a creación innovadoras.

Ses achegouse a Guitiriz, á Casa de Díaz Castro, para que o seu clamor ante unha casa e un rural abandonados se espallase por todo o país e fóra, e a súa voz multiplicouse de tal xeito que cando escribimos isto xa conta con 16.378 reproducións.



Este xeito de mobilizar á poboación responde á decisión de Xermolos e a Irmandade Manuel María de restaurar esta casa para devolvela ao pobo convertida na CASA DA XENTE e no FOGAR DAS E DOS POETAS DOS RÍOS, o mesmo que fixo coa obra do poeta na Festa das Letras Galegas do 2014. Queremos que sexa un espazo aberto para todas e todos e endexamais unha propiedade privada afastada das inquedanzas da contorna. Recuperar a Casa de Díaz Castro quere ser unha proba de que o rural ten futuro, vai ser un manancial de vitalidade para Galiza dende a Terra Chá.

5.- PROXECTO: “SALVEMOS A CASA DE DÍAZ CASTRO” UN PARAÍSO QUE NON SE HA PERDER

(Venres 7 de Outubro de 2016 | Marica Campo - El Progreso)

“COÑECÍN A Joan Carles Fogo, catalán, doutor en arquitectura ademais de escritor, nun congreso sobre a literatura do exilio en Logroño o ano 2009. Na reseña a un seu libro titulado *La generación del 27 y los paraísos perdidos*, di: “Estos escritores evocaron con frecuencia sus espacios habitados y una arquitectura perdida: el recuerdo de casas, ciudades y paisajes, en busca de paraísos como lugares de identificación personal. Este recuerdo de períodos vitales () se acentuó en la lejanía geográfica del destierro”.

Desterro ou exilio forzoso, aínda que non por razóns políticas, foron tamén os longos anos que Xosé María Díaz Castro habitou só na lembranza a súa casa natal do Vilariño, nos Vilares de Guitiriz. Como expresou nun dos poemas de *Nimbos*, Galiza estaba nel, levábaa con el. Non é fabulación, xa que logo, dicir que os contornos do país se comezaron a debuxar no colo da nai, á sombra do pai, naquela chamada Casa de Cidre onde tamén se configurou o seu universo simbólico.

Como é sabido, o autor que dominaba dezasete linguas, á hora de escribir elixiu a inicial, aquela na que lle deran o pan e o leite primeiros, e non por casualidade ou por maior competencia lingüística que nalgún outro idioma próximo. Sabía ben o poeta con Heidegger que a lingua é a casa do ser e o lugar privilexiado da verdade.

Lingua galega, casa da infancia, berce do autor de *Nimbos*, memoria que regresa en cada pedra chamada a ser parte dun pardiñeiro (edificio en ruínas e deshabitado) se non se detén a desfeita.

Chove no interior da casa do poeta, a que o seu irmán Serafín, consciente do que significa, legou á Asociación Cultural Xermolos. Non pode pasar outro inverno sen lle atallar ao demoledor efecto do tempo e o abandono. Niso anda a devandita asociación. Petará en todas as portas, mesmo as de cada persoa particular que poida e teña a ben achegar o seu gran de area, por pequeno que sexa. Aí nos atopará a moitas e moitos arrimando o ombro porque confiamos no proxecto.

O proxecto é rehabilitar o vello edificio e poñelo ao dispor de todas as entidades culturais, ademais de dedicalo ao recordo do autor cuxo arquivo literario posúe tamén Xermolos e está accesíbel para cantos queiran estudalo. Así mesmo atoparán alí espazo as actividades relacionadas coa cultura e a riqueza natural da Terra Chá.

Ha ser un puntal máis para que o mundo rural non sexa varrido polo desleixo e a desmemoria.

Como non se perdeu o paraíso de Manuel María, a súa casa en Outeiro de Rei, hoxe lugar e motor de autoconhecimento para nós, tampouco deixaremos que se perda o de Díaz Castro. Ambos chairegos admiráronse mutuamente e deixáronnos a riqueza da súa palabra. Debémolleslo”. **Marica Campo**

O 2 DE OUTUBRO, 26 CABODANO DO PASAMENTO DE DÍAZ CASTRO, anunciamos nun acto poéticomusical, a iniciativa de Xermolos de intentar salvar a casa de Díaz Castro. Na igrexa de San Xoán de Guitiriz xuntamonos veciñas e veciños e representantes de asociacións doutras comarcas e alí lemos os versos do poeta e tamén escoitamos outros, mesmo de Manuel María e outros escritores na voz de Miro Casabella, na foto, Mini e Mero, Quintas Canella, o Gaiteiro Raul Galego...



Presentación do Proxecto: "Salvemos a Casa de Díaz Castro" na Igrexa de San Xoán de Guitiriz e no palco da festa dos Vilares (abaixo)



Estivemos acompañados de autores coma Marica Campo, David Otero, Xoan Xosé Fernández Abella, Xosé Otero Canto e outros.

Avanzamos que non queremos abrir un museo máis nin un parque temático, senón crear un manancial de creación e de apostas polo futuro do rural. Un proxecto ao que fomos chamando a CASA DA XENTE, porque queremos devolver esta casa ao pobo coma unha fonte de recursos. Xermolos non a considera unha propiedade súa, quere que sexa un espazo para atoparse todo o mundo: encontro da veciñanza, debates, exposicións, sesións de audiovisual, achegas ao cooperativismo, ecoloxía, xofos populares, concertos, montes comunais..., un museo da obra e vida de Díaz Castro e dos poetas dos ríos.

Tamén vai ser a sede de colectivos socioculturais como a Irmandade Manuel María.

Xa nas festas da Pascua nos Vilares, a parroquia natal do poeta, en colaboración coa Comisión de Festas organizamos unha sesión de xogos infantís, un roteiro polos espazos da infancia e mocidade do poetas, e unha achega poética na sesión vermú do domingo.



5.- COLABORACIÓN DE “DEBARES”



Cartaz creado por Rebeca Penas Tizón



O presidente da asociación de hostelería Debares Jordi Bléngua Penedo, entregando a doazón a Xermolos.

Os hosteleiros destinaron cinco céntimos por tapa no concurso “Que bo estás Guitiriz” para restaurar a Casa de Díaz Castro, na súa quinta edición.

18 **A Chaira**

El concurso Que Bo Estás Guitiriz! donará fondos para salvar la casa de Díaz Castro

► De Bares aportará cinco céntimos por cada tapa servida

► El quinto certamen citará a 20 bares del 9 al 19 de marzo

C.P.R. GUITIRIZ. La asociación de hostelería De Bares de Guitiriz ha decidido poner su granito de arena para ayudar a Xermolos a rehabilitar la casa natal de Díaz Castro en Os Vilares, por lo que sus socios han querido que todos los donativos recaudados durante la quinta edición del concurso de tapas Que Bo Estás Guitiriz! sean donados a esta causa.

El certamen gastronómico tiene un componente solidario desde hace varias ediciones, de manera que todos los locales aportan cinco céntimos por cada tapa servida, cantidad a la que además se le añade el contenido de las huchas

que se disponen en estos, y en las que los clientes pueden depositar libremente sus contribuciones.

El concurso Que Bo Estás Guitiriz! se celebrará en 2017 entre el 9 y el 19 de marzo y contará con la participación de 20 locales de hostelería. En esta quinta edición se han sumado Caibor, A Capela, D'Mónica, O Korreo, Xoldra, Centro, Soa, La Casilla, Flamingo, Titanic, Zeus y Nimbos, todos ellos en el casco urbano guitiricense; así como A Roda, Coimba y CIT, de Parga; Merendero y Casa Guineo, de Os Vilares, y San Juan, de Pardeñas. Además, se estrenan dos locales, A Tasca de Guitiriz y Recreo de Parga.

Las tapas se podrán degustar todos los días del concurso de 20.00 a 23.00 horas, horario que se ampliará los sábados y domingos al mediodía, de 13.00 a 15.30. El coste de cada propuesta será de dos euros, con la posibilidad de acompañar la tapa con un vino seleccionado por 3,5 euros.

El presidente de De Bares, Jordi Bléngua, explicó que los hosteleiros realizaron una cata con más de una decena de posibilidades y finalmente el vino seleccionado para esta oferta es Casa Moreira, un mencia de la denominación de origen Ribeira Sacra.

Como en las ediciones anteriores, la fidelidad de los clientes se recompensará con varios premios. Tendrán a su disposición papeletas para valorar las tapas, que servirán para designar las mejores tapas del certamen a juicio del público y les permitirán entrar en el sorteo de tres premios de 300, 200 y 100 euros, acompañados todos ellos de una botella de vino magnum de Casa Moreira.

CARTEL. En los próximos días, la asociación De Bares hará públicas las bases del ya tradicional concurso para elegir el cartel anunciador de esta quinta edición de Que Bo Estás Guitiriz!

El autor del diseño ganador recibirá como premio 120 euros en metálico y una invitación para dos personas para saborear gratuitamente las 20 tapas del concurso.

Alfonso agradeceu esta iniciativa do colectivo “Debares” con estas palabras:

“Moitas grazas dende Xermolos, e prometo que imos devolver estes recursos económicos á veciñanza multiplicados considerablemente, achegando creatividade e actividades a prol do noso crecemento en todas as facianas do desenvolvemento individual e colectivo. A min poucos anos me poden quedar, pero si os suficientes para corresponder con xenerosidade a vosa amizade, de feito considero os vosos establecementos hosteleiros como esa “segunda casa” á que todas e todos acudimos a miudo para atoparnos coa xente que queremos, para compartir os nosos sentimentos, soños e proxectos, etc”.

Alfonso Blanco Torrado

6.- “A CASA DE DIAZ CASTRO DESPERTA A XENEROSIDADE DOS CREADORES”

(El Progreso, 28 de xaneiro de 2017).

“Anxo Lamas motivou aínda máis a Xermolos para seguir adiante na súa teima de restaurar a Casa de Díaz Castro. Este creador: pintor, escultor, poeta... traballa con táboas vellas que foron antes portas, poxigos, trabes, cubertas de moitas casas..., ou pedras e canteirías, que el foi convertendo en soportes para gravar poemas e prosas de mulleres e homes da Chaira. Agora forman parte desta colleita de obras de arte que son un reflexo do que quere



acadar Xermolos coa recuperación da Casa de Díaz Castro e aprendeu de Anxo a descubrir a alma e a memoria destes materiais que conformaron tantos fogares coma o do poeta. Vai levar a exposición a varias comarcas comezando por Lugo contaxiando o aprezo polas nosas raíces e a teima para que non desaparezan

A BIBLIOTECA DE BERNARDO GARCÍA CENDÁN

Xermolos recibiu ao mesmo tempo a Biblioteca de Bernardo García Cendán, outro dos obxetivos da Casa de Díaz Castro, entregada polas súas irmás e sobriños que foi depositada na sala de lectura e consulta. A afección pola lectura vai ser outro dos destinos da Casa de Díaz Castro.”

DISCURSO DE ANXO LAMAS na presentación da súa obra na Casa das Palabras

“Sinto un profundo pracer, un inmenso gozo, ter aquí esta obra, esta doazón que foi feita para dalgunha maneira, agradecer ás mulleres e aos homes; que figuran nela, o enriquecernos a todos cos seus poemas ou narracións.

O máis importante para min, sen dubida, consiste en que empregaron a nosa lingua, a máis musical e doce que coñezo.

Dende moi neno o meu namoro polas artes estivo sempre presente, naqueles anos 50-60, dentro da escaseza que tiñamos de todo, os que nela nos criamos.

A pintura e a escultura naceron pronto pero a poesía e a narrativa chegaron algo máis tarde.

Cando fun para o seminario de Mondoñedo, un parente meu D. Manuel Lamas Lourido (coengo da Catedral de Mondoñedo) fíxome algúns agasallos, libros sobre todo, e unha estampaña de Santa Teresa de Xesús na que figuraba un fermoso poema: “Vivo sin vivir en mi y tan alta vida espero que muero porque no muero”. Tardei moito tempo en comprender o de “Muero porque no muero” e posiblemente fose eso o xerme, o xermolo, que prendeu en min, respecto á poesía.

Difícil non ser chairego

e aínda máis, non ser poeta.

Xa que esa é a meta

da beleza desta terra.

Montes, chousas e veiguíos,
ríos que pasan cantareiros,
terras orfas de medeiros
iso é todo canto encerra.

Difícil é non querela,
como a unha nai se quere,
chairego erre que erre,
subido nunha escaleira,
e que ninguén saiba á fin,
se é que baixa o que sube,
namentres pasa unha nube,
esa nube preguiceira.

Chaira lizgaira e soñada
prendiche en min a febre,
chairego erre que erre,
non hai outra máis amada.



Anxo Lamas (Foto Suso)



Asistentes ó acto na Casa das Palabras, ó fondo a exposición de Anxo Lamas e a biblioteca de García Cendán (Foto Suso)

Logo viñeron poetas que non coñecía pero que os seus poemas chegaron case a obsesionarme: Crecente Vega, Aquilino Iglesia, Díaz Castro... Manuel María, Chao Rego (xa finados) Uxío G. Amor, Marica Campo, Bernardo García Cendan.... Darío Xohan Cabana, Rábade Paredes. Xa que nesta chaira o filón poético non se esgota nunca. Agora temos “nova fornada”: Otero Canto, Baldomero Iglesia (Mero), María Xosé Lamas, Pilar Maseda...

Nesta terra onde empeza a chaira ademáis de Díaz Castro e Marica Campo, veñen abríndose camiño: Luz Campello, Fatima Fernández, Xacobe Sánchez Quintela....

En fin podía seguir así moito tempo pero non quero cansalos, señoras e señores.

Cando empecei esta obra quería un soporte diferente de todos aqueles que se viñan empregando. A primeira táboa foi a de Avelino Díaz e fíxena nunha tea de liño pero non me convenceu de todo. Logo nun tablex que me convenceu menos se cabe, ata que apareceu a táboa vella, a táboa vedraña.

Chegaron á miña casa centos, miles destas fermosas táboas, cheas de cravos, de couza, de buratos, pero con esa pátina que só o tempo pode dar ás cousas; chegaron de mui distintos lugares: A Fonsagrada, Mondoñedo, A Coruña, Viveiro, Outeiro de Rei (do meo amigo Lito) e tamén de Guitiriz esta mesma semana...

Teño que agradecer a todas as persoas, sobre todo os albaneles que son os principais fornecedores, sen eles non sería posible que esas, preto de once mil, pezas furrulen polo mundo.

As grazas de corazón a Alfonso Blanco i a Xermolos i a todas as persoas que fixeron posible que hoxe estén aquí abrigadas, sen pingueiras, (as pobres xa saben de todas as desventuras sufridas ao longo dos tempos).

Sáíron de lugares moi dispares: portas e puxigos. Escaleiras, contras, ladreiros, tabiques que separaban a un xatiño da súa nai, casas importantes e pendellos....

Se nesta chaira nosa tan querida queda alguén que pense que tamén tiña que figurar nesta escolma, quero que mo diga, só ten que facilitarme un poema ou un trociño dunha narrativa e quedará por aquí un anaquiño de espazo para ser amosada.

Nesta mostra xa temos poetas que foron agasallados coa honra do Día das Letras Galegas: Manuel María, Díaz Castro, Aquilino Iglesia, espero que xurda algún máis como Avelino Díaz. Marchou un neno a diáspora e non voltou nunca. Pero non deixou de escribir e publicar na lingua que mamara na súa Órrea natal e logo na vila de Meira, a súa obra fermosísima e ampla así o demanda.

Acabo, señoras e señores, Anxo Lamas sentese moi agradecido e ledo da presenza de todos vostedes, e de deixar aquí este agasallo a cargo de Xermolos onde estará cuidado, tendo en conta as mulleres e homes que a ocompoñen; todos eles i elas son os verdadeiros defensores de que a nosa lingua nai, se fale en todas partes con orgullo i arrogancia. Anxo Lamas

MIRAR PARA ENTENDER O QUE DIANTE DE NÓS PASA.

De Bernardo García Cendán e Anxo Lamas Muínelo

(Casa das Palabras, día 28 de xaneiro de 2017)

Os síntomas dun país en desfeita, e non quero ser tremendista nin moito menos, non están tan só nas presenzas estéticas que se amosen en calquera escaparate, que tamén. Non están nas aparencias e nos edificios fermosos que se amosan a primeira vista ou nas grandes estradas e vías de comunicación. Están, moito máis cerca, están nas persoas que as habitan e precisamente, na súa arte e cultura, na inmaterialidade que é felicidade e que se comparte no ser, no estar e realizarse. Non están, e falo do presente, neste esquecemento tan común que se espalla nunha boa parte de xente, que non mira o seu pasado e os múltiples legados culturais que posuímos. Se observades un pouco, ...a nosa Cultura Tradicional –por exemplo- está en mans de galeristas, de museos, mesmo de “mesturadores” que forzan unha evolución abrasiva apoiada na mestizaxe con outras, na globalizada reunificación de diversidades, de heteroxéneas formas de igualar o que é diverso e que por ser diverso existe, senón non tería sitio. Tampouco é moi rigorosa esa amalgama metamórfica do que somos porque ao ser forzada e intencionada, retrae o avance e o desenvolvemento de por si en novas canles. Isto dificulta a percepción clara das transformacións que esa cultura acade, axitándose, articulando unha nova sociedade, incorporando novas solucións. Sucede isto non só na Cultura Tradicional, tamén na Cultura que nos leva polo desenvolvemento cognitivo da vida. A Cultura da comunicación e do desenvolvemento. Aparecen novas formas de expresión, novas realidades, novos conceptos, novas técnicas de chegar a esa satisfacción humana que se encontra feliz diante das distintas manifestación

éticas e estéticas que nos habitan. O que se necesita non é a queima total, non hai que acabar con todo para que todo naza. Non debemos quedarnos nos feitos sen reparar nas persoas que fan posible esa evolución do cotiá, do que fundamenta a Cultura Común da nosa orixe. É primordial recoñecer ás persoas tentando absorber a súa afectividade para a Casa Común de procedencia. Cómpre saberse agradecidos, sen límite daquelas persoas que entregan a súa vida á resistencia na arte, na resistencia á verdade e á beleza, aos que combaten coa razón e non se conforman en silencio, aos que resisten coa palabra e feitos en pé de dignidade. Sobre todo cando son da casa, si, da nosa contorna.



Inauguración da Exposición de Anxo Lamas na Sala do Edificio Administrativo da Xunta de Galiza en Lugo

Hoxe estamos aquí para agradecer a dúas persoas. Unha habita xa os eidos da nostalgia e seguro que nos mira sorrindo, pois esa era a súa presentación sempre: un lene sorriso sedutor. Bernardo García Cendán, fillo de Severino e Maruja, que vivían na Praza a carón do adro da igrexa. Anque estudou no Seminario de Mondoñedo –herdeiro dese impresionismo poético mindoniense que habitou o seminario- e na Universidade Católica de París e na Pontificia de Salamanca e tamén na de Socioloxía de París, ... a súa universidade verdadeira foi a barbaría/rebotica do pai, que era un convencido demócrata republicano e sabido, coñecedor do seu tempo. Bernardo o amigo, crego, sociólogo, escritor, compañeiro do camiño, ...da mesma Matria Chairega (Vilalba, 41) que tan brevemente nos acolle (*Estar aquí, agarrado á terra chairega e sentirme resucitar na lembranza de quen me ten amado, ou na tenrura e permanecer así no silencio, ata sentir a Deus*). Poderíamos falar da súa obra, case sempre compartida, en romaxes, en programas de radio, en charlas e conferencias, en felicitacións do nadal, nas Cartas ao Antón (cun programa de radio Popular de Vilalba que, en parte, publicou o IESCHA), en Irimia, Encrucillada, con publicacións do IESCHA, nos xurados literarios de Vilalba, na Asociación de Socioloxía Galega, en Lucensia, Tempos Novos, etc. Pero por riba da súa obra está a persoa, os afectos, os amigos –Chao Rego, Chema e Agustín Fdez Paz, e tantos porque el, era amigo de todos). Home de pensamento profundo e que tiña unha enorme información, propia de eruditos en moitas materias, xa non só desde diversos idiomas –proba, do que digo, son estes libros que deixa do seu legado e biblioteca persoal, para a Biblioteca de Xermolos, para a Irmandade Manuel María- pouso cultural que transcende nun aparte cheo de privilexios materiais e fundamentais para comprender que, ao final, todo se reduce ao que temos no arredor, que se grande é o universo máis grande aínda son as células que nos habitan, ...”*Non me importaría, dígovos, cando me chegue a hora, ser coma ese carballo novo plantado na beira do muiño, engaiolado*



na permanencia da sinfonía das augas, ...e ser esa árbore asentada na esperanza para compartir honradez e utopía...”. Nese devalo das palabras, alentar a vida, e alí atopamos o riso, o humor, o noso humor –que tanto lle gustaba- temos rido moito de moitos chistes e sempre lembrarei o sorrir del no medio do seu rostro. E a palabra suave para dicirme: “...oe, a ver se contas cousa máis limpas. Hasme

perverter e non estou en tempos!

Lémbroo nese camiñar lento –pois sempre chegaba, ...pero tarde- fomos xuntos moitas veces, atopamos a tenrura, a man amiga, os soños, ...gustaba da música e das cancións. Soñamos moitas veces con facer unha “misa galega cantada”, pero de verdade, nada

de mexar auga bendita. Non, tratábase de contar a vida e a pobreza, as dificultades, saber das fames que todos temos, das miserias que nos envolven, das axudas que se nos escapan, das palabras de alento e desalento, dun mundo mellor e máis xusto que sempre é posible. Bernardo tiña moitas ideas na cabeza, fervíanlle moitas poesías que serían canción. Eu púxenlle música aos seus versos e seguirei na teima de que, un día, se faga esa “misa galega cantada” e humana, sobre todo humana, para o común da xente, en especial para os máis marxinados da sociedade e do mundo enteiro, que son realmente os que –un día- reivindicaba aquel Deus dos pobres no que el tiña tanta fe. Irrepetible Bernardo, chegará, como non, a primavera que ti en todos nós sementaches!



Exposición de Anxo Lamas na Biblioteca Provincial de Lugo

Tamén está aquí, Anxo Lamas, nado no 43 e alumno do Seminario de Mondoñedo –polo tanto, tamén herdeiro dese impresionismo poético mindoniense que habitou a tantos escritores e referentes, desde Leiras Pulpeiro, Pastor Díaz, Noriega Varela, Trapero Pardo, Aquilino Iglesia Alvariño, Crecente Vega, Díaz Castro, Chao Ledo, Xosé Manuel Carballo, e outros que viviron aquela escola poética transcendental. Amigo e compañeiro de estudos no Instituto de Lugo, ...cando non presentiamos sequera a vida que viña aí, nin sequera os recendos que o tempo traía, nin sequera as cores que pintarían as enormes paisaxes diante daqueles ollos esculcantes. Anxo Lamas, perdido –para min- en moitos anos, atopouse a si mesmo mentres andou o mundo (primeiro Francia, Figueres, onde tordeou con Dalí e Gala, todo hai que dicilo, e percorreu outras paisaxes e modos, ata que cadramos xuntos de novo na presentación dun libro de Otero Canto, en Lugo, na Galería Sargadelos. Alí topei un descoñecido Anxo Lamas, con coleta e barba, ...regresaba o navegador das soidades para expresar de novo, a eterna certeza de atoparnos –precisamente en nós, no noso, no noso universo cheo daquelas pequenas cousas que – ao final- son enormes, porque son as que valen! Anxo proseguíu as ansias artísticas coas que xa nacera, buscou e buscou novos xeitos para expresar o que sempre tivera ansia de expresar. Abondou na pintura e na escultura, tamén na palabra. E nese multiformismo estético e con toda aquela experiencia, co seu mundo de surrealismos e neotrobadorismos, coa súa técnica mindoniense e doutras escolas europeas, doutras atmosferas tamén do continente, regresou ao centro do mundo, a Bazar, á súa casa de sempre, á orixe, a Castro de Rei, á Terra Cha, ...que por certo é o centro do mundo, pois o resto é estranxeiro! Agora pinta ese mundo que sabe é o verdadeiro mundo. Talla e pinta sobre todo tipo de elementos, non só lenzos senón táboas, ventás, portas, raíces, cortizas. Traza corpos de persoas, plantas, paxaros, flores, bolboretas, paporrubios, ...e nese Franciscanismo poético tamén escribe un mundo enteiro que é o seu mundo, O noso Mundo. E é entón, cando xorden plataformas cívicas como son estas, hoxe aquí representadas, Irimia, o IESCHA, Xermolos, a Irmandade Manuel María, ... e moitas outras, todas elas aquí representadas e en pé de reivindicar O Noso, de borrar silencios que nos pesan na conciencia e na consciencia. E entón facemos reconto de vontades para significar a aquelas persoas que tiveron a ben ensancharnos os horizontes coa súa existencia, agrandar o corazón

desde a beleza, desde a ledicia de sabernos.

Por iso hoxe é un día grande, na feliz lembranza de Bernardo. Aquí quedan cousas del para recordo dun amigo de todos nós, con escritos, con obxectos que el estimaba, con libros que el leu e doou a esta biblioteca. Tamén está presente Anxo Lamas que agasallou á Irmandade Manuel María e a Xermolos coa colección de táboas que significan aos escritores chairegos. Case nada! Exposición que se fará itinerante para que coñezan por Galicia adiante. Grazas aos dous e ás súas familias, pola súa xenerosidade. Esa que hoxe nos convocou e que terá recompensa na memoria.

Mero iglesias

ANXO LAMAS, un sanador

“Sen dúbida que todas e todos os que coñecemos a Anxo Lamas, o creador de Bazar-Castro de Rei, sabemos do seu talento para contaxiar saúde a cachón, ás persoas e a todos os seres. A súa contorna é unha fervenza de vida na que conviven as criaturas máis insospetadas da fauna e da flora, mimadas e valoradas polo seu líder. Os paxaros cantan e apousan ao pé del, mentres o escultor labra con habelencia e maxia outras aves semellantes tanto en cabazas coma en madeiras ou pedras, e as plantas visten de cores o seu obradoiro e museo competindo cos pinceis do pintor. Pero quizais somos as persoas as máis necesitadas da luz e da ledicia de Anxo e abofé que saímos do seu fogar enfortecidos co seu ánimo porque é un artista arrincandonos a desazón e os medos, as malas herbas que nos prexudican, afincandonos na cerna que forxa o noso temple rexo. A Anxo non lle vale un simple barniz, ten que sanear ata a raíz as táboas nas que grava e pinta, e tamén nisto é fornecedor de saúde para o colectivo. Non somos esaxerados sostendo que coa súa arte está multiplicando a vida de Galiza porque está a salvar vigas, trabes, portas, etc., de casas abandonadas, destartaladas, que estaban destinadas ao lixo ou ao lume, convertendoas en obras de arte, despois de sanealas ata a médula e limpar todas as súas fibras de ferruxes, colza e adherencias que danaban a súa natureza e a súa mensaxe. É moito máis ca practicar reciclaxe, é unha obra sublime porque o creador está a alongar a vida de madeiras, casas, parentelas que estaban destinadas ao esquecemento..., e arestora reviven rescatadas nestes relicarios da memoria das familias e do país, porque para este poeta as casas tamén teñen alma, historia e beleza. Emporiso a

#salvemosacasadeDíazCastro

Exposición da obra de Anxo Lamas "Imaxes e palabras"
do 18 ó 28 de abril no Café-Concerto SETE FLORES - O Carballiño

Proxección do documental "O Instante Eterno" de Xosé Cascudo, e dos spots #salvemosacasadeDíazCastro
sábado 22 de abril ás 20:00 h. no Auditorio do Carballiño
Entrada: 2.50€

Serán poético-musical para a presentación da exposición "Imaxes e palabras"
domingo 23 de abril no Café-Concerto SETE FLORES ás 18:30 h.
Ó remate haberá folliada popular

organiza: colabora:



Presentación no Carballiño do proxecto “Salvemos a Casa de Díaz Castro” co documental “O Instante Eterno” de X. A. Cascudo e un Serán Poético- Musical.



Asociación Xermolos atopou nesta teima do druída Anxo a dinámica axeitada para recuperar a Casa do Poeta Díaz Castro, porén herdada en ruínas quere transformala nun verxel de vida e de arte, e así o está espallando a través da exposición das súas táboas dedicadas a escritoras e escritores chairegos que nos agasallan coa súa mensaxe na escrita e na pintura do recreador. Abrirase o venres na Sala de Exposicións do Edificio Administrativo da Xunta en Lugo e despois na Biblioteca Provincial de Lugo, Biblioteca Provincial Miguel González Garcés de A Coruña, no República do Couto Mixto de Santiago, O Carballiño, Sada e outras comarcas". Alfonso Blanco Torrado



Exposición de Anxo Lamas no local de República do Couto Mixto de Compostela, onde estaba a presentarse o Proxecto: "Salvemos a Casa de Díaz Castro"



7.- Celebración da Festa das Letras con "A Chave de Bascuas", de Bruno Pena, e o proxecto "Salvemos a Casa de Díaz Castro", en Euskal Herria.

Xa no camiño para Deusto, Alfonso comentaba con Bruno a marabilla dos seus spots e da curta "A chave de Bascuas" que iamos contemplar nestes días, conversando así:

Pensas que a comunicación audiovisual coma os spots convidando a salvar a Casa de Díaz Castro mobilizan máis á xente ca outros xeitos de mensaxe?

Por suposto, como traballador do mundo audiovisual considero este campo importantísimo no mundo da comunicación. Refírome a isto de varios xeitos, dende o momento da produción na que os veciños colaboran na produción do produto audiovisual, ata o momento da difusión onde a xente conecta co proxecto porque se sente identificada.

Opinas que cómpre salvar a Casa de Díaz Castro?

Obviamente. A veces escoito a persoas que din que non vale para nada recuperala. Pero gustaríame debater con eles varias preguntas. ¿Son conscientes da historia que hai nesa casa? ¿Non pensan que sería mellor recuperar esa casa, que ten un lugar privilexiado na Terra Cha que deixala caer? ¿Realmente pensan que non é positivo construír un lugar que sirva de conexión de asociacións da comarca? ¿Ás sucesivas xeneracións non lles vai servir esa obra de nada?. Gustaría debater con esa xente os seus argumentos, non polo feito de levarlles a contraria, senón de que expoñan as súas opinións, seguro que se sacarían cousas positivas para o proxecto.



Dende a tua mocidade, cres que as novas xeracións valoran máis a disponibilidad que teñen de poder medrar en cultura e ralción sociais grazas ás novas tecnoloxías?

Por suposto, os tempos cambiaron e creo que é importante que asociacións que reivindiquen algo cultural o fagan nas redes. É a maneira que hai de chegar á mocidade. Ademais un dos éxitos de Salvemos a Casa de Díaz Castro foi grazas ás redes, por exemplo no vídeo de SES foron miles as reproducións.

A SORTE DE CELEBRAR O MÁIS NOSO NA EMIGRACIÓN

“En maio varios membros de Xermolos tivemos a fortuna de vivir a Festa das Nosas Letras en Euskal Herria, alí viaxamos Bruno, Xosé e o que asina este texto, acompañados polo creador Valdi, moitos anos emigrante en Bilbao. Foron tres días ateigados de actividade en varios centros galegos e outras institucións, e sobre todo de encontros con veciñas e veciños emigrantes que querían saber de primeira man o que está a facer Xermolos neste intre e querían coñecer as liñas mestras do Proxecto “Salvemos a Casa de Díaz Castro”, porque tamén a senten coma algo seu xa que vai ser destinada a “Casa da Xente”. Estivemos en familia, coma na nosa casa. Alí nos agardaba Raul Río e Gloria, no mesmo lar no que acubillaron a Manuel María e Saleta, Felipe Senén e moitas/os galegos... Estiveran deseñando paseniñamente a nosa folla de rota. Principiamos na Universidade de Deusto, a seguinte etapa foi a Casa de Galicia de Santurtzi. O sábado pola mañá participamos en Laudio na inauguración dunha pedra lembradora do escultor Valdi dedicada a Manuel María e pola tarde na presentación das publicacións de Xermolos coma o monográfico sobre o canteiro Valdi no Centro Galego de Laudio convocados pola Peña Deportivista Anduriña. O domingo intervimos na Semana das Letras Galegas en Ses-tao e pola tarde no local da Asociación de Veciños San Gabriel de Masustegi en Bilbao. Non foi un maratón de actos, converteuse nunha oportunidade especial para aterrar nas agras vizosas da nosa cultura e dos sinais do noso pobo. Acreditamos algo que testemuñaba Pepe Neira Vilas: que a emigración transformaba aos galegos en cidadáns máis activos... Acompañados das e dos traballadores das nosas comarcas e de líderes e activistas culturais fomos empantando naquelas camiñadas lembrando momentos vividos en común aquí, nesta “pátria poética”: o Festival de Pardiñas, as celebracións da fala, da memoria, das viaxes reais e literarias con Manuel María, Díaz Castro..., quen coñecía case todos os idiomas de Europa, incluído o éuscaro, e tivo moita relación con Euskal Herria xa que estaba casado con Teresa Zubizarreta Bengoetxea, de Urretxu, localidade á que fan pasar as vacacións cando vivían en Madrid, onde exercía de tradutor.

Entre idas e voltas, camiñamos cos mesmos debezos que enxergamos nesta Chaira e lembramos coma fai anos presentamos en Laudio, alí preto do monolito que se inauguraba, o libro Manuel María da Terra Chá, editado por Xermolos, acompañados por Xosé Estévez que no mesmo acto daba a coñecer o seu As lagoas de memoria. E a emoción aínda medrou moito mais, cando alí nos atopamos con Meli, a viúva de Gabriel Aresti, o valedor mais senlleiro de Euskal Herria, ao que homenaxeamos nun Festival de Pardiñas, con exposición sobre a súa traxectoria e concerto dos seus versos cantados por Natxo de



Na Casa de Galicia de Santurtzi na Feira das Letras Galegas

Oskorri, e a palabra de Manuel María, sen esquecer a compañía naquel acto de Felipe Senén e Francisco Carballo..., os mesmos que protagonizaron a “Memoria da Chaira enteira”, arredor de Raul Río, o pasado 8 de setembro, cabodano de Manuel María en Outeiro de Rei... Nesta peregrinaxe sentíamolos alumeados pola Alba de Gloria dos “bos e xenerosos”, que non permitían que nos repetísemos nestes parladoiros, sempre abrollaba a frescura de recordos vivos e de novas palabras.

Xa en Santurzi a simbiose coa Galiza da emigración fíxose aínda máis rexa. Asistiamos ao nacemento dunha nova criatura: o poemario de José André López que fora secretario daquela Casa de Galicia, e avanzando máis polos eidos da comunicación sen fronteiras, ao día seguinte, o noso gozo inzaba porque era o San Alberte e Xermolos estaba a celebrar a IV Festa da Fala, ao tempo que en Sestao e Masustegui presentábamnos as Rimas de Frei Bento de Santo Alberte, a obra de José André, emigrante dos Vilares, o que estaba a abrir camiño ao proxecto “Salvemnos a Casa de Díaz Castro”, xa que é un dos seus afervoados discípulos. Xosé Veiga ao presentar este programa atopou unhas e uns ouvintes emocionados polo agarimo que eles tiñan ás súas propias casas na aldea da que procedían, moitas veces tamén abandonadas, emporiso o proxecto de salvar a casa do poeta para convertela na “Casa da Xente” foi moi ben acollido, mesmo inspirados nos “spots” que estaban a ver nas pantallas dos locais. Esta querencia polas raíces de un, e a cercanía nostálgica que se foi tecendo nestes días, sobre todo nos colóquios que seguían ás nosas intervencións, crearon a mellor disposición para a visualización da curtametraxe “A chave de Bascuas” producida por Bruno Pena. Alí había emigrantes que contaban casos de persoas que coñeceron tratadas con esta chave, e moitos mais que acudían en agosto á Romaxe de Bascuas, pero daquela o que mais os solprende foi o talento creador de Bruno. O mesmo poeta, presente na mesa, José André, compartiu a súa experiencia familiar escoitando á súa parente Xosefa Cabado versos sobre a paisaxe de Bascuas. Entre benvidas e adeuses fomos reencontrándonos a cotío nos soños e nas teimas de Xermolos que son os do noso pobo, tamén a Galiza emigrante”.

Alfonso Blanco Torrado (Revista Espalladoiro do Centro Galego de Laudio)



Na inauguración do monumento a Manuel María obra de Valdi en Laudio



Na presentación de obras de Xermolos sobre Valdi, Díaz Castro, e o vídeo de Bruno Pena “A chave de Bascuas” no Centro Galego de Laudio.

Na celebración das Letras na Asociación de Veciños de Masustegui



V.- DENDE O NOSO LAR: A CASA DAS PALABRAS

1.- Facendo memoria das e dos bos e xenerosos:

O 28 de novembro Alfonso celebrou o acto de memoria no cabodano de Xosé Neira Vilas na súa aldea de Gres convidado pola familia e amigos, e xa o 13 de decembro, na Casa das Palabras, Alfonso falou da relación de Pepe Neira e a súa dona Anisia coa Terra Chá, utilizando unha frase súa: "Son moi da Terra Chá". Na foto Neira e Anisia nunha das súas visitas á Casa das Palabras (2007), ollando as súas obras. (Foto Suso)



2.- Espazo de debate: Reivindicando os dereitos das e dos traballadores



Na foto de enriba os sindicalistas Alfonso Losada e Carlos Mazorra explicando as reivindicacións das e dos obreiros de Ingemarga na Casa das Palabras (Foto Raul Río)



Na foto, Heitor Picallo presentando a empregadas e empregados do Balneario de Guitiriz a promoción de Cuntis coma vila balnearia dende a época romana.



Heitor Picallo

Investigador do Balneario de Cuntis

"Divinidades da auga"

Domingo, 9 de abril, ás 18 horas na CASA DAS PALABRAS

LOITEMOS POLOS NOSOS RECURSOS NATURAIS!

Alfonso Blanco

"Historia da pedra de Parga e Guitiriz"

Luns, 10 de abril, ás 18 horas na CASA DAS PALABRAS





Organiza Xermolos

3.- Aula de obradoiros:

Na foto, sesión de “Fotografía en curso” das e dos alumnos do IES Poeta Díaz Castro co creador Tono Mejuto



4.- A Casa das Palabras convértese cada curso en **meta de colexios de toda Galiza** grazas ao grupo de guías do Instituto Díaz Castro de Guitiriz que mostran a obra manuscrita do poeta e acompañanos polos seus espazos vitais e creativos.



5.- Espazo de relatorios e exposicións ao longo de todo o ano. (Fotos Suso)



6.- Espazo de encontro de creadoras e creadores, así os músicos Sés e Kevin de Immaculate Fools, e outras e outros...



Sés achegouse a Guitiriz para coñecer o Proxecto “Salvemos a Casa de Díaz Castro“ e colaborar na súa difusión. O creador Bruno Pena acompañouna polos espazos poéticos do poeta, acadando un vídeo ateigado de emoción e arte, que impactou en todo o país, con máis de 16.000 visualizacións.



Kevin, visitando a Casa das Palabras, na gravación do documental de Eduardo Herrero sobre as súas actuacións no Festival de Pardiñas nos anos noventa.

VI.- SEGUIMOS CELEBRANDO A VIDA E A OBRA DE AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ



Agustín Fernández Paz no Paseo dos Soños en Vilalba

Neste ano seguimos mostrando a nosa querencia por Agustín Fernández Paz, sobre todo convidando a seguir lendo e disfrutando del, así o fixemos no pasado Festival de Pardiñas agasallando cos seus libros no Certame Terra Chá, e na Cabalgata de Reis onde a súa lembranza motivou á rapazada a coñecelo máis e a saborealo na súa obra... Xa na Festa da Fala volvemos a celebralo, lendo o texto que nos deixou lembrando a súa camiñada ao San Alberte cando era neno, e neste Festival volve a estar presente, sobre todo na voz de Fina Casalderrey. Agora adxuntamos dous textos seus:

Pregón do XVI FESTIVAL DE PARDIÑAS, 7 de Agosto 94, por Agustín Fernández Paz

Desta vez teño eu, chairego de Vilalba, a honra de lervos o pregón que serve, nun rito que se repite cada ano, para presentar a Festa que hoxe nos convoca aquí. Non fai falta que vos diga a ledicia que para min supón estar nesta Feira, rodeado de xente amiga, e tendo diante dos meus ollos a paisaxe da Terra Cha, a mesma que me acompañou nos meus anos primeiros e que, por lonxe que eu estea, nunca deixa de estar presente nos meus soños.

Pero non é da paisaxe do que vos quero falar hoxe. Xa o fixeron, ben mellor ca min, xente coma o lembrado Díaz Castro ou coma Manuel María, que tan ben soubo interpretar esta bisbarra nosa.

Porque o que hoxe quero dicirvos en voz alta é o que eu penso sobre o significado que ten, que tivo dende que xermolou, vai xa para quince anos, esta Feira, esta Romaxe de Pardiñas.

Non hai cousa máis humana que unha feira, que unha festa: é sobre todo, un pretexto para xuntármonos, para sentir e gozar da ledicia e da amizade. Pero aquí estamos, un ano máis, na celebración dunha festa que a esa dimensión primeira engade outra dimensión máis fonda. Porque a de Pardiñas é unha festa que, dende o primeiro, apostou pola celebración de todo o que é noso, pola descuberta das nosas raíces, pola recuperación do que hoxe nos une e nos fai galegos e galegas.

E ben se ve que aquí non hai lugar para unha recuperación falsa ou superficial, de muiñeiras con coca-cola, como tantas das que hoxe proliferan en Galicia e que nos ofrecen unha imaxe deturpada de nós mesmos.

O que xermola aquí, cada ano, é unha recuperación da Galicia auténtica, da Galicia que queremos. Dun país que quere unir o vello e o novo. Dunha Galicia que sabe que non ten futuro se se queda ancorada no pasado; pero que sabe tamén que non pode enterrar o pasado, porque nel está o mellor de nós, o que nos ha axudar a facer un futuro diferente. Algo que xa hai moitos anos soubo ver moi ben Xosé María Díaz Castro, orgullo de Guitiriz e de Galicia enteira, cando dicía:

“Aí están, como brasas contra a noite,
as vellas cousas, cheas de destinos.”

Dunha Galicia que, ademais, contra o que din aqueles ós que lles molesta esta louvanza do país, sabe que non hai nada máis falso que contrapor a louvanza do noso coa imprescindible apertura a outras culturas. A xente que iso di esquece que só se pode ser universal dende as propias raíces, dende a afirmación decidida do autenticamente noso.

E non é casualidade que nesta Festa, nesta Romaxe, esteamos tan perto do San Alberte de Parga, avogado da fala (e ben podo louvar eu a súa man milagreira, porque este home que hoxe vos fala aínda prendía de abondo nos seus anos de neno. A viaxe ata a capela do Santo, da man da miña irmá, supoño que tivo moito que ver coa curación que agora ben notades vós).

E digo que non é casualidade que estamos tan perto do San Alberte porque eu, nesta Feira de Pardiñas, aínda que vexo moitas festas xuntas: a da amizade, a da arte, a da nosa cultura material, a da música que medra dende as raíces.... Eu quixera destacar aquí a que para min é a festa máis sentida: a Festa da Fala.

Non vos vou repetir agora aquí o que xa sabedes de vello, e que tantas veces se ten dito: que a lingua é a meirande creación que fixemos os galegos ó longo da historia e que é o noso máis auténtico sinal de identidade, a nosa raíz máis fonda. Que, como moi ben dixo hai moitos anos Darío Xohán Cabana, outro poeta noso,

Non ha de morrer a fala
que herdamos dos abós,
e se un día morrer
xa non seremos nós.



*Con Manuel María e Xosé Chao Rego
nun Festival de Pardiñas*

Sinalando o papel esencial que xoga no noso ser galegos, un papel que teimudamente lle veñen negando os que antes nola prohibían, que son os mesmos que nos dín as falsas palabras de que agora xa non hai problema ningún, porque cada quen é libre de falar no que lle pete.

Pero non vos vou contar da lingua nada que non saibades xa. Deixádemme só que vos diga que nos fan falta moitas festas da fala coma ésta, moitas festas nas que os que xa imos tendo anos celebramos a ledicia que hai detrás de cada palabra que decimos, tan cargada de historia e de futuro, e nas que os máis novos, estes nenos e nenas que son a esperanza da Galicia do século XXI, recollan de nós a herdanza máis valiosa que lles podemos deixar, que non é outra que as palabras que nos serven para nomear e entender o mundo.

Se me escoitase agora alguén que non soubese nada de Galicia, seguramente ficaría estrañado diante do que estou a dicir. Porque, diría esa persona, a fala dos pais transmítese dun xeito natural ós fillos, e non hai nada máis natural que que os habitantes dun país falen a lingua da súa terra. Pero vós, que sabedes coma min os problemas, os atrancos (hoxe máis arteiros,

porque o tempo das imposicións violentas xa non se leva, cando menos agora) que atopamos quen queremos vivir a nosa vida en galego, entendedes ben a necesidade de proclamar, dende a alegría, a afirmación de sermos galegos e galegas, unha afirmación que ten o seu millor xeito de manifestarse en algo tan sinxelo coma o uso cotía da lingua.

Un uso cotía para o que non hai que buscar razóns estrañas ou artificiosas, como as que ás veces empregamos para tentar xustificar a nosa fala diante dos que refregarían as máns con alegría se hoxe abandonasemos, senón pola razón máis elemental, a que eu non atopei nos libros, senón nos labios dun conserxe da Universidade de Vigo. Este conserxe, cando lle preguntaron porque falaba sempre en galego, en todas as ocasións, contestou co mellor argumento que se pode dar: “ Eu falo en galego porque son de aquí.”

“Porque son de aquí”. Velaí a razón máis elemental, pero tamén a máis fonda. Tamén era de aquí o noso Díaz Castro, que hai máis de trinta anos, en tempos escuros, escribiu aqueles versos inesquecibles:

“ Un paso adiante e outro atrás, Galiza, e a tea dos teus sonos non se move.”

Eses versos publicáronse en 1961, e os que sabemos daquela época entendemos ben a desesperanza que encerraban. Vendo a Galicia de 1994, vendo as dificultades para utilizar con toda normalidade a nosa lingua (que iso, e non outra cousa, é a normalización lingüística), entran ganas de pensar que as palabras de Díaz Castro non perderon actualidade ningunha e que seguen valendo para describir o noso país. Pero vendo a realidade desta festa (e todo o que hai ó redor dela en Guitiriz), a un étranlle ganas de dicir, non polo baixo, senón en voz ben alta, as mesmas palabras que dixo Galileo despois de que o condenaran:

“ E sen embargo, móvese”.

Por iso quero rematar estas palabras miñas, antes de que a festa continúe e todos nos entreguemos á ledicia de pasalo ben xuntos, cunha invitación a que caiamos na conta do inmenso tesouro que é a lingua que falamos, “a que me enche a boca enteiramente/ e como un río interno me asolaga”, que dixo Méndez Ferrín.

Esta invitación diríxoa especialmente á xente moza, rapazas e rapaces, nenas e nenos. En vós está o futuro, tamén o da lingua. A vós vos corresponde facer posible no século XXI a plena normalización da lingua, nunha Galicia dona de si. Daquela seguiremos vindo a Pardiñas en agosto, a pasalo ben a carón desta auga que simboliza o noso país dos mil ríos. Pero non terán sentido palabras coma as que eu dixen hoxe, porque a resposta do conserxe de Vigo será, de verdade, o que merece ser: unha realidade elemental.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ



Estampa da “Memoria da Chaira Enteira” dedicada a Agustín, con este gravado de Valdi

VALDI NA BEIRA DO RAÑEGO

por AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

O río de Vilalba, coma os outros da Chaira, discorre calmo mentres rodea o outeiro en que se asenta a vila. Aínda que o seu nome oficial é Madalena, cada un dos seus tramos recibe un nome diferente; nomes que veñen dos muiños de auga que funcionaban cando eu era neno, coma se cada un deles acoutase un espazo propio ao seu redor. E así, se seguimos a canle que vén desde a parroquia de Lanzós, batemos de primeiro co que chamabamos o Río dos Freires; logo, un pouco máis adiante, o Río da Madalena, e andando un pouco máis, o Río dos Pasos. Despois aínda viña o Río do Rañego, onde miña nai ía lavar a roupa nos días de verán e eu, feliz, pasaba o día enteiro a xogar no río. Máis afastándose xa da vila, estaba o Río dos Novos. É precisamente no lugar d'Os Novos onde o Madalena se xunta co Trimaz, formando entre os dous o río Ladra, que acabará levando as súas augas á casa común do pai Miño.

O Rañego, Os Pasos, Os Novos.... Lugares da miña infancia, cada un ateigado de lembranzas e de descubertas. Un deses lugares, o que comeza ao cruzar a ponte do Rañego, é o que, hai xa oito anos, a Fundación Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos escolleron para facer realidade O Paseo dos Soños. Un paseo que discorre en sentido contrario á corrente do río, con vontade de chegar ata Os Pasos e, máis adiante, ata o lugar da Madalena, onde está a zona recreativa creada a carón da praia fluvial.

Os artifices deste Paseo dos Soños concibiron a idea de marcar os hectómetros do camiño cuns fitos moi especiais. E así, cada cen metros, o camiñante bate cunha escultura que evoca a obra dalgún escritor ou escritora pertencente ao que xa é moito máis que un espazo xeográfico: a Terra Chá, ese territorio entre mítico e sentimental que Manuel María definiu para sempre no libro do mesmo nome que publicou no ano 1954.

NUN LUGAR DOS SOÑOS
14 de decembro de 2008

Agustín Fernández Paz
NO AMOR DE TANTOS SOÑOS

Muiño do Rañego de Vilalba

*Domingo, 14 de decembro de 2008
ás 12 da mañá
Táboa Redonda, coa participación de
Manuel Bragado
Fina Casalderrey
Xabier P. Docampo
Paco Martín
Xulio Xiz*


Colocación do 3º hectómetro literario no Paseo dos Soños

*Xantar de irmandade
en A Nova Ruta de Vilalba*

Actuación musical

*Organiza:
Fundación Manuel María*

*Rogamos avisen
de asistencia ao xantar,*



Esas esculturas que, ano a ano, van configurando unha orixinal exposición ao longo do paseo son todas elas obra da mesma persoa: o escultor Xosé Val Díaz, que asina os seus traballos co nome artístico de Valdi. Un home con que comparto xeración (os dous somos do 47) e tamén o amor por Galicia e pola lingua que nos une.

O primeiro hectómetro vén marcado pola escultura que nos lembra a Paco Martín e *Das cousa de Ramón Lamote*. É certo que Paco Martín naceu en Lugo (ninguén é perfecto), máis todos consideramos que fixo méritos dabondo para merecer a dobre nacionalidade de lugués e de chairego. Cen metros máis aló, a segunda escultura evoca a Manuel María e o seu *Os soños na gaiola*. E logo, cen metros máis adiante, chegamos ao lugar onde me quero deter e onde é inevitable que se me acelere o corazón. Porque alí o 14 de Decembro de 2008, tiven a honra de que se lle dedicase aos meus libros o terceiro hectómetro do Paseo. Esa mañá, rodeado de familiares e persoas amigas, vin por vez primeira a fermosísima escultura que Valdi creou e que desde aquela permanece ao pé do lugar por onde pasean os camiñantes e a carón do río que flúe.

Trátase dunha escultura de pedra branca, en contraste co granito das anteriores. Sobre unha base horizontal que sae da terra, vemos unha pila de catro libros pechados, con títulos dalgunhas obras miñas nos seus lombos, entre eles *O único que queda é o amor*, un dos meus libros máis queridos. Os catro volumes están colocados de tal xeito que tamén poderían ser os banzos dunha escaleira. A que nos permite chegar á parte superior, onde hai un quinto libro, este aberto. Trátase *d'As fadas verdes*, unha novela cunha clara vocación de defensa da natureza. Unha historia que fala dos bosques autóctonos ameazados, das agresións continuadas que sofren, dos incendios terribles.... E tamén deses seres máxicos, as fadas verdes, encargadas da protección dos bosques. No interior do libro aparece gravado o meu nome e mais unha frase esencial: << Nos libros hai demasiada beleza para ignoralos.>>



Todo o conxunto está adornado con vizosas follas de carballo, símbolo dos nosos bosques autóctonos. Durante os meses do outono, esas follas que Valdi gravou mestúrandose coas que van caendo dos castiñeiros e ameneiros que medran na beira do río e, aos poucos, cobren a herba e o camiño. A natureza e a arte mesturadas, algo que moito me agrada e que, de seguro, tamén aprecia Valdi.

Porque un dos grandes méritos destas esculturas ao aire libre é que están vivas e evolucionan en contacto co vento e coa auga, co rumor do río e coa neve que cae maina nos meses máis fríos, cos berros alegres dos nenos e coas palabras tenras dos namorados. A escultura, coma os libros, mestúrandose coa vida das persoas. Que fortuna! (GUIEIRO N.º 16).

MALOS TEMPOS PARA OS FANTASMAS

OLALLA CORRAL ABAD 4º E.S.O. A


I.E.S. CURTIS

Agustín Fernández Paz naceu en Vilalba, o 29 de maio de 1947, e finou en Vigo o 12 de xullo de 2016.

Estudou para ser Perito Industrial, pero máis tarde comezou Maxisterio, ao que se adicou toda a súa vida, ata que se prexubilou por unha enfermidade, que foi a culpable da súa morte.

Comezou a escribir despois da aprobación da Constitución no 1978. Destacou tanto no ensaio coma na narrativa.

A maior parte dos seus libros están adicados ao público infantil e xuvenil, e acadou numerosos premios, entre os que salientamos:



Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil no 2008, polo libro *O único que queda é o amor*, este mesmo libro tamén foi incluído na *Lista de Honra IBBY*

Contos por palabras e *Aire Negro*, tamén foron incluídos na *Lista de Honra IBBY*

Aire Negro, foi incluído no *Catálogo White Ravens* da *International Youth Library* de Múnic

O meu nome é Skywalker, tamén foi incluído no *Catálogo White Ravens*

As flores radioactivas *Contos por palabras*

Trece anos de Branca

Cartas de inverno

A neve interminable

Non hai noite tan longa

A viaxe de Gagarín

Os libros infantís galegos

Manuel María



Entre outros libros... Pero o traballo desta presentación trata sobre *Malos tempos para os fantasmas*, foi incluído no *Catálogo White Ravens* da *International Youth Library* de Múnic

Malos tempos para os fantasmas foi ilustrado por: Patricia Castelao, na Editorial: Xerais, Merlín no 2012. o título anterior: *Avenida do Parque, 17*

RESUMO: A protagonista desta novela, Marta Freire Varela, xunto cos seus pais, César e Clara, múdanse de cidade. A rapaza, empeza ese ano o instituto, aínda que a súa maior preocupación é non atopar amigos tan bos coma os que deixou en Pontebranca.

A historia non trata sobre a busca de amigos, senón polo que acontece na casa que alugaron. Sobre ela nállanse diversas historias, nas que se conta que a casa está enmeigada e nela viven fantasmas...



E así é, un fantasma ao que Marta lle chama Fan comunícase con ela a través do ordenador, pero ninguén máis sabe da súa existencia. O fantasma non pode irse da casa ata que a derruben. Un día, Marta e Fan terán unha triste, pero por outra parte alegre noticia.

PERSONAXES PROTAGONISTAS: Marta: protagonista da historia, xunto con Fan, o fantasma que vive na casa . Ela é a única que pode falar con el. Ten 12 anos, e afronta un cambio de cidade, de amigos e de instituto. A súa maior preocupación é non atopar amigos.

Fan: protagonista da novela. Ten moitos anos. Leva no edificio corenta e nove anos anos (a historia está ambientada en 1996, e fala como se o contase nese ano), e non pode abandonalo ata que derruben a casa. Axúdalle a Marta cun mestre moi malo de matemáticas. É agradable, e interésase pola vida de Marta.

Clara: nai de Marta. Profesora de secundaria e apaixonada pola astroloxía.

Preocúpase pola súa filla, coa que lle gusta saír de paseo no xardín.



PERSONAXES SECUNDARIOS:

César: pai de Marta. Adícase a traballar nunha empresa. Sempre está con escusas para non crer as historias que narran acerca da súa casa.

Milena: mellor amiga de Marta de Pontebranca. A pesar da distancia, manteñen o contacto por carta.

Beatriz: tamén chamada Bea. É a nova amiga de Marta, que a coñece cando esta comeza o instituto.

Miguel: compañeiro da protagonista. Os dous senten unha atracción mutua.

Don Rodrigo: profesor de matemáticas do instituto. Agredéfísica e verbalmente aos alumnos.

Maika Louro: presentadora de “As fronteiras do descoñecido”, un programa que conta fenómenos paranormais. Realiza unha reportaxe sobre a casa dos protagonistas, facendo parecer que nela acontece algo raro, e que Marta e Clara non son humanas.

ESPAZO E TEMPO: A historia acontece a maior parte na casa de Marta, aínda que nalgún momento tamén aparece o instituto e o parque. Está ambientada no ano 1996

VALORACIÓN: Un libro cargado de fantasía, risas e tristeza. Amósanos as conversas entre unha rapaza e un fantasma. A imaxinación non falta nunca neste novela. Tamén nos amosa o cambio físico e mental, que é pasar do colexio ao instituto. En especial, recomendo este libro a eses alumnos que pasen do colexio ao instituto. Ao final agárdonos unha gran sorpresa, por que non lelo xa?



Agustín Fernández Paz

POR MERO IGLESIAS

Lembro perfectamente cando, estando na Habana, dixo: "...a música éche moita música, capaz de facer o milagre de volvernos ao camiño e erguer os corazóns". Foron unhas verbas que pronunciou, así de paso, cando baixabamos do escenario da Casa de Rosalía de Castro, na capital cubana, cando no ano 2008, febreiro, fomos á Feira do Libro. Alá fomos, unha expedición galega moi limitada, amosarnos copropietarios da honra e do orgullo, da homenaxe á nosa orixe e nación de procedencia, á nosa Lingua. Feira do Libro dedicada a Galicia, case nada! E foi todo un éxito, malia a maledicencia dos políticos da oposición, ao Noso e ao bipartito -que naqueles tempos tiñan goberno- entón para desacreditalos empregaron a ofensa e a mentira e, de paso, réditos da falsidade nas urnas. Mellor deixalo así. Certamente había un interese enorme, no estranxeiro, por coñecer as nosas habelencias e iso era o importante. Artes e autores nesta volta, alá tan lonxe, dando a alma. Charlas e concertos, provisión de coñecementos e de lembranzas, arrogantes memorias de dignidade e irmandade, mesmo de familiares que alá estaban desde a noite dos exilios e da emigración, e que cheguei –eu mesmo- a coñecer nunha emoción compartida que nos fixo chorar. Emoción que transcendeu con Anisia Miranda e Pepe Neira Vilas e moitos outros, que foron verdadeiros embaixadores da Nosa Cultura naquel evento mundial tan significado.

Un día da Feira e seguindo o programa chegamos, unha boa morea delas e deles, facer un acto literario e musical na Casa da Santiña, como alí lle dicían ao Centro Cultural Rosalía de Castro. Iamos ao escenario principal e diante de nós puidemos quedar parados e sorprendidos do espectáculo que se nos presentaba nos ollos, quedamos abraiados. Había unha chea de nenos e nenas, estaban de ensaio, vestidos todos de faraloes e de lunares, traxes do máis castizo. Estaban a bailar pezas andaluzas entre résgueos de guitarras aflamencadas, alí, na casa aquela que debora –desde o noso humilde punto de vista- espallar primordialmente a nosa cultura e que, daquelas, nada tiña que ver con aquilo que interpretaban. Reconducir o que estaban a facer co noso, non era moi doado. Había que baixar unha cortina e reiniciar os pensamentos. Autores e autoras non sabían como botarlle dente desde aquel punto de inflexión que contrariaba o noso. Pensamos –así nun arrebatado- saír nós, mediar dalgún xeito cantando unhas cancións antes de entrar nas obras de materia estritamente literaria ou fantástica, mesmo poética. E así fixemos. Collemos a canción de “A Rumboia”, as pezas tradicionais son sempre moi agradecidas, e cantamos cos rapaces tentando involucralos no feito de repetir aquilo de “Federico Antón, Federico Antón, marcha *mañana*. Federico Antón, Federico Antón, para *La Habana*”. Anotamos a letra nun encerado que antes tiña anotados puntos de baile andaluz. Cando lle demos dúas voltas ás novas anotacións, xa todos sabían a canción e mesmo bailaban ao agarrado. Debuxóuselles un sorriso na cara, un ánimo gozoso de brillo nos ollos e aínda en faraloes estaban metidos en nós, na nosa fala, alí na Casa da Santiña, como lle chamaban os máis vellos ao Centro Cultural Rosalía de Castro. Era, o milagre, efecto dun pasodobre galego e en galego, que nos reconducía ao fío das nosas pretendidas intervencións e que deu entrada ás declamacións e relatos que viñeron despois. Despois cantamos algunha canción máis, mesmo axudou o Suso de Toro – que soñou sempre ser vocalista dunha orquestra, e faino ben o condenado!- e outra xente que xa non lembro. Volvemos sobre da Rumboia antes do remate do acto, e celebramos a forza



cohesionadora que os ritmos e as cancións poden acadar, e que Agustín soubo ver ao momento e recoñeceu o valor da música para crear mundos maravillosos: a música é moita música!

Era moi agudo, aguzaba o enxeño para describir e escribir dando conta dos aconteceres. Foi o primeiro e dar nota do acto aquel da Habana, pero tamén era quen de dar noticia de todo canto pasaba por diante dos nosos ollos. El reparaba no mínimo detalle, na palabra precisa do máis pequeno pero que transmite cousas tan grandes. Conciliaba perfectamente con outros grandes comunicadores de emocións, como Paco Martín, Fina Casladerrey, Xabier Senín, Afonso Sanmartín, Andrés García Vilariño, X. Antón V. Cabarcos, e con especial contundencia co Xabier P. Docampo, así foi nos moitos anos partillaron variados e múltiples soños, actividades que fixeron transcender o esforzo tras-xeracional, tan intenso por dar pulo e dignidade á Lingua e á Nosa Casa, despois de séculos de esquecemento.

Nos últimos tempos, e por mor da enfermidade, estaba moi aprehensivo con todas as licenzas humanas que en grupo asumiamos, coidábase moito e especialmente os xantares e todo canto tomaba, refrescos, tapas e mesmo caramelos. Era puntualísimo cumpridor da dietas, descansos e medicacións da prescrición médica que o controlaba. Aínda así, disimulábao ben e tiña saídas agudas para todo. Como cando se escusou para marchar dun encontro de amigos, e dixo que tiña que chegar a Vilalba en tempo, pois ía morrer Carrero. Todos, conta Fonso Sanmartín, quedaron pensativos e coa incógnita nos ollos, coma inquirindo algunha explicación máis explicada. Deuse conta e axiña explicouno: non, non, non, non vos é o que pensades, o tal Carrero é un porco ben cebado que temos na casa, da última rolada que deixamos para o noso consumo. Xa vedes o enxeño que se gastaba o tal Agustín, de paso facía broma e criticaba, deixándonos co sorriso na boca mentes marchaba certamente para Vilalba, axudar na mata do cocho.

Para abondar máis no carácter e no xeito de vivir de Agustín, ao mellor habería que contar aspectos pequenos que fosen claves para espallar o enorme mundo que para el tiñan as cousas pequenas. Por exemplo, contaban os alumnos sempre, que ao devolverlles os exames escritos



ademais de poñer unha cuantificación xenerosa, aínda sendo a máis alta, sempre poñía que había que mellorar no medio de verbas compracidas. Algunha alumna ía onda el e preguntáballe porque levando un dez, por exemplo, tiña que mellorar. Entón, el, participáballe aquilo de: “sempre poderemos ser mellores, sobre todo en actitudes, cos compañeiros e axudando”.

Tiña un gusto especial pola poesía, tiña un namoro preferente pola poesía de Valente e o del, xa era veneración, polo cómic e a banda deseñada. Ao mellor ninguén, falando del, dixo algo que relate o amor polas flores, sobre todo as rosas. Cando ía a Vilalba, á súa casa, sempre levaba flores á mai –con eme, si, como dicimos na Terra Cha: bilabial, coma os bicos máis sentidos. E gustaba levar as rosas na roseira, en maceta, para plantar e poñer en terra, que prevalecesen.

Mirando agora para atrás, aínda o vexo cando contaba aquelas andainas súas como reloxeiro, no Euskadi e en Barcelona, profesión da que exerceu ben tempo, ou das conversas con Bernardo García Cendán, amigos ambos da común orixe chairega de Vilalba co que botaba grandes paroladas percorrendo as tardes e as rúas da vila. Ou como foi tamén emigrante que só soñaba con volver durmindo, nas noites, os fríos da distancia. Lembro cando daba clases no Fogar de Santa Margarida, na Coruña; ou cando exerceu en Ferrol -de onde marchou adoecido pola infamia- cara a Vigo. Lémbroo na homenaxe que lle fixemos no Fogar, e que estaba tan contento, ría feliz na compracida amizade de tantas e tantos que hoxe nos recocemos nel, gratificados por telo coñecido. Alí, naquela ocasión, celebramos memorias entrañables e, entre elas, aquelas de Vilalba, da Habana, dos soños. Percorremos amigos comúns, mesturados con fadas e trasnos para entrar xuntos nese corazón que vaga os corredores das sombras e, por veces, as ausencias que nos doen. Botamos man dos panos para secar bágoas no recordo, pero satisfeitos desa imborrable amizade que nos acrecentou ilusións e esperanzas. Esa que perdura, como todo aquilo que habita os nosos corazóns e que nos marca os latexos de cada día!

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

VII.- EXPOSICIÓNS na CASA DAS ARTES

Na nosa camiñada á Casa das Artes este ano imos descubrir unha nova obra de arte froito dun obradoiro organizado polo Concello de Guitiriz e dirixido pola profesora de pintura Pilar Iglesias Ares



Foto Cristina Pérez


Xa na Casa das Artes ademais de obras de ANXO LAMAS, imos contemplar unha serie de

DEBUXOS DE MARÍA GUERRERO que ela donou para colaborar na recuperación da Casa de Díaz Castro. Esta creadora de Vilalba agasallounos con 50 debuxos para poñelos á venda no Festival de Pardiñas para axudar a recuperar a Casa de Díaz Castro. Son trazos sinxelos e limpos que definen á marabilla as expresións e os sentimentos das persoas, sempre liberados do que é secundario e superfluo.

María é unha artista total que transmite emocións, sen distorsionar a beleza, froito da súa autenticidade. Emporiso rexeita subir ás moquetas e escaerios e falanos dende a vida e o seu camiñar de cada día. Quizais sexan as nenas e nenos as primeiras en disfrutar da súa arte porque coma mestra partilla coa comunidade escolar na que traballa, o Ínsua Bermúdez de Vilalba, a súa arte plural: xa entrando no centro



impactan pola súa enerxía os murais que engrandecen as paredes e nos que tamén se percibe a súa achega, pero tamén os decorados, traxes, máscaras..., para as obras de teatro que dirixe... Asemade ilustrou libros coma *Doce Ducias* de Mero Iglesias e as revistas do Colexio. María Guerrero converte toda a súa actividade nunha busca da beleza e do ben común, sabedora de que



está amellorar o mundo transmitindo máis saúde, igualdade, harmonía... E colabora cos colectivos socioculturais coma Xermolos brindándonos a súa arte, coma podemos ver nesta imaxe de Manuel María que imos partillar o 8 de setembro, na celebración da "Memoria da Chaira Enteira".



EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍA NA CASA DAS ARTES

O FESTIVAL 2015 NA OLLADA DE MANOLO BEREAMENEDO

Xa fai anos o creador Manolo Berea Amenedo inmortalizou coa súa cámara estas estampas que definen a enerxía do festival do 2015. O artista de raíces en Guitiriz, vive nas Rías Baixas, despois de residir anos en Madrid coa súa familia. O Festival de Pardiñas foi unha das súas citas máis entrañables e quere partillar esta emoción no presente, contaxiando a todas e todos da maxia do festival, e no futuro convertendo a súa arte nun arquivo da memoria para as xeracións vindeiras.



Cómpre remarcar que se move dende neno cunha querencia especial pola paisaxe de Pardiñas xa que foi alí a súa primeira escola, cando tiña 5 anos, mesmo na Casa das Artes onde agora expón as súas fotos e exerce de mestre e creador das e dos que imos disfrutar nestes días da súa arte.

Considerado “fotógrafo de rúa” ten publicado varias reportaxes en distintos medios.



EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

“Guitiriz, cara á casa”

Na Casa Habanera, durante o mes de agosto.

Horarios: Mañás, de martes a xoves de 10:00-14:00

Tardes, de luns a venres de 16:00-20:00



juan luís tomé
FOTOGRAFÍA

Estou moi ledo de poder anunciar que por fin rematei o meu proxecto sen ánimo de lucro en colaboración coa Asociación Cultural Xermolos chamado “Guitiriz, Cara á Casa”. 52 fotografías que representan ás casas de 60 persoas que son ou viven no concello de Guitiriz.

O ano pasado tiveramos un adianto cunha exposición de 23 fotos no Festival de Pardiñas. Agora toca a totalidade.

É un proxecto que arrincou no 2015 co propósito, moi humilde, de lembrar unha vella tradición de chamar ou coñecer á xente polo “nome” da súa casa, facendo fincapé obviamente na xuventude que son aqueles que deben manter ese lume prendido.

Maioritariamente son casas do concello de Guitiriz, pero tamén hai algunha dos próximos, xa que está representada por alguén que actualmente é veciño noso.

Gustaríame agradecer profundamente a tódalas persoas que participaron no mesmo, directa ou indirectamente, ós protagonistas, á asociación cultural Xermolos, ao Concello de Guitiriz. Por suposto á miña familia de quen recibín moito apoio e comprensión todo este tempo. Son moitas horas de dedicación desinteresada neste traballo. Os protagonistas ben o saben.

Tamén quero dicir que as casas seleccionadas o foron circunstancialmente, houbo varias sesións que non se puideron materializar por non atopar ese espazo temporal no que ambas partes coincidiram libres das nosas obrigas profesionais. O sinto de corazón. Pero non puido ser. O meu agradecemento tamén para esas persoas.

Moitos me preguntan como se seleccionou á xente e en realidade dende que comezou o proxecto no 2015 foi evolucionando centrándonos sobre todo en xente nova, que en certo modo, fora coñecida sobre todo polo resto da xuventude do noso concello. Xente de ben. Por suposto que faltan moitos, pero isto foi o que deu de si.

A exposición terá lugar na Casa Habanera todo o mes de Agosto. En breve se publicarán horarios e un cartel.

Un cordial saúdo.
Juan Luis Tomé.



EXPOSICIÓN DE JUAN LUÍS TOMÉ NA CASA DAS ARTES no 2016

VIII.- PARDIÑAS TAMÉN É DEPORTE

O sábado, día 5, **FUTBOL GAÉLICO**
no Campo de Fútbol de Parga (de 10:00 a 15:00).

Con adestramento aberto para todas e todos e partido de exhibición mixto entre Fillos de Breogán de A Coruña e Ártabros de Oleiros

CONVERSA CO INTERNACIONAL HARO OLIVEIRA

Dende as primeiras edicións, Pardiñas tamén brinda a oportunidade de achegarse ao festival participando na súa carreira popular dende a vila de Guitiriz... Un dos corredores en moitas edicións é Haro Oliveira Sanjurjo, con raíces familiares no Sanguñedo de Guitiriz e na Paradela veciña... Xa o ano pasado arroupámolo dende Xermolos e o Festival de Pardiñas, lembrando que naquel momento estaba con nós, pero en Irlanda onde xogaba o Campionato Mundial de Fútbol Gaélico, onde quedaron de terceiros, mentres que nós disfrutábamos no festival coa música celta deste país.

Haro é un campión no campo de xogo coa xenerosidade dun amateur, pero tamén noutros eidos da vida, así preparándose para profe de educación física, e poder contar a todas e todos da paixón polo deporte. Neste eido tamén xogou de porteiro en fútbol sala en Guitiriz, pero á fin apostou polo fútbol gaélico sendo un dos seus pioneiros xa que leva uns seis anos practicándose pero cun crecemento grande pois contamos con máis da metade dos equipos de Europa, son uns 15 tanto masculinos coma femininos participando nunha liga mixta. É unha modalidade deportiva que medra nos países celtas: Bretaña, Irlanda, Galiza...


Si o ano pasado viveu o festival defendendo as cores da equipa nacional galega, este ano agasállanos coa posibilidade de asistir a unha xornada de fútbol gaélico no Campo de Fútbol de Parga.



IX.- ENCONTROS CON ESCRITORAS E ESCRITORES DE GUITIRIZ NA CASA DAS PALABRAS

a) XOSÉ CARLOS LORENZO TOMÉ presenta *Alma. Un sopro de aire fresco.*

Xosé Carlos ten unha ampla obra literaria froito da súa formación en varias disciplinas, sobre todo en bioloxía e filosofía. Pero tamén forneceuse da cultura oral: lendas, tradicións, mitoloxía..., transmitindo nalgúns dos seus libros toda o universo cultural de Guitiriz, as súas raíces... Pero con esta presentación o que queremos é convidar a ler os seus libros que chegan a varios xéneros literarios dende aqueles contos e ensaios que escribía nas primeiras revistas de Xermolos, así no ensaio: *Jürgen Habermas* (2004) que é a súa tese doutiral, e *O silencio dos deuses. Filosofía e literatura* (2009) Xa na narrativa: *A cidade branca* (1987), *Delourando os días* (2015) e *Alma. Un sopro de aire fresco*, 2017, En Xermolos ten colaborado en libros coma: *As identidades novas e vellas, en 12 anos na búsqueda da nosa identidade*, 1990.



“O reencontro anual en Aosta de dous amigos, Ada e Amado, e a reveladora conversa que manteñen sobre a insólita actuación das irmás Touza, lévaos a iniciar unha viaxe a Portbou, continuala polo norte de España até Ribadavia e cruzar o Atlántico para rematar en San Francisco, California. O obxectivo consistirá en lograr o que semella un imposible, a recuperación da pluma de Walter Benjamin, que chegou ás terras do Ribeiro en tempos da Segunda Guerra Mundial. De camiño, mentres conducen o seu automóbil, falan, coa folganza que dá a amizade, do amor, da soidade, da arte, da política, do vivido e da busca incerta que emprenderon... E encontrarán luz e apoio na súa empresa nas xentes sinxelas que lles saen ao camiño: os que poñen cara, con astucia e bo ánimo ós envites do mundo”

b) GANDUXANDO VIDAS, obra colectiva sobre Xaquín de Roca, editada por Xermolos. a xeito de introito xaquín de roca, ganduxando vidas

Coñecín a Xaquín de Roca na ermida do Santo Alberte de Parga, que Manuel María versificou, Mero musicou e canta A Quenlla. Porque naquela paisaxe e ambiente de paz e natureza, Xermolos celebrou numerosos actos de honra a chairegos destacados e entrañables.

E alí vin e logo coñecín, e estimei e admirei, un home que se presentou como crego nado naquelas terras, que volvía a elas para participar naquelas homenaxes a xentes merecentes de recoñecemento.

Souben logo que era (o último?) un dos cregos especiais que os chairegos mandamos a Ferrol nos anos sesenta (Chao Rego, García Cendán, Anxo Currás... e Xaquín de Roca) para conquistar corazóns, e demostrar que a Igrexa bimilenaria podía “aggiornarse” para acomodarse a tempos e xentes, convertíndose en servidora dos máis humildes; dos máis necesitados.

Con Xaquín prograsei axeitadamente en coñecemento, especialmente a través dos luminosos, humanos, fondos, evanxélicos artigos cos que de cando en cando honra a Galicia Digital, para falar especialmente

do humano (co prisma do divino, claro)... do humano que sofre de pequeno ou de vello, preso ou en liberdade, acompañado ou en orfandade solitaria... Sempre o ser humano por riba de todo o demais. Sempre o home, por mellor achegarse (servir) a Deus.

Cando me falaron dun grupo de persoas –amigos– que querían render homenaxe a Xaquín polos seus primeiros oitenta anos, souben que tiña que aportar o que eu soubera, non só para recoñecer e agradecer o monumental labor realizado, senón tamén como expectativa, arelanza, esixencia polo que aínda imos recibir –quizás un pouco de egoísmo pola nosa parte sexa natural– deste home potentemente activo, combatente en todas as fronteas, armado coas forzas da razón e da fe, do que neste libro ofrecemos un caleidoscopio de visións; unha talla de moitas das súas innumerables facetas de diamantina claridade e firmeza, para decirlle ao mundo como vemos os seus amigos a Xaquín de Roca.

E este libro titúlase GANDUXANDO VIDAS, para reflectir o que Xaquín fai e fixo toda a súa vida.

No diccionario da RAG, o GANDUXO é a “costura de puntadas longas feitas nunha tea antes da costura definitiva”, pero para Xaquín resulta ser moito máis. Na súa especial visión da vida, no seu traballo interminable, na súa dedicación permanente non fai outra cousa que coser, tecer, peneirar, cribar, organizar, relacionar, conectar, sintonizar, harmonizar, irmandar, igualar, namorar, agradar, agardar, agrandar, concentrar, contentar, pacificar, tranquilizar, formar, informar, falar, amar, servir... todo iso, xunto, para el –e polo tanto para todos nós– é GANDUXAR. Por iso coidamos que é un (o) GANDUXADOR DE VIDAS.

Leva neste labor oitenta anos... Por moitos anos, Xaquín!. E a seguir, que hai moito que facer, e os ganduxadores sodes moi poucos. A seguir, amigo, que nos fas falla. E este libro –no que só colaboro en aglutinar tantos entusiasmos, tantos agradecementos, tanta fe nun home que vive para os demais– non é máis ca unha mínima constancia do que temos recibido (do que aínda esperamos / precisamos recibir) de ti. XULIO XIZ

c.- POEMA DE ISABEL PÉREZ


<<Canción que dedico ó Festival de Pardiñas>>

Levo Pardiñas no Pensamento
un recantiño que me inspirou
pintoche un cuadro como mereces
¡ e como pintora que són!

teu arume e as túas augas
poesía e arte musical.
Eres Pardiñas ti xa famosa
e cada ano ti medras máis.

¡Cántolle un pasodoble galego!
A Pardiñas e o seu Festival
saben de ti no “Estranxeiro”
e cada ano todos a voltar.

Cántolle un pasodoble galego
cántolle un pasodoble galego.
A Pardiñas e o seu Festival.



Unha semente de 40 anos en Guitiriz

A asociación Xermolos principiou o seu traballo social e cultural tras superar atrancos para a súa legalización



FOTO SUSO

XOSÉ MARÍA PALACIOS

GUITIRIZ / LA VOZ DE GALICIA 15/03/2017 05:00 H

Febreiro de 1977 foi un bo mes para a Asociación Cultural Xermolos. Acadou a legalización, que non resultou tan doada como hoxe se podería imaxinar. Na vila existía un Centro de Iniciativas Turísticas, e a administración coidaba que xa era abonda oferta social. O apoio de Celestino Fernández de la Vega, que é coñecido como ensaísta e como protagonista da vida cultural do Lugo de hai décadas pero que era funcionario de profesión, foi importante. Así o lembra Alfonso Blanco, que daquela foi decisivo para que xurdise Xermolos como hoxe o é para que siga a desenvolver actividade.

PRIMEIROS TRABALLOS

Actos nas parroquias. Blanco lembra que chegara a Guitiriz en 1976 co traballo coa mocidade como tarefa a desenvolver. A xuventude sempre tivo presenza nas actividades de Xermolos, aínda que o seu traballo se dirixiu a toda a sociedade dende o primeiro momento. As xestións da asociación valeron para que parroquias como Os Vilares, Buriz ou Mariz chegasen a ter Preescolar na casa. En colaboración con Auxilia Lugo fíxose un censo de persoas con discapacidade: conseguíronse cadeiras de rodas para algunhas persoas, e mesmo se montou un quiosco, que funcionou no Curro Vello.

REIVINDICACIÓNS

Protestas pola pouca potencia eléctrica. A escola de San Salvador de Parga acolleu reunións nas que se planteaban problemas da zona rural. Nun momento no que comezaba a modernización de explotacións gandeiras, había labregos que se queixaban do mal servizo eléctrico. Falouse cun notario, que avaliou a potencia eléctrica, o cal serviu para comprobar a base real das críticas lanzadas a Fenosa: «Fixéronnos caso; cambiouse o tendido con máis potencia», lembra Blanco.

OS LIBROS, PRESENTES

Unha biblioteca na Casa do Concello. O Concello, sendo alcalde Gonzalo Villares, cedulle a Xermolos un local na consistorio. O primeiro fondo bibliográfico formouse con libros achegados polos promotores da asociación: «Eran libros que queriamos compartir», afirma Blanco. A biblioteca cambiou de ubicación, aínda que hoxe, na Rúa do Concello, non está moi lonxe da primeira. Si cambiou o número de volumes, pois entre a biblioteca e a Casa das Palabras, inaugurada a pasada década, o fondo anda arredor dos 10.000 volumes, e aínda recibe achegas que o amplían: por exemplo, a familia de Bernardo García Cendán fixo, hai varias semanas, unha importante doazón de libros que pertenceron ao falecido profesor e sociólogo vilalbés.

MÚSICA

O festival, realidade en 1980. Xermolos axiña organizou, en Ortigueira, campamentos de verán, que permitiron contactar coa Escola de Gaitas desa vila e coñecer de preto o Festival do Mundo Celta, que daquela vivía as primeiras edicións. Xurdiu así o desexo de organizar un festival en Guitiriz, aínda que asemade apareceron tamén as voces que salientaban a dificultade de emprender esa iniciativa. Blanco lembra que el apostou por tentar organizalo. A primeira edición do Festival de Pardiñas celebrouse en agosto de 1980: Saraibas ou María Manuela foron algúns dos nomes do cartel, aínda que a mostra de artesanía e a de instrumentos tamén se converteron en partes xa imprescindibles do programa. O festival foi declarado pola Xunta festa de interese turístico no 2008.

CULTURA E FESTA

Os Reis e o antroido, na rúa. Guitiriz tivera cabalgata de Reis, pero perdérase; o antroido, aínda que pervivía en zonas rurais, non tiña na rúa as celebracións que acadaba nos locais de ocio. Tentouse que as festas se vivisen na rúa, de xeito que se recuperou a cabalgata e se organizou un desfile de antroido. Blanco comenta, con bo humor, que algúns nenos o coñecen como «o amigo dos Reis», en alusión aos actos do 5 de xaneiro.

NOVAS TECNOLOXÍAS

O audiovisual e as redes sociais, soportes necesarios. En semanas pasadas rodáronse dous *spots* para espallar a necesidade de acadar fondos para a restauración da casa natal do poeta Xosé María Díaz Castro, situada no barrio do Vilariño (Os Vilares) e hoxe propiedade de Xermolos, que tenta darlle un uso social e cultural, aberto a toda a comarca chairega, ao inmovible. O material estase a espallar polas redes sociais, canles imprescindibles para acadar protagonismo. «Cada xeración ten un xeito distinto e diferente», di Blanco sobre o emprego de novos soportes.

Xosé María Palacios (La Voz de Galicia)

Pardiñas no corazón, nas viaxes, no traballo, nas festas...



Diego en Galway (Irlanda), Kamy en Valle de Viñales en Pinar del Río (Cuba), Paco en Luar, Ibán na presentación do Castañazo Rock 2016, Sito no Monte Saint Michel en Normadía, Nua-da, grupo rock de Paradelá e Julián en Times Square de New York.



XXXVIII

Festival de Pardiñas

Año 2017

- GUITIRIZ -
Festa Interese Turístico Galego

Feira e Festa da Música e da Arte

Venres
4
Agosto

Ás 20:30 h.- **V CERTAME DE CANTOS DE TABERNA**
polos bares de Guitiriz en colaboración coa hostelería

Sábado

5

Agosto

Ás 17:00 h.- XXIV MOSTRA DE INSTRUMENTOS de MÚSICA TRADICIONAL

Ás 17:00 h.- PREGÓN DE **ANTÓN CORRAL**
XXXVIII MOSTRA DE ARTESANÍA



Ás 18:00 h.- CONCERTO DE **FERNANDO MEIRELES** (Portugal)

Ás 19:00 h.- XXXVIII CARREIRA POPULAR Pola noite: **FESTA** con

Ás 21:00 h.- **BLOQUINHO DE XERMOLOS** (Galiza)

Ás 22:15 h.- **OS MELIDAOS** (Galiza)

Ás 23:35 h.- **QUIQUE ESCAMILLA** (Chiapas - México)

Ás 00:10 h.- **KALAKAN & LUÍS PEIXOTO** (Euskadi-Portugal)

Ás 01:45 h.- **CÚIG** (Irlanda)

Ás 04:00 h.- **SKANDALO GZ** (Galiza)

Domingo

6

Agosto

Ás 11:30 h.- XXVIII MOSTRA DE INSTRUMENTOS de MÚSICA TRADICIONAL
XXXVIII MOSTRA DE ARTESANÍA

Ás 13:00 h.- Vermú no campo con **VINTENBAIO**

Ás 16:30 h.- **KOTE MALABAR**

Ás 18:30 h.- CONCERTO **OS VIQUEIRAS DE ORDES** na MOSTRA DE INSTRUMENTOS

Ás 19:00 h.- PREGÓN CON **FINA CASALDERREY**

Ás 20:30 h.- **ABÓBRIGA** (Galiza)

Ás 22:00 h.- **DAVIDE SALVADO E BANDA** (Galiza)

Ás 23:30 h.- **YVES LAMBERT TRIO** (Canadá)

Ás 01:45 h.- **SACHA NA HORTA** (Galiza)

Colabora:



CONCELLO DE GUITIRIZ



Asociación de Gaiteiros Galegos



Grupo TEIXIDO

GADIS

G. MONTES SAN XOAN DE LAGOSTELLE



DEPUTACIÓN DE LUGO



Cultura e Turismo

Organiza:

Xermolos

www.xermolos.org



Patrocina:



24 MOSTRA de
INSTRUMENTOS
de **MÚSICA**
TRADICIONAL

5-6 Agosto 2017

PARDIÑAS
GUITIRIZ



Colaboran:



Asociación de Gaiteiros Galegos



COMUNIDADE DE MONTES DE SAN XOÁN DE LAGOSTELLE



DEPUTACIÓN DE LUGO



Concello
de
Guitiriz